SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 4 de febreiro de 2021. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D. Antonio Deus Álvarez, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema e Dª Isabel Faraldo Calvo,** e, ao abeiro do establecido no artigo 46.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local –en diante LRBRL– (engadido pola disposición final segunda do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19), coa asistencia á sesión plenaria por videoconferencia dos edís **D.ª Eva Martínez Acón, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Alberto Lema Suárez e D.ª Claudia Delso Carreira,** reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de realizar sesión

SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA CUATRO DE FEBRERO DE DOS MIL VEINTIUNO

En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 4 de febrero de 2021. Bajo la presidencia de la ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles* ***D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D. Antonio Deus Álvarez, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema y Dª Isabel Faraldo Calvo,*** *y, al amparo de lo establecido en el artículo 46.3 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local –en adelante LRBRL– (añadido por la disposición final segunda del Real Decreto Ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19), con la asistencia a la sesión plenaria por videoconferencia de los ediles* ***D.ª Eva Martínez Acón, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Roberto García Fernández, D.ª María Teresa Gutiérrez Roselló, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Alberto Lema Suárez y D.ª Claudia Delso Carreira,*** *se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria*

ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Ás dez horas e sete minutos a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

I. PARTE RESOLUTIVA

Intervencións

Presidencia

Moi bo día a todos e a todas, benvidas á sesión ordinaria deste Pleno.

Saúdamos a todos os membros da Corporación municipal, tamén a aqueles compañeiros e compañeiras que se atopan en conexión telemática, moi bo día.

Bo día tamén ao persoal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, xornalistas acreditados e a todos aqueles que nos seguen a través do *streaming*.

19.- Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista

Presidencia

Asunto número 1.

Señor Secretario

Comunicacións da Alcaldía.

Presidencia

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

A las diez horas y siete minutos la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.

I. PARTE RESOLUTIVA

Intervenciones

Presidencia

Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidas a la sesión ordinaria de este Pleno.

Saludamos a todos los miembros de la Corporación municipal, también a aquellos compañeros y compañeras que se encuentran en conexión telemática, muy buenos días.

Buenos días también al personal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor interventor, periodistas acreditados y a todos aquellos que nos siguen en directo.

19.- Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista

Presidencia

Asunto número 1.

Señor Secretario

Comunicaciones de la Alcaldía.

Presidencia

Ben, iniciamos este Pleno ordinario cumprindo o acordo do pasado 14 de setembro de 2015, onde se aprobou por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero, co compromiso de iniciar cada Pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno.

Bien, iniciamos este Pleno ordinario cumpliendo el acuerdo del pasado 14 de septiembre de 2015, donde se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género, con el compromiso de iniciar cada Pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno.

Segundo as cifras oficiais, comunícase que neste pleno deberá agardarse un minuto de silencio pola vítima que a continuación se relaciona, informándose igualmente que no total do ano 2021 ata a data deste Pleno as cifras oficiais de asasinatos machistas, mulleres, fillos, fillas, é de unha no ano 2021. Trátase de Laura Plaza de la Flor, asasinada o 17 de xaneiro de 2021, unha muller de 82 anos, en Madrid.

Según las cifras oficiales, se comunica que en este pleno deberá esperarse un minuto de silencio por la víctima que a continuación se relaciona, informándose igualmente que en el total del año 2021 hasta la fecha de este Pleno las cifras oficiales de asesinatos machistas, mujeres, hijos, hijas, es de una en el año 2021. Se trata de Laura Plaza de la Flor, asesinada el 17 de enero de 2021, una mujer de 82 años, en Madrid.

Solicito a todos os presentes que nos poñamos en pé para gardar 1 minuto de silencio.

Solicito a todos los presentes que nos pongamos en pie para guardar 1 minuto de silencio.

(Gárdase 1 minuto de silencio).

(Se guarda 1 minuto de silencio).

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Señor Secretario

Señor Secretario

Actas. Aprobación dos borradores das actas das sesións plenarias seguintes, celebradas no 2020: ordinaria do 3 de decembro, extraordinaria do 10 de decembro.

Actas. Aprobación de los borradores de las actas de las sesiones plenarias siguientes, celebradas en el 2020: ordinaria de 3 de diciembre, extraordinaria de 10 de diciembre.

Presidencia

Presidencia

Ben, dispoñen todos das actas e non habendo alegacións ás mesmas quedan aprobadas.

Bien, disponen todos de las actas y no habiendo alegaciones a las mismas quedan aprobadas.

SECRETARÍA XERAL

SECRETARÍA GENERAL

20.- Toma de posesión do cargo de concelleiro de don Juan Carlos Varela Vázquez.

20.- Toma de posesión del cargo de concejal de don Juan Carlos Varela Vázquez.

Presidencia

Asunto número 2, Secretaría Xeral.

Señor Secretario

Toma de posesión do cargo de concelleiro de don Juan Carlos Varela Vázquez.

Prego que se acerque por favor á mesa para prestar xuramento ou promesa do cargo.

(Don Juan Carlos Varela Vázquez achégase ao centro do Salón de Plenos e ante a alcaldesa, Dona Inés Rey García, promete acatamento á Constitución).

Señor Varela Vázquez

Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigacións do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Grazas.

Presidencia

Benvido, señor Varela, no meu nome e no de toda a Corporación. Coma presidenta doulle á benvida a este Pleno. Deséxolle moita sorte e acertos. Que teña unha boa travesía nesta andadura que inicia hoxe. Benvido á súa casa.

Non sei se algún grupo quere presentar emenda in voce a este punto. Creo que non consta, debe ser o único punto da orde do día que non ten emendas, así que aproveiten o seu turno para darlle a benvida a don Juan Carlos Varela.

Presidencia

Asunto número 2, Secretaría General.

Señor Secretario

Toma de posesión del cargo de concejal de don Juan Carlos Varela Vázquez.

Ruego que se acerque por favor a la mesa para prestar juramento o promesa del cargo.

(Don Juan Carlos Varela Vázquez se acerca al centro del Salón de Plenos y ante la alcaldesa, Doña Inés Rey García, promete acatamiento a la Constitución).

Señor Varela Vázquez

Prometo, por mi conciencia y honor, cumplir fielmente las obligaciones del cargo de concejal con lealtad al Rey y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.

Gracias.

Presidencia

Bienvenido, señor Varela, en mi nombre y en el de toda la Corporación. Como presidenta le doy a la bienvenida a este Pleno. Le deseo mucha suerte y aciertos. Que tenga una buena travesía en esta andadura que inicia hoy. Bienvenido a su casa.

No sé si algún grupo quiere presentar enmienda in voce a este punto. Creo que no consta, debe ser el único punto del orden del día que no tiene enmiendas, así que aprovechen su turno para darle la bienvenida a don Juan Carlos Varela.

Pasamos xa ó asunto número 3.

ALCALDÍA

21.- Proposta de ordenanza para o uso da lingua galega no Concello da Coruña.

Asunto: Proposta de ordenanza para o uso da lingua galega no Concello da Coruña.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral celebrada o día 1 de febreiro de 2021, co voto a favor dos Grupos Municipais Socialista e do BNG e da Concelleira non adscrita, Dª Mónica Martínez Lema e as abstencións dos Grupo Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica, e da Concelleira Non Adscrita Dª Isabel Faraldo Calvo, propoñendo ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal para o uso da lingua galega no Concello da Coruña, efectuando a tramitación legalmente establecida, segundo a proposta que se adxunta.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldesa–Presidenta, tan amplamente como en dereito sexa posible, para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Señor Secretario

Asunto número 3. Proposta de ordenanza para o uso da lingua galega no Concello da Coruña.

Presidencia

Ben, neste punto si constan emendas.

Vamos a ver. Marea e PP, non? Marea e PP?

Pasamos ya al asunto número 3.

ALCALDÍA

21.- Propuesta de ordenanza para el uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña.

Asunto: *Propuesta de ordenanza para el uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña.*

Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda y Administración General, celebrada el día 1 de febrero de 2021, con el voto a favor de los Grupos Municipales Socialista y del BNG y de la Concejala no adscrita, Dª Mónica Martínez Lema y las abstenciones de los Grupo Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica, y de la Concejala no adscrita Dª Isabel Faraldo Calvo, proponiendo al Pleno Municipal la adopción de los siguientes acuerdos:

PRIMERO.- Aprobar inicialmente la Ordenanza municipal para el uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña, efectuando la tramitación legalmente establecida, según la propuesta que se adjunta.

SEGUNDO.- Facultar a la Alcaldesa–Presidenta, tan ampliamente como en derecho sea posible, para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo.

Señor Secretario

Asunto número 3. Propuesta de ordenanza para el uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña.

Presidencia

Bien, en este punto sí constan enmiendas.

Vamos a ver. Marea y PP, ¿no? ¿Marea y PP?

Señor Secretario

Si, hai dúas emendas neste punto de Marea Atlántica e do Grupo Popular.

Presidencia

Constan dúas emendas: unha do Grupo Municipal da Marea Atlántica e a outra do Grupo Municipal do Partido Popular.

Iniciará o turno de exposición o Goberno municipal e despois haberá unha quenda primeira de 5 minutos e unha segunda de réplica de 3 minutos por grupo.

Señor Lage, cando queira.

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todas e a todos.

Hoxe traemos ó Pleno da Corporación municipal a ordenanza de uso do galego no Concello da Coruña, froito do compromiso deste Goberno e froito dun compromiso, dun acordo de mandato co Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego. Un acordo de mandato para 4 anos que incluía, entre outras cousas, o impulso á ordenanza do uso do galego na Administración local no Concello da Coruña.

Quero recordar hoxe que o 2 de xullo deste ano cumprirase un aniversario moi especial. Ese mesmo día, pero 160 anos atrás, celebráronse nun teatro municipal, nun teatro municipal da cidade da Coruña —que entón era o Principal, que hoxe é o Teatro Rosalía— os *Xogos Florais de Galicia*. Aquela cita, organizada por Juana de Vega e Benito Viceto, supuxo un fito no

Señor Secretario

Sí, hay dos enmiendas en este punto de Marea Atlántica y del Grupo Popular.

Presidencia

Constan dos enmiendas: una del Grupo Municipal de la Marea Atlántica y la otra del Grupo Municipal del Partido Popular.

Iniciará el turno de exposición el Gobierno municipal y después habrá un turno primero de 5 minutos y una segunda de réplica de 3 minutos por grupo.

Señor Lage, cuando quiera.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.

Hoy traemos al Pleno de la Corporación municipal la ordenanza de uso del gallego en el Ayuntamiento de A Coruña, fruto del compromiso de este Gobierno y fruto de un compromiso, de un acuerdo de mandato con el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego. Un acuerdo de mandato para 4 años que incluía, entre otras cosas, el impulso a la ordenanza del uso del gallego en la Administración local en el Ayuntamiento de A Coruña.

Quiero recordar hoy que el 2 de julio de este año se cumplirá un aniversario muy especial. Ese mismo día, pero 160 años atrás, se celebraron en un teatro municipal, en un teatro municipal de la ciudad de A Coruña —que entonces era el Principal, que hoy es el Teatro Rosalía— los Juegos Florales de Galicia. *Aquella cita, organizada por Juana de Vega y Benito Viceto, supuso un hito en*

impulso ao Rexurdimento. As obras dos participantes serían publicadas ao ano seguinte no chamado *Álbum da Caridade*. Entre elas figuraban textos de Eduardo Pondal e de Rosalía de Castro. Dita obra foi esencial para entender o pulo que recibiu o Rexurdimento, que tivo nesta cidade o seu baluarte. Coido que a aprobación hoxe da ordenanza que traemos aquí será unha digna homenaxe a ese aniversario e tamén unha forma de saldar ou de comezar a saldar unha débeda co movemento que permitiu o revivir da nosa cultura e que nos configurou como o que somos: un pobo coa sorte de ter dúas linguas e dúas culturas distintas das que beber.

O 25 de xullo de 1988 entraba en vigor a Lei de Uso do Galego como Lingua Oficial das Entidades Locais. Facíao nun período, nunha etapa de Galicia, presidida por un Goberno socialista de coalición e onde se daba un impulso ás políticas de normalización. Dito texto establecía —e cito— que: é preciso impulsar a normalización lingüística da Administración local, dando un prazo de 2 anos ás entidades locais para adaptarse ao uso do galego como lingua oficial. Ben é certo que non foi a primeira lei aprobada nin é a primeira lei que estea vixente hoxe en día para promover e difundir a nosa lingua, e tamén, todo hai que dicilo, en todo este tempo púidose ter feito moito máis, pero en Galicia comezou coa etapa democrática a recuperarse unha parte do que se tiña que ter feito, coidando o principal patrimonio que temos na nosa cultura, que é a nosa lingua.

A Lei de Normalización Lingüística de 1983 —que por certo, quero recordar que foi aprobada por unanimidade do Parlamento de Galicia— recoñecía o galego, e cito de novo: lingua propia de Galicia, lingua oficial das institucións

*el impulso al Resurgimiento. Las obras de los participantes serían publicadas al año siguiente en el llamado "*Álbum de la Caridad"*. Entre ellas figuraban textos de Eduardo Pondal y de Rosalía de Castro. Dicha obra fue esencial para entender el impulso que recibió el Resurgimiento, que tuvo en esta ciudad su baluarte. Creo que la aprobación hoy de la ordenanza que traemos aquí será un digno homenaje a ese aniversario y también una forma de saldar o de comenzar a saldar una deuda con el movimiento que permitió el revivir de nuestra cultura y que nos configuró como lo que somos: un pueblo con la suerte de tener dos lenguas y dos culturas distintas de las que beber.*

El 25 de julio de 1988 entraba en vigor la Ley de Uso del Gallego como Lengua Oficial de las Entidades Locales. Lo hacía en un período, en una etapa de Galicia, presidida por un Gobierno socialista de coalición y donde se daba un impulso a las políticas de normalización. Dicho texto establecía —y cito— que: es preciso impulsar la normalización lingüística de la Administración local, dando un plazo de 2 años a las entidades locales para adaptarse al uso del gallego como lengua oficial. Bien es cierto que no fue la primera ley aprobada ni es la primera ley que esté vigente hoy en día para promover y difundir nuestra lengua, y también, todo hay que decirlo, en todo este tiempo se pudo haber hecho mucho más, pero en Galicia comenzó con la etapa democrática a recuperarse una parte de lo que se tenía que haber hecho, cuidando el principal patrimonio que tenemos en nuestra cultura, que es nuestra lengua.

La Ley de Normalización Lingüística de 1983 —que por cierto, quiero recordar que fue aprobada por unanimidad del Parlamento de Galicia— reconocía el gallego, y cito de nuevo: lengua propia de Galicia, lengua oficial de las

da Comunidade Autónoma, da súa Administración e das Administracións Locais. E quero aquí recordar o importante papel de figuras senlleiras que formaban parte daquela do Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, PSOE, como eran Ramón Piñeiro e Carlos Casares, baluartes que fixeron posible non só a Lei de normalización lingüística, senón o acordo ao que se chegou.

Tempo despois, moito tempo despois, en Galicia, baixo un goberno de outro signo político, como era o Goberno de Manuel Fraga, se aprobou o Plan Xeral de Normalización Lingüística, do que tiven a honra de formar parte da súa ponencia número 3, e que foi tamén acordada entre tódolos GRUPOS políticos na nosa Comunidade Autónoma.

Pero tamén quero recordar a Constitución de 1978, que rexe o noso sistema democrático, que establecía e establece con claridade o mesmo aspecto referente ás linguas que temos presentes no Estado. E fito de novo: a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección, ademais de establecer o galego como lingua cooficial.

A Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias, asinadas polo Goberno de España o 5 de novembro de 1992 baixo o Goberno socialista de Felipe González, e ratificada no ano 2001 co Goberno de José María Aznar, do Partido Popular, en vigor como norma dende o 1 de agosto de 2001, deixaba tamén claro, e fito de novo: a necesidade dunha acción resolta de fomento das linguas rexionais e minoritarias co fin de salvagardalas.

instituciones de la Comunidad Autónoma, de su Administración y de las Administraciones Locales. Y quiero aquí recordar el importante papel de figuras singulares que formaban parte en aquel entonces del Grupo parlamentario de los Socialistas de Galicia, PSOE, como eran Ramón Piñeiro y Carlos Casares, baluartes que hicieron posible no solo la Ley de normalización lingüística, sino el acuerdo al que se llegó.

Tiempo después, mucho tiempo después, en Galicia, bajo un gobierno de otro signo político, como era el Gobierno de Manuel Fraga, se aprobó el Plan General de Normalización Lingüística, del que tuve el honor de formar parte de su ponencia número 3, y que fue también acordada entre todos los Grupos políticos en nuestra Comunidad Autónoma.

Pero también quiero recordar la Constitución de 1978, que rige nuestro sistema democrático, que establecía y establece con claridad el mismo aspecto referente a las lenguas que tenemos presentes en el Estado. Y cito de nuevo: la riqueza de las distintas modalidades lingüísticas de España es un patrimonio cultural que será objeto de especial respeto y protección, además de establecer el gallego como lengua cooficial.

La Carta Europea de las Lenguas Regionales y Minoritarias, firmadas por el Gobierno de España el 5 de noviembre de 1992 bajo el Gobierno socialista de Felipe González, y ratificada en el año 2001 con el Gobierno de José María Aznar, del Partido Popular, en vigor como norma desde el 1 de agosto de 2001, dejaba también claro, y cito de nuevo: la necesidad de una acción resuelta de fomento de las lenguas regionales y minoritarias con el fin de

salvaguardarlas.

Podería seguir citando leis de aplicación e acordos asinados polo Estado ou dentro do marco da Comunidade Autónoma polas diferentes forzas políticas co apoio de diferentes movementos sociais, pero o que quero poñer de manifesto é que hai poucas dúbidas, en termos legais, do camiño que hoxe emprendemos para facer posible a aprobación inicial dunha ordenanza de uso do galego na nosa Administración local.

Podría seguir citando leyes de aplicación y acuerdos firmados por el Estado o dentro del marco de la Comunidad Autónoma por las diferentes fuerzas políticas con el apoyo de diferentes movimientos sociales, pero lo que quiero poner de manifiesto es que hay pocas dudas, en términos legales, del camino que hoy emprendemos para hacer posible la aprobación inicial de una ordenanza de uso del gallego en nuestra Administración local.

A Lei de Uso do Galego como Lingua Oficial das Entidades Locais é de obrigado cumprimento —como todas as leis— e supuxo que boa parte dos 313 concellos galegos aprobaran ordenanzas para regular o uso da lingua propia. O Concello de Vigo aprobou a súa ordenanza en 1988; o de Santiago conta coa mesma ordenanza tamén dende o ano 88; o de Ferrol dispón da súa ordenanza dende o ano 97; o de Ourense, dende 1998; o de Pontevedra, dende o ano 2004; e o de Lugo, dende o ano 2012, por citar só as cidades galegas, os concellos de máis poboación da nosa comunidade. Recentemente, a Deputación Provincial da Coruña tamén aprobou a mesma norma —concretamente no ano 2017— cunha ordenanza aprobada por unanimidade e na que se inspira tamén a que hoxe presenta aquí o Goberno municipal que preside a nosa alcaldesa, Inés Rey, dando cumprimento, nin máis, nin menos, como dicía ao comezo, a un acordo e ó compromiso adquirido co BNG, pero tamén a un compromiso dos socialistas coa lingua, coa cultura e coa normalización do uso do galego na nosa Administración, coa normalidade.

La Ley de Uso del Gallego como Lengua Oficial de las Entidades Locales es de obligado cumplimiento —como todas las leyes— y supuso que buena parte de los 313 ayuntamientos gallegos aprobasen ordenanzas para regular el uso de la lengua propia. El Ayuntamiento de Vigo aprobó su ordenanza en 1988; el de Santiago cuenta con la misma ordenanza también desde el año 88; el de Ferrol dispone de su ordenanza desde el año 97; el de Ourense, desde 1998; el de Pontevedra, desde el año 2004; y el de Lugo, desde el año 2012, por citar solo las ciudades gallegas, los ayuntamientos de más población de nuestra comunidad. Recientemente, la Diputación Provincial de A Coruña también aprobó la misma norma —concretamente en el año 2017— con una ordenanza aprobada por unanimidad y en la que se inspira también la que hoy presenta aquí el Gobierno municipal que preside nuestra alcaldesa, Inés Rey, dando cumplimiento, ni más, ni menos, como decía al inicio, a un acuerdo y al compromiso adquirido con el BNG, pero también a un compromiso de los socialistas con la lengua, con la cultura y con la normalización del uso del gallego en nuestra Administración, con la normalidad.

A ordenanza do galego do Concello da Coruña non ven só a normalizar algo

La ordenanza del gallego del Ayuntamiento de A Coruña no viene solo

que tiña que ser normal, senón que ó que ven é a poñer fin a unha anomalía. Unha anomalía que debemos de reparar dando cumprimento á lexislación vixente con 31 anos de retraso. Tarde, pero chegamos para impulsar o uso da nosa lingua en tódolos ámbitos e para facer por fin que a cooficialidade pase de ser una intención a se converter nunha realidade. A atención ao público, a documentación dos órganos de goberno, os actos administrativos, a contratación, os prestatarios de servicios, todos eses ámbitos quedan regulados por unha ordenanza que non ten outro fin que servir por fin para aquilo que está plasmado no noso Estatuto de Autonomía: facer algo que é lóxico, que é coherente e que ademais forma parte da vida diaria, da vida diaria das Administracións públicas en Galicia, á que este Concello se poderá incorporar con normalidade.

a normalizar algo que tenía que ser normal, sino que a lo que viene es a poner fin a una anomalía. Una anomalía que debemos de reparar dando cumplimiento a la legislación vigente con 31 años de retraso. Tarde, pero llegamos para impulsar el uso de nuestra lengua en todos los ámbitos y para hacer por fin que la cooficialidad pase de ser una intención a convertirse en una realidad. La atención al público, la documentación de los órganos de gobierno, los actos administrativos, la contratación, los prestatarios de servicios, todos esos ámbitos quedan regulados por una ordenanza que no tiene otro fin que servir por fin para aquello que está plasmado en nuestro Estatuto de Autonomía: hacer algo que es lógico, que es coherente y que además forma parte de la vida diaria, de la vida diaria de las administraciones públicas en Galicia, a la que este Ayuntamiento se podrá incorporar con normalidad.

Quero rematar esta primeira exposición manifestando que temos unha visión do uso das linguas incluínte. As linguas non son para confrontar, non son para facer arma arroxadiza de nada. A lingua é un patrimonio, seguramente o maior patrimonio que temos as galegas e os galegos e, polo tanto, as coruñesas e os coruñeses. A lingua é unha ferramenta fundamental para o entendemento, para o diálogo, para a comunicación. É o elemento nuclear da cultura galega, da nosa cultura, e polo tanto debe de formar parte do uso normalizado dentro da Administración local. Non sen antes advertir de que calquera discurso, por moi fóra que estea —agardo deste Salón de Plenos municipal que veña alentado para intentar introducir disensos en torno á lingua— é repelido pola realidade do día á día.

Quiero finalizar esta primera exposición manifestando que tenemos una visión del uso de las lenguas te incluyente. Las lenguas no son para enfrentar, no son para hacer arma arrojadiza de nada. La lengua es un patrimonio, seguramente el mayor patrimonio que tenemos las gallegas y los gallegos y, por lo tanto, las coruñesas y los coruñeses. La lengua es una herramienta fundamental para el entendimiento, para el diálogo, para la comunicación. Es el elemento nuclear de la cultura gallega, de nuestra cultura, y por lo tanto debe de formar parte del uso normalizado dentro de la Administración local. No sin antes advertir de que cualquier discurso, por muy fuera que esté —espero de este Salón de Plenos municipal que venga alentado para intentar introducir disensos en torno a la lengua— es repelido por la realidad del día a día.

No noso país non hai un problema no entendemento entre as linguas, non hai un problema de sectarismo polo que fale cada quen. Diría máis, cada quen que fale no que lle pete. A liberdade individual está sempre e debe de estar sempre garantida. Pero tamén preveño contra aqueles que crean que o propio, o noso —como dicía algunha xente allea á nosa cultura, que se podía impoñer—, só quero advertir que o que é propio, non se impón. O que é propio, é de seu e polo tanto o que hai é que ser capaces de entender que as linguas son para entenderse, non son para a confrontación, e cantas máis linguas se utilicen e cantas máis ferramentas lingüísticas se teñan, máis posibilidades teremos de medrar en tódolos sentidos.

En nuestro país no hay un problema en el entendimiento entre las lenguas, no hay un problema de sectarismo por lo que hable cada quien. Diría más, cada quien que hable en lo que le apetezca. La libertad individual está siempre y debe de estar siempre garantizada. Pero también prevengo contra aquellos que crean que lo propio, lo nuestro —como decía alguna gente ajena a nuestra cultura, que se podía imponer—, solo quiero advertir que lo que es propio, no se impone. Lo que es propio, es de por sí y por lo tanto lo que hay es que ser capaces de entender que las lenguas son para entenderse, no son para la confrontación, y cuantas más lenguas se utilicen y cuantas más herramientas lingüísticas se tengan, más posibilidades tendremos de crecer en todos los sentidos.

Desde logo, hoxe estamos orgullosos de dar este paso e agardamos a responsabilidade de tódolos Grupos Políticos, sabendo que unha proposta inicial de ordenanza pode ser mellorada e é mellorable, sempre o é, non consideramos que esteamos en posesión da verdade absoluta, todo é mellorable, sempre —non creen que sexa mellorable aqueles que se consideren en posesión única e exclusiva da verdade—. Nós entendemos que o paso que se da permitirá, ao longo do proceso que se abre, coas alegacións correspondentes, a mellora dos textos. Pero tamén sabemos e recordamos os posicionamentos de todas e de todos. Creemos que hai que mirar cara adiante e sobre todo non perder de vista que hoxe estamos aquí para dar cumprimento e para normalizar algo que se tiña que ter feito xa fai moito tempo.

Desde luego, hoy estamos orgullosos de dar este paso y esperamos la responsabilidad de todos los Grupos Políticos, sabiendo que una propuesta inicial de ordenanza puede ser mejorada y es mejorable, siempre lo es, no consideramos que estemos en posesión de la verdad absoluta, todo es mejorable, siempre —no creen que sea mejorable aquellos que se consideren en posesión única y exclusiva de la verdad—. Nosotros entendemos que el paso que se da permitirá, a lo largo del proceso que se abre, con las alegaciones correspondientes, la mejora de los textos. Pero también sabemos y recordamos los posicionamientos de todas y de todos. Creemos que hay que mirar hacia delante y sobre todo no perder de vista que hoy estamos aquí para dar cumplimiento y para normalizar algo que se tenía que haber hecho ya hace mucho tiempo.

Pedimos o apoio de todos os Grupos e de todos os membros da Corporación para esta ordenanza, e que ninguén faga uso deste debate para utilizar a lingua como elemento de confrontación ou

Pedimos el apoyo de todos los Grupos y de todos los miembros de la Corporación para esta ordenanza, y que nadie haga uso de este debate para utilizar la lengua como elemento de confrontación o

elemento de defensa dunha ideoloxía concreta. A lingua galega é unha lingua de todos e de todas.

Nada máis e moitas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Comeza o turno de debate a señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Bo día, señora alcaldesa. Bo día, concelleiros e concelleiras, traballadores e traballadoras do Concello, prensa autorizada, veciñanza que nos segue por *streaming* e un saúdo cordial para o novo concelleiro. Sei, porque aterrei fai pouco, que se agradece moito as mínimas normas de cortesía, benvido.

Bueno, sinala a Constitución española que ademais do castelán, as demais linguas son oficiais nas súas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos. E declara o Estatuto de Autonomía, como ben se dixo aquí, que o idioma galego e castelán son oficiais de Galicia e todas as persoas teñen o dereito de coñecelos e usalos. Dous anos despois, a Lei de Normalización Lingüística de Galicia, no 1983, da un paso máis adiante sinalando no seu artigo 1 que o galego é a lingua propia de Galicia e que todos os galegos e galegas teñen o deber de coñecela e o dereito de usala, con carácter xeral, tal e como introduciu despois o Decreto 66 do 97, desenvolvendo ademais a continuación unha serie de artigos para a protección e defensa da lingua, sobre todo desde as Administracións públicas.

elemento de defensa de una ideología concreta. La lengua gallega es una lengua de todos y de todas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Comienza el turno de debate la señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Buenos días, señora alcaldesa. Buenos días, concejales y concejalas, trabajadores y trabajadoras del Ayuntamiento, prensa autorizada, vecindario que nos sigue en directo y un saludo cordial para el nuevo concejal. Sé, porque aterricé hace poco, que se agradece mucho las mínimas normas de cortesía, bienvenido.

Bueno, señala la Constitución española que además del castellano, las demás lenguas son oficiales en sus comunidades autónomas de acuerdo con sus estatutos. Y declara el Estatuto de Autonomía, como bien se dijo aquí, que el idioma gallego y castellano son oficiales de Galicia y todas las personas tienen el derecho de conocerlos y usarlos. Dos años después, la Ley de Normalización Lingüística de Galicia, en el 1983, da un paso más adelante señalando en su artículo 1 que el gallego es la lengua propia de Galicia y que todos los gallegos y gallegas tienen el deber de conocerla y el derecho de usarla, con carácter general, tal y como introdujo después el Decreto 66 del 97, desarrollando además a continuación una serie de artículos para la protección y defensa de la lengua, sobre todo desde las administraciones públicas.

As sentencias que existen neste sentido redundan todas en considerar que a normalización non debe pasar pola eliminación nin postergación de ningún dos idiomas oficiais, senón por un modelo de conxunción lingüística ou bilingüismo integral. Normalización que, segundo o artigo 5 do Estatuto de Autonomía, sinálase como obxectivo en canto ó fomento e a potenciación da utilización de o galego en todos os ámbitos da vida pública.

Las sentencias que existen en este sentido redundan todas en considerar que la normalización no debe pasar por la eliminación ni postergación de ninguno de los idiomas oficiales, sino por un modelo de conjunción lingüística o bilingüismo integral. Normalización que, según el artículo 5 del Estatuto de Autonomía, se señala cómo objetivo en cuanto al fomento y la potenciación de la utilización del gallego en todos los ámbitos de la vida pública.

Se ben é certo que o proceso para o establecemento da ordenanza do uso da lingua galega no Concello da Coruña adoece, como se recolle no informe do secretario municipal, dunha carencia a ter en conta, no expediente non consta realización da consulta previa ó inicio do procedemento de aprobación da ordenanza que esixe o artigo 133 da Lei de Procedemento Administrativo, onde se di: *con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteproxecto de lei ou dun regulamento se substanciará unha consulta pública a través do portal web da Administración competente, na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma*. Parece poder desprenderse, despréndese deste xeito, unha certa premura e urxencia non debidamente xustificada para a elevación e aprobación da ordenanza. Pero o propio artigo da Lei de Procedemento Administrativo tamén establece que: *cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigacións relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada nese apartado primeiro.*

Si bien es cierto que el proceso para el establecimiento de la ordenanza del uso de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña adolece, como se recoge en el informe del secretario municipal, de una carencia a tener en cuenta, en el expediente no consta realización de la consulta previa al inicio del procedimiento de aprobación de la ordenanza que exige el artículo 133 de la Ley de Procedimiento Administrativo, donde se dice: con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de un reglamento se sustanciará una consulta pública a través del portal web de la Administración competente, en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectadas por la futura norma. *Parece poder desprenderse, se desprende de este modo, una cierta premura y urgencia no debidamente justificada para la elevación y aprobación de la ordenanza. Pero el propio artículo de la Ley de Procedimiento Administrativo también establece que:* cuando la propuesta normativa no tenga impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en ese apartado primero.

Non podemos, por tanto, deixar de manifestar que houbera sido desexable, que é desexable, a pertinente

No podemos, por tanto, dejar de manifestar que hubiera sido deseable, que es deseable, la pertinente explicación

explicación que motivase unha urxencia actual que non existiu ao longo deste tempo, pero isto non imos a usalo de muro de contención nin de freo ante o que estamos a tratar.

que motivara una urgencia actual que no existió a lo largo de este tiempo, pero esto no vamos a usarlo de muro de contención ni de freno ante lo que estamos tratando.

Dicir que o galego é o idioma oficial do Concello da Coruña —como recolle o artigo 1 do capítulo 1 da ordenanza— é unha obviedade e polo tanto innecesaria en cuanto está recollido e garantido nas normas e leis referidas. Potenciar que o sexa ten que ser o verdadeiro espírito desta ordenanza. Por iso, tanto como a ordenanza, que tamén, precísase unha ferramenta dinamizadora. Temos por exemplo, se acaba de falar aquí o exemplo da Deputación da Coruña, onde tras a aprobación da ordenanza neste senso en maio do 2017, recibíanse a finais de ano varias queixas ante os reiterados incumprimentos da mesma.

Decir que el gallego es el idioma oficial del Ayuntamiento de A Coruña —como recoge el artículo 1 del capítulo 1 de la ordenanza— es una obviedad y por lo tanto innecesaria en cuanto está recogido y garantizado en las normas y leyes referidas. Potenciar que lo sea tiene que ser el verdadero espíritu de esta ordenanza. Por eso, tanto como la ordenanza, que también, se precisa una herramienta dinamizadora. Tenemos por ejemplo, se acaba de hablar aquí el ejemplo de la Diputación de A Coruña, donde tras la aprobación de la ordenanza en este sentido en mayo del 2017, se recibían a finales de año varias quejas ante los reiterados incumplimientos de la misma.

Uns piden un consello local nas súas emendas, outros xa anuncian a creación dun consello económico e social. Sexa cal sexa a fórmula, o desexable en todo caso parécenos que, en cuestións tan básicas como estas, todas sumemos a fin de propiciar o mellor escenario para potenciar a nosa lingua tal e como estamos obrigadas. Creo que o máis importante de hoxe era precisamente evidenciar e acabar cun despropósito: A Coruña é a única das grandes cidades de Galicia que non contaba con esta ordenanza.

Unos piden un consejo local en sus enmiendas, otros ya anuncian la creación de un consejo económico y social. Sea cual sea la fórmula, lo deseable en todo caso nos parece que, en cuestiones tan básicas como estas, todas sumemos a fin de propiciar el mejor escenario para potenciar nuestra lengua tal y como estamos obligadas. Creo que lo más importante de hoy era precisamente evidenciar y acabar con un despropósito: A Coruña es la única de las grandes ciudades de Galicia que no contaba con esta ordenanza.

Moitas gracias.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas gracias, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Si, en primeiro lugar gustaríame saudar ós compañeiros e compañeiras da Corporación, ao persoal de prensa que vai dar conta desta sesión, ao funcionariado que nos acompaña e tamén ás persoas que nos seguen por *streaming*.

Hoxe é un día verdadeiramente emocionante. Hoxe corriximos un déficit histórico do Concello da Coruña co galego. Un déficit institucional dos últimos 40 anos, mais non social, xa que a sociedade coruñesa quere o galego, fala o galego e a historia da nosa cidade está ben ligada a fitos importantísimos da nosa lingua, tal e como se expón no limiar da ordenanza. Así pois, cremos que debemos facer un recoñecemento ós moitos millares de coruñeses e coruñesas que manteñen e mantiveron o noso idioma vivo, empregándoo na súa vida cotiá. Mais tamén compre recoñecer a todas aquelas persoas que deron a cara polo galego, a comezar polo primeiro alcalde da cidade logo da Ditadura, Domingos Merino, un alcalde que volveu traer o noso idioma a este Salón de Plenos. Pero temos que falar tamén de Fran Rei García, de Xosé Manuel Carril Vázquez e de María do Pilar García Negro, que foron xulgados por defender o topónimo legal neste Salón de Plenos. Pero tamén creo que é de xustiza lembrar que o papel do Bloque Nacionalista Galego durante o Goberno bipartito, con Ermitas Valencia Romar á fronte da Concellaría de Normalización Lingüística, foi un paso de xigante no impulso destas políticas na cidade da Coruña. Para comezar, a existencia propia de persoal técnico de normalización lingüística, as actividades nos barrios destinadas ás nenas e ós nenos con ese "O galego medra contigo", os torneos de debate

Señora Veira González

Sí, en primer lugar me gustaría saludar a los compañeros y compañeras de la Corporación, al personal de prensa que va a dar cuenta de esta sesión, al funcionariado que nos acompaña y también a las personas que nos siguen en directo.

Hoy es un día verdaderamente emocionante. Hoy corregimos un déficit histórico del Ayuntamiento de A Coruña con el gallego. Un déficit institucional de los últimos 40 años, pero no social, ya que la sociedad coruñesa quiere el gallego, habla el gallego y la historia de nuestra ciudad está bien ligada a hitos importantísimos de nuestra lengua, tal y como se expone en preámbulo de la ordenanza. Así pues, creemos que debemos hacer un reconocimiento a los muchos millares de coruñeses y coruñesas que mantienen y mantuvieron nuestro idioma vivo, empleándolo en su vida cotidiana. Pero también es necesario reconocer a todas aquellas personas que dieron la cara por el gallego, comenzando por el primer alcalde de la ciudad después de la Dictadura, Domingos Merino, un alcalde que volvió a traer nuestro idioma a este Salón de Plenos. Pero tenemos que hablar también de Fran Rei García, de Xosé Manuel Carril Vázquez y de María del Pilar García Negro, que fueron juzgados por defender el topónimo legal en este Salón de Plenos. Pero también creo que es de justicia recordar que el papel del Bloque Nacionalista Galego durante el Gobierno bipartito, con Ermitas Valencia Romar al frente de la Concejalía de Normalización Lingüística, fue un paso de gigante en el impulso de estas políticas en la ciudad de A Coruña. Para comenzar, la existencia propia de personal técnico de normalización lingüística, las actividades en los barrios destinadas a las niñas y a los niños con

nos institutos, o asesoramento lingüístico ó conxunto da Administración local que nunca antes se fixera, a formación do persoal municipal, a organización de cursos CELGA na cidade e todo un inxente traballo de 4 anos con moi pouco orzamento que deu moito de si. E entre todo ese traballo, houbo un intento de sacar adiante unha ordenanza da lingua galega, que logo de un percurso interno importante, finalmente non viu a luz. Eses pasos de xigante entre 2007 e 2011 só foron posíbeis gracias ao traballo de Ermitas Valencia Romar, do seu asesor, Antón Laxe, e a quen daquela era a única técnica de normalización lingüística no Concello da Coruña, Nuria Seoane, e máis a todo o persoal que foi formando parte do Servizo a través de bolsas e de contratos temporais.

ese "El gallego crece contigo", los torneos de debate en los institutos, el asesoramiento lingüístico al conjunto de la Administración local que nunca antes se había hecho, la formación del personal municipal, la organización de cursos CELGA en la ciudad y todo un ingente trabajo de 4 años con muy poco presupuesto que dio mucho de sí. Y entre todo ese trabajo, hubo un intento de sacar adelante una ordenanza de la lengua gallega, que después de un recorrido interno importante, finalmente no vio la luz. Esos pasos de gigante entre 2007 y 2011 solo fueron posibles gracias al trabajo de Ermitas Valencia Romar, de su asesor, Antón Laxe, y a quien entonces era la única técnica de normalización lingüística en el Ayuntamiento de A Coruña, Nuria Seoane, y también a todo el personal que fue formando parte del Servicio a través de becas y de contratos temporales.

Xa sei que o que vou facer a continuación é pouco frecuente, pero creo que tamén é de xustiza recoñecer que en 2015 comezou a gobernar na nosa cidade unha formación política, que foi a da Marea Atlántica, no que todos os membros do seu Goberno falaron galego neste Salón de Plenos con total normalidade, e así tamén o fixeron sempre durante o seu labor de goberno. Durante o seu mandato, o Concello da Coruña xuntouse ó programa Apego, para a promoción do galego na infancia, adheriuse a Rede de Concellos pola Normalización Lingüística e tamén me consta que tentou sacar adiante unha ordenanza para o impulso social e normalización lingüística da lingua galega no Concello da Coruña. O propio Xulio Ferreiro, en maio de 2018, fíxome chegar unha proposta de ordenanza, elaborada polo Servizo de Normalización Lingüística, e malia que lle fixen chegar o noso visto e

Ya sé que lo que voy a hacer a continuación es poco frecuente, pero creo que también es de justicia reconocer que en 2015 comenzó a gobernar en nuestra ciudad una formación política, que fue la de la Marea Atlántica, en el que todos los miembros de su Gobierno hablaron gallego en este Salón de Plenos con total normalidad, y así también lo hicieron siempre durante su labor de gobierno. Durante su mandato, el Ayuntamiento de A Coruña se unió al programa Apego, para la promoción del gallego en la infancia, se adhirió la Red de Ayuntamientos por la Normalización Lingüística y también me consta que intentó sacar adelante una ordenanza para el impulso social y normalización lingüística de la lengua gallega en el Ayuntamiento de A Coruña. El propio Xulio Ferreiro, en mayo de 2018, me hizo llegar una propuesta de ordenanza, elaborada por el Servicio de Normalización Lingüística, y a pesar de

prace, non soubemos máis desa ordenanza nin se trouxo a Pleno. En todo caso, esa encarga de Xulio Ferreiro e ese traballo do Servizo non foi en balde. Todos os traballos de elaboración de propostas de ordenanzas, e mesmo os exemplos doutros concellos e tamén da propia Deputación Provincial —que aprobou por unanimidade o seu texto—, son o substrato desta ordenanza que temos hoxe a oportunidade de aprobar.

que le hice llegar nuestro visto bueno, no supimos más de esa ordenanza ni se trajo a Pleno. En todo caso, ese encargo de Xulio Ferreiro y ese trabajo del Servicio no fue en vano. Todos los trabajos de elaboración de propuestas de ordenanzas, e incluso los ejemplos de otros ayuntamientos y también de la propia Diputación Provincial —que aprobó por unanimidad su texto—, son el sustrato de esta ordenanza que tenemos hoy la oportunidad de aprobar.

Pero se estamos hoxe diante deste punto da orde do día é pola insistencia do Bloque Nacionalista Galego, a insistencia en que a aprobación da ordenanza do galego fose un dos puntos do acordo de investidura entre o Grupo Municipal Socialista e o BNG. E mesmo como non viamos avances, insistimos neste Salón de Plenos en máis de unha ocasión en que este asunto estaba pendente de cumprirse. E na última comisión de seguimento acordamos darlle o impulso político definitivo para que o Goberno a trouxese a Pleno.

Pero si estamos hoy ante este punto del orden del día es por la insistencia del Bloque Nacionalista Galego, la insistencia en que la aprobación de la ordenanza del gallego fuera uno de los puntos del acuerdo de investidura entre el Grupo Municipal Socialista y el BNG. Y como no veíamos avances, insistimos en este Salón de Plenos en más de una ocasión en que este asunto estaba pendiente de cumplirse. Y en la última comisión de seguimiento acordamos darle el impulso político definitivo para que el Gobierno la trajera a Pleno.

Hoxe cómprese, pois, unha parte do acordo de mandato, un acordo que asinamos para serlle útil á cidadanía da Coruña, para poñer cuestións concretas enriba da mesa. Un acordo cuxos puntos seguiremos insistindo en que se cumpran. Hoxe corriximos, pois, unha anomalía —como ben dixo o portavoz do Goberno municipal— dentro das cidades do país. A Coruña, tal e como dixen neste Salón de Plenos, vai deixar de ser a única de todas as cidades do país que non tiña ningún tipo de regulación municipal e específica para a lingua galega.

Hoy se cumple, pues, una parte del acuerdo de mandato, un acuerdo que firmamos para serle útil a la ciudadanía de A Coruña, para poner cuestiones concretas encima de la mesa. Un acuerdo cuyos puntos seguiremos insistiendo en que se cumplan. Hoy corregimos, pues, una anomalía —como bien dijo el portavoz del Gobierno municipal— dentro de las ciudades del país. A Coruña, tal y como dije en este Salón de Plenos, va a dejar de ser la única de todas las ciudades del país que no tenía ningún tipo de regulación municipal y específica para la lengua gallega.

Esta ordenanza é moi importante, porque regula o uso do galego no Concello. Porque o galego é a nosa máis importante obra colectiva, como son todas as linguas para os seus pobos.

Esta ordenanza es muy importante, porque regula el uso del gallego en el Ayuntamiento. Porque el gallego es nuestra más importante obra colectiva, como son todas las lenguas para sus

A lingua é unha das principais manifestacións, a máis senlleira da identidade **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención).** A lingua é unha das máis singulares e identificadoras creacións colectivas dos pobos, que os dota de identidade de seu. O galego dálle cohesión á unidade interna da nosa sociedade. A súa promoción e ensino é un elemento de integración social. Únenos co noso pasado e coas políticas debidas proxectarémolo cara ao futuro, e precisamente cara ao futuro é cara onde debemos mirar: cara á mocidade, cara ás nenas e nenos, aí é onde se presentan os datos máis preocupantes, e é e será o traballo que fagamos coa infancia e coa mocidade o que poderá reverter o proceso de substitución lingüística no que nos atopamos nestes momentos.

*pueblos. La lengua es una de las principales manifestaciones, la más singular de la identidad **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**. La lengua es una de las más singulares e identificadoras creaciones colectivas de los pueblos, que los dota de identidad de por sí. El gallego le da cohesión a la unidad interna de nuestra sociedad. Su promoción y enseñanza es un elemento de integración social. Nos une con nuestro pasado y con las políticas debidas lo proyectaremos hacia el futuro, y precisamente hacia el futuro es hacia donde debemos mirar: hacia la juventud, hacia las niñas y niños, ahí es donde se presentan los datos más preocupantes, y es y será el trabajo que hagamos con la infancia y con la juventud lo que podrá revertir el proceso de sustitución lingüística en el que nos encontramos en estos momentos.*

Mais para poder facer **(óense dúas sinais acústicas indicativas da finalización do tempo de intervención)** —remato xa, señora alcaldesa—, para poder facelo, a nosa lingua e as persoas que a falamos temos que poder gozar da plenitude de dereitos que se nos deberan garantir para desenvolver a nosa vida en galego. E as Administracións Públicas deben desenvolver as súas obrigas de protexer e promover o uso do galego. Precisamente, para cumprir con esa obriga, hoxe temos na orde de traballos deste Pleno a aprobación da ordenanza que regula o uso do galego do Concello, unha ordenanza moi semellante á da Deputación da Coruña, que membros desta Corporación xa apoiaron, xa apoiaron, e está avalada por máis de 15 normativas internacionais, europeas, do Estado español...

*Pero para poder hacer **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** —acabo ya, señora alcaldesa—, para poder hacerlo, nuestra lengua y las personas que la hablamos tenemos que poder disfrutar de la plenitud de derechos que se nos debieran garantizar para desarrollar nuestra vida en gallego. Y las Administraciones Públicas deben desarrollar sus obligaciones de proteger y promover el uso del gallego. Precisamente, para cumplir con esa obligación, hoy tenemos en el orden de trabajos de este Pleno la aprobación de la ordenanza que regula el uso del gallego del Ayuntamiento, una ordenanza muy semejante a la de la Diputación de A Coruña, que miembros de esta Corporación ya apoyaron, ya apoyaron, y está avalada por más de 15 normativas internacionales, europeas, del Estado español...*

Presidencia

Ten que rematar, señora Veira.

Señora Veira González

Remato xa.

Que a avalan, como digo, xuridicamente.

Nada máis.

Presidencia

Moitas grazas.

Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Gracias, señora Rey.

Moi bo día a todos e a todas, membros da Corporación, persoal municipal, veciños e veciñas que nos seguen a través do *streaming*, e traballadores e traballadoras dos medios que nos seguen tamén a distancia.

Benvida, quero darlle a benvida en nome de todo o Grupo, nesta primeira intervención, ao señor Varela Vázquez, que se incorpora novo a esta Corporación.

E enviar tamén un saúdo afectuoso do noso Grupo ás persoas que están hoxe á porta deste Concello: traballadores e traballadoras da planta de Nostián, persoas afectadas pola atropelada futura ampliación do hospital da Coruña e ós afectados, afectadas tamén de Elviña.

E moitas grazas, señora Veira, por un xesto que, efectivamente, é infrecuente nesta Corporación. Grazas por ese recoñecemento á actitude e ó traballo do Goberno que encabezaba Xulio Ferreiro

Presidencia

Tiene que acabar, señora Veira.

Señora Veira González

Acabo ya.

Que la avalan, como digo, jurídicamente.

Nada más.

Presidencia

Muchas gracias.

Por la Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Gracias, señora Rey.

Muy buenos días a todos y a todas, miembros de la Corporación, personal municipal, vecinos y vecinas que nos siguen en directo, y trabajadores y trabajadoras de los medios que nos siguen también a distancia.

Bienvenida, quiero darle la bienvenida en nombre de todo el Grupo, en esta primera intervención, al señor Varela Vázquez, que se incorpora nuevo a esta Corporación.

Y enviar también un saludo afectuoso de nuestro Grupo a las personas que están hoy a la puerta de este Ayuntamiento: trabajadores y trabajadoras de la planta de Nostián, personas afectadas por la atropellada futura ampliación del hospital de A Coruña y a los afectados, afectadas también de Elviña.

Y muchas gracias, señora Veira, por un gesto que, efectivamente, es infrecuente en esta Corporación. Gracias por ese reconocimiento a la actitud y al trabajo del Gobierno que encabezaba Xulio

dende 2015 ate 2019.

Antes de entrar na ordenanza quero confesar que temos un problema: na Marea Atlántica, humildemente, temos a cabeza e os cinco sentidos en 2021, e temos a sensación de que vostedes, señores e señoras do Partido Socialista, non. Que a nós nos preocupa o paro de 2021, a desigualdade de 2021, a pandemia de 2021, e a vostedes, non. Falan ás veces como se estivésemos en 2018 e non acontecese o que aconteceu. Gobernan por decisión propia cuns orzamentos que fixemos en 2019. Aínda están executando o PRESCO de 2020. E hai días nos que ese desaxuste temporal se dispara e a alcaldesa se levanta en 2040, derrubando os mamotretos que o seu propio partido puxo diante do borde litoral.

Como nos imos entender se nin sequera vivimos no mesmo ano? Estamos en febreiro de 2021. Segundo Pleno. Nin orzamentos, nin convenios co terceiro sector, nin PRESCO. Non só aquí, é que tampouco temos ningún borrador. Febreiro de 2021. Nin orzamentos, nin convenios, nin PRESCO. Pero si traen unha ordenanza de uso —noutrora foi de impulso, hoxe é de uso do galego— que é a mesma, esencialmente, que non quixeron que se debatese nin sequera neste Pleno no pasado mandato. O 90 % do texto que hoxe debatemos e votamos, aproximadamente, é o mesmo e é o produto do magnífico traballo que fixeron no pasado mandato os traballadores e as traballadoras do Servizo de Normalización Lingüística desta casa, tomando como referencia, efectivamente, as ordenanzas en vigor —fose a da Deputación, fose a de outros concellos—. E o outro 10 % —quitado, como explicamos na nosa emenda, algunha pequena innovación que consideramos atinada— procede

Ferreiro desde 2015 hasta 2019.

Antes de entrar en la ordenanza quiero confesar que tenemos un problema: en la Marea Atlántica, humildemente, tenemos la cabeza y los cinco sentidos en 2021, y tenemos la sensación de que ustedes, señores y señoras del Partido Socialista, no. Que a nosotros nos preocupa el paro de 2021, la desigualdad de 2021, la pandemia de 2021, y a ustedes, no. Hablan a veces como si estuviéramos en 2018 y no ocurriera lo que ocurrió. Gobiernan por decisión propia con unos presupuestos que hicimos en 2019. Aún están ejecutando el PRESCO de 2020. Y hay días en los que ese desajuste temporal se dispara y la alcaldesa se levanta en 2040, derribando los mamotretos que su propio partido puso delante del borde litoral.

¿Cómo nos vamos a entender si ni siquiera vivimos en el mismo año? Estamos en febrero de 2021. Segundo Pleno. Ni presupuestos, ni convenios con el tercer sector, ni PRESCO. No solo aquí, es que tampoco tenemos ningún borrador. Febrero de 2021. Ni presupuestos, ni convenios, ni PRESCO. Pero sí traen una ordenanza de uso —en otro tiempo fue de impulso, hoy es de uso del gallego— que es la misma, esencialmente, que no quisieron que se debatiera ni siquiera en este Pleno en el pasado mandato. El 90 % del texto que hoy debatimos y votamos, aproximadamente, es el mismo y es el producto del magnífico trabajo que hicieron en el pasado mandato los trabajadores y las trabajadoras del Servicio de Normalización Lingüística de esta casa, tomando como referencia, efectivamente, las ordenanzas en vigor —fuera la de la Diputación, fuera la de otros ayuntamientos—. Y el otro 10 % —quitado, como explicamos en nuestra enmienda, alguna pequeña innovación

basicamente doutra ordenanza ou está inspirado por outra ordenanza que se impulsou a finais do pasado mandato, que é a de Igualdade

que consideramos acertada— procede básicamente de otra ordenanza o está inspirado por otra ordenanza que se impulsó la finales del pasado mandato, que es la de Igualdad

Non estou pedindo explicacións polo cambio de posición do Partido Socialista sobre a ordenanza, porque xa sei a resposta. Recordo, simplemente, para volver dicir unha vez máis que non somos todos iguais e que a pesar do que se fixo e do que agora se fai, nós queremos aprobar esta ordenanza. Non nolo poñen doado. Esta ordenanza non contou coa participación no seu contido —si no seu aval político, pero non no seu contido— de ningún Grupo. Aprobouse fora da orde do día nunha Xunta de Goberno, coma quen ten algo que ocultar. Ditaminouse na Comisión de Facenda. Por que? Porque non hai Comisión de Normalización, como non hai comisión en realidade de ningunha área na que teña atribucións directas e exclusivas a Alcaldía. Anomalía democrática na que levamos 20 meses. Ten erros materiais, algún deles anecdótico, herdado literalmente da proposta do borrador de ordenanza que tivemos no pasado mandato. Trae tres informes xurídicos contraditorios entre si. Un da Asesoría Xurídica, que ignoran. Outro da Secretaría Xeral, que tamén ignoran, e que non nos facilitaron ate 48 horas despois de convocada a Comisión de Facenda. E un terceiro, de urxencia —sumario, din os seus autores—, encargado a tres profesores da Universidade da Coruña. E por último, o máis grave —que supoño que terá o seu espazo en case todas as intervencións hoxe—, é que omiten un trámite esencial: a consulta previa que prescribe a Lei 39/2015, cuxa omisión afecta a un dereito básico de participación e introduce, ademais, un elemento importante de inseguridade xurídica nesta ordenanza. Pregúntenlle ós seus compañeiros como acabou a

No estoy pidiendo explicaciones por el cambio de posición del Partido Socialista sobre la ordenanza, porque ya sé la respuesta. Recuerdo, simplemente, para volver a decir una vez más que no somos todos iguales y que a pesar de lo que se hizo y de lo que ahora se hace, nosotros queremos aprobar esta ordenanza. No nos lo ponen fácil. Esta ordenanza no contó con la participación en su contenido —sí en su aval político, pero no en su contenido— de ningún Grupo. Se aprobó fuera del orden del día en una Junta de Gobierno, como quien tiene algo que ocultar. Se dictaminó en la Comisión de Hacienda ¿Por qué? Porque no hay Comisión de Normalización, como no hay comisión en realidad de ningún área en la que tenga atribuciones directas y exclusivas la Alcaldía. Anomalía democrática en la que llevamos 20 meses. Tiene errores materiales, alguno de ellos anecdótico, heredado literalmente de la propuesta del borrador de ordenanza que tuvimos en el pasado mandato. Trae tres informes jurídicos contradictorios entre sí. Uno de la Asesoría Jurídica, que ignoran. Otro de la Secretaría General, que también ignoran, y que no nos facilitaron hasta 48 horas después de convocada la Comisión de Hacienda. Y un tercero, de urgencia —sumario, dicen sus autores—, encargado a tres profesores de la Universidad de A Coruña. Y por último, el más grave —que supongo que tendrá su espacio en casi todas las intervenciones hoy—, es que omiten un trámite esencial: la consulta previa que prescribe la Ley 39/2015, cuya omisión afecta a un derecho básico de participación e introduce, además, un elemento importante de inseguridad jurídica en esta ordenanza. Pregúntenle

ordenanza de publicidade exterior de Eivissa por omitir o trámite de consulta previa.

a sus compañeros cómo acabó la ordenanza de publicidad exterior de Ibiza por omitir el trámite de consulta previa.

En resumo, opacidade, presas, pouco ou ningún diálogo, cero participación, inseguridade xurídica, erros, imprecisións e algún pequeno **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención),** algún pequeno desatino. Mal comezo para unha ordenanza. Fraco favor, ningún favor nin á ordenanza, nin á ordenanza, nin ao galego.

*En resumen, opacidad, prisas, poco o ningún diálogo, cero participación, inseguridad jurídica, errores, imprecisiones y algún pequeño **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**, algún pequeño desatino. Mal comienzo para una ordenanza. Flaco favor, ningún favor ni a la ordenanza, ni a la ordenanza, ni al gallego.*

Pero a pregunta é: por que actúan así? Que necesidade de traer esta ordenanza ao Pleno nestas condicións? Porque miren, vou facer tamén algo infrecuente, vou poñer a man no lume por todos os Grupos da Corporación. Creo que nesta Corporación, felizmente —a diferencia do que acontecía no pasado mandato—, se dan as condicións para sacar adiante esta ordenanza por unanimidade, e algo mellor, algo mellor do que está na proposta que hoxe debatemos. Con esas condicións, por que, por que chega como chega esta ordenanza ao Pleno?

Pero la pregunta es: ¿por qué actúan así? ¿Qué necesidad de traer esta ordenanza al Pleno en estas condiciones? Porque miren, voy a hacer también algo infrecuente, voy a poner la mano en el fuego por todos los Grupos de la Corporación. Creo que en esta Corporación, felizmente —a diferencia de lo que sucedía en el pasado mandato—, se dan las condiciones para sacar adelante esta ordenanza por unanimidad, y algo mejor, algo mejor de lo que está en la propuesta que hoy debatimos. Con esas condiciones, ¿por qué, por qué llega como llega esta ordenanza al Pleno?

Insisto, levan moito tempo nesta actitude, nunha especie de fuxida cara adiante, o ritmo o marcan os titulares, a necesidade de encher ocos cando hai momentos de ningunha iniciativa política. Alá vós, alá o Goberno. O problema é que nesa fuxida cara adiante e nese atropelo se van rompendo cousas **(óense dúas sinais acústicas indicativas da finalización do tempo de intervención)**, se van rompendo pontes. Pero é que se van rompendo tamén os asuntos que se tramitan deste maneira, non só pola vía da inseguridade xurídica, senón tamén pola

*Insisto, llevan mucho tiempo en esta actitud, en una especie de huida hacia adelante, el ritmo lo marcan los titulares, la necesidad de llenar huecos cuando hay momentos de ninguna iniciativa política. Allá vosotros, allá el Gobierno. El problema es que en esa huida hacia delante y en ese atropello se van rompiendo cosas **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)**, se van rompiendo puentes. Pero es que se van rompiendo también los asuntos que se tramitan de esta manera, no solo por la vía de la inseguridad jurídica, sino*

vía do debilitamento da súa lexitimidade política. E un día, como sigan nesta actitude, nesta fuxida cara adiante, van tropezar, pero van tropezar de verdade.

Insisto, non somos todos iguais. A pesar do dito, queremos aprobar esta ordenanza e ademais queremos mellorala e por iso presentamos unha emenda feita con ánimo construtivo que explicarei na segunda quenda.

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Polo Grupo Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Moi bo día a todos e a todas. Benvido, Juan Carlos.

Tal e como se puxo de manifesto na Comisión de Facenda, hai 32 anos que se aprobou a Lei do Uso do Galego como Lingua Oficial das Entidades Locais, cuxa entrada en vigor, o 31 de xullo de 1988, deu un prazo de 2 anos para adaptarse á lei. Despois de 32 anos aprobaron a ordenanza, que non foi sometida a consulta previa, exposición pública —tal e como di o Secretario do Pleno no seu informe—, que non foi negociada con todos os Grupos municipais —logo presumen de diálogo—, que se levou fora da orde do día na última Xunta de Goberno, con un texto pechado, e sobre todo que ten en conta, ou sexa, que non conta con informes, que son contrarios da Asesoría Xurídica municipal e do Secretario Xeral do Pleno, advertindo de clara inseguridade xurídica. Non pode ser aprobada a sabendas de que vai ter que ser modificada na fase de alegacións, porque a fase de alegacións non está para iso. Como dixeron na Comisión de Voceiros o BNG e o

también por la vía del debilitamiento de su legitimidad política. Y un día, como sigan en esta actitud, en esta huida hacia delante, van a tropezar, pero van a tropezar de verdad.

Insisto, no somos todos iguales. A pesar de lo dicho, queremos aprobar esta ordenanza y además queremos mejorarla y por eso presentamos una enmienda hecha con ánimo constructivo que explicaré en el segundo turno.

Presidencia

Muchas gracias, señor Martínez.

Por el Grupo Popular, señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Muy buen día a todos y a todas. Bienvenido, Juan Carlos.

Tal y como se puso de manifiesto en la Comisión de Hacienda, hace 32 años que se aprobó la Ley del Uso del Gallego como Lengua Oficial de las Entidades Locales, cuya entrada en vigor, el 31 de julio de 1988, dio un plazo de 2 años para adaptarse a la ley. Después de 32 años aprobaron la ordenanza, que no fue sometida a consulta previa, exposición pública —tal y como dice el Secretario del Pleno en su informe—, que no fue negociada con todos los Grupos municipales —luego presumen de diálogo—, que se llevó fuera del orden del día en la última Junta de Gobierno, con un texto cerrado, y sobre todo que tiene en cuenta, o sea, que no cuenta con informes, que son contrarios de la Asesoría Jurídica municipal y del Secretario General del Pleno, advirtiendo de clara inseguridad jurídica. No puede ser aprobada a sabiendas de que va a tener que ser modificada en la fase de alegaciones, porque la fase de alegaciones no está para eso. Como dijeron en la Comisión

PSOE, o que se pretende é emendar un erro histórico, pero pretenden facelo con outro erro histórico e a sabendas de que está mal.

de Portavoces el BNG y el PSOE, lo que se pretende es emendar un error histórico, pero pretenden hacerlo con otro error histórico y a sabiendas de que está mal.

Durante 32 anos gobernou o Partido Socialista neste Concello —24, 24 dos 32—, ben en solitario, ben co BNG no Bipartito, e agora lles entra a todos a presa. Por iso pedimos vía emenda que se retire o asunto da orde do día, que se devolva ao Goberno e se adapte o texto á legalidade vixente, tendo en conta os informes da Asesoría Xurídica e do Secretario Xeral do Pleno, que non poden obviarse.

Durante 32 años gobernó el Partido Socialista en este Ayuntamiento —24, 24 de los 32—, bien en solitario, bien con el BNG en el Bipartito, y ahora les entra a todos la prisa. Por eso pedimos vía enmienda que se retire el asunto del orden del día, que se devuelva al Gobierno y se adapte el texto a la legalidad vigente, teniendo en cuenta los informes de la Asesoría Jurídica y del Secretario General del Pleno, que no pueden obviarse.

Claro que o galego é unha riqueza, e en Galicia existe un bilingüismo cordial, non existe confrontación. Que quede claro que non estamos en contra da tramitación dunha ordenanza para o uso do galego, de feito votamos a favor na Deputación, claro que si, e logo explicareino, pero que se faga ben, e que non se salte a lei. Que non vulnere os dereitos dos cidadáns nin dos contratistas sinxelamente porque haxa un acordo co BNG que é o que consideran máis urxente —o hospital non, a ordenanza si—.

Claro que el gallego es una riqueza, y en Galicia existe un bilingüismo cordial, no existe confrontación. Que quede claro que no estamos en contra de la tramitación de una ordenanza para el uso del gallego, de hecho votamos a favor en la Diputación, claro que sí, y luego lo explicaré, pero que se haga bien, y que no se salte la ley. Que no vulnere los derechos de los ciudadanos ni de los contratistas sencillamente porque haya un acuerdo con el BNG que es lo que consideran más urgente —el hospital no, la ordenanza sí—.

O Goberno, que presume de dialogante, podería aprobar a ordenanza con consenso, pero prefire traela atropeladamente cun texto que incumpre a normativa e non falar co resto de Grupos. O trámite de alegacións, como xa dixen, non é para emendar defectos que existen desde o inicio e que se coñecen antes da súa aprobación inicial. Isto é saltarse o procedemento e retorcer a lei. Non poden dicir que votamos a favor na Deputación, eu votei a favor na Deputación nunha ordenanza similar,

El Gobierno, que presume de dialogante, podría aprobar la ordenanza con consenso, pero prefiere traerla atropelladamente con un texto que incumple la normativa y no hablar con el resto de Grupos. El trámite de alegaciones, como ya dije, no es para subsanar defectos que existen desde el inicio y que se conocen antes de su aprobación inicial. Esto es saltarse el procedimiento y retorcer la ley. No pueden decir que votamos a favor en la Diputación, yo voté a favor en la Diputación en una ordenanza similar, que

que non é igual, porque existe con posterioridade. Primeiro, non había nin informes contrarios de Asesoría Xurídica nin de Secretaría da Deputación, neste caso, e ademais hai unha sentenza do Tribunal Supremo do ano 2019 que declara firme una de 2016 que anula artigos da ordenanza de Lugo que están incluídos nesta ordenanza. Co cal, o que pedimos é facer as cousas ben. Como tiñan o informe en contra da Asesoría Xurídica —órgano de asesoramento ao Concello, segundo o Regulamento Orgánico Municipal— pois encargan á Universidade, a tres profesores coñecidos da Universidade, un informe asinado o 26 de xaneiro, en virtude dun contrato de servizos da mesma data —ou sexa, que moito tempo non tiveron para estudala— por razón de urxencia. Cal é a urxencia despois de 32 anos? Non pode esperar 1 mes, 2 meses e que se faga ben? Se non estamos a pedir que a retiren e nunca máis, se o que pedimos é que se faga ben, simplemente.

no es igual, porque existe con posterioridad. Primero, no había ni informes contrarios de Asesoría Jurídica ni de Secretaría de la Diputación, en este caso, y además hay una sentencia del Tribunal Supremo del año 2019 que declara firme una de 2016 que anula artículos de la ordenanza de Lugo que están incluidos en esta ordenanza. Con lo cual, lo que pedimos es hacer las cosas bien. Como tenían el informe en contra de la Asesoría Jurídica —órgano de asesoramiento al Ayuntamiento, según el Reglamento Orgánico Municipal— pues encargan a la Universidad, a tres profesores conocidos de la Universidad, un informe firmado el 26 de enero, en virtud de un contrato de servicios de la misma fecha —o sea, que mucho tiempo no tuvieron para estudiarla— por razón de urgencia. ¿Cuál es la urgencia después de 32 años? ¿No puede esperar 1 mes, 2 meses y que se haga bien? Si no estamos pidiendo que la retiren y nunca más, si lo que pedimos es que se haga bien, simplemente.

Coas dúas posicións xurídicas contrapostas, a de a Asesoría Xurídica e do informe dos tres profesores, emite informe obrigatorio —por tratarse dunha ordenanza— o Secretario Xeral do Pleno o 29 de xaneiro, no que cuestiona a seguridade xurídica e mesmo a legalidade de numerosos artigos, que ademais xa foron anulados polo TSX na ordenanza de Lugo. Como poden comprender, o noso Grupo non vai cuestionar as opinións de tres profesores, manifestadas —doutores ademais de recoñecido prestixio— baixo o principio de liberdade de cátedra, pero o que nos vincula como Corporación son a Asesoría Xurídica e a Secretaría do Pleno.

Con las dos posiciones jurídicas contrapuestas, la de la Asesoría Jurídica y del informe de los tres profesores, emite informe obligatorio —por tratarse de una ordenanza— el Secretario General del Pleno el 29 de enero, en el que cuestiona la seguridad jurídica e incluso la legalidad de numerosos artículos, que además ya fueron anulados por el TSJ en la ordenanza de Lugo. Como pueden comprender, nuestro Grupo no va a cuestionar las opiniones de tres profesores, manifestadas —doctores además de reconocido prestigio— bajo el principio de libertad de cátedra, pero lo que nos vincula como Corporación son la Asesoría Jurídica y la Secretaría del Pleno.

Hai dúas cuestións moi claras e obxectivas que teñen que ser emendadas non no trámite de

Hay dos cuestiones muy claras y objetivas que tienen que ser subsanadas no en el trámite de alegaciones, sino

alegacións, senón agora, e é polo que vou empezar, aínda que logo relatarei moitas máis e bo, están recollidas nos informes xurídicos. A primeira: non se realizou, como xa se dixo por dous Grupos aquí, consulta previa no inicio do procedemento de aprobación a través da web municipal para recoller a opinión cidadá, e non se xustifica nin se motiva por que se prescindiu, de conformidade co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común: os cidadáns como destinatarios e titulares dos dereitos lingüísticos, teñen dereito a participar **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, *omitiuse este trámite obrigatorio. Onde está o Goberno dialogante de Inés Rey?*

A segunda sería provocada polas présas porque non ten escusa posible, é de primeiro de Dereito: a disposición final primeira establece que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP. Aquí non se aplica o Código Civil, isto é a Lei de Bases de Réxime Local, que sinala no artigo 65.2 e 72 —non o digo eu, o di o Secretario e a Asesoría Xurídica— que as ordenanzas entrarán en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Con isto xa sería suficiente para retirala e corrixila, pero hai moitos máis artigos que ou ben deben ser corrixidos ou eliminados, segundo os informes e as sentenzas mencionadas.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Gallego.

Señor Lage.

ahora, y es por lo que voy a empezar, aunque luego relataré muchas más y bueno, están recogidas en los informes jurídicos. La primera: no se ha realizado, como ya se ha dicho por dos Grupos aquí, consulta previa en el inicio del procedimiento de aprobación a través de la web municipal para recoger la opinión ciudadana, y no se justifica ni se motiva por qué se prescindió, de conformidad con lo establecido en el artículo 133 de la Ley 39/2015 de Procedimiento Administrativo Común: los ciudadanos como destinatarios y titulares de los derechos lingüísticos, tienen derecho a participar **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**, se ha omitido este trámite obligatorio. ¿Dónde está el Gobierno dialogante de Inés Rey?

La segunda sería provocada por las prisas porque no tiene excusa posible, es de primero de Derecho: la disposición final primera establece que entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el BOP. Aquí no se aplica el Código Civil, esto es la Ley de Bases de Régimen Local, que señala en el artículo 65.2 y 72 —no lo digo yo, lo dice el Secretario y la Asesoría Jurídica— que las ordenanzas entrarán en vigor a los 15 días de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia. Con esto ya sería suficiente para retirarla y corregirla, pero hay muchos más artículos que o bien deben ser corregidos o eliminados, según los informes y las sentencias mencionadas.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Gallego.

Señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora Faraldo, polas súas consideracións.

Señora Veira, non podo máis que coincidir co que ten exposto. Creo que o papel do Servizo de Normalización Lingüística é un papel importante que axuda ademais a harmonizar os usos dentro da Administración local, e polo tanto creo que todo recoñecemento ós servizos profesionais que prestan servizos a esta Administración, nunca esta de máis recordalo.

Tamén, como non pode ser doutro xeito, recoñecemento ás coruñesas e ós coruñeses que teñen mantido viva a nosa lingua e que teñen feito ademais un traballo a prol dela, porque eu creo que non hai que ser cicateros, non hai que deixar de recoñecer o esforzo que fai cadaquén.

Vostede aludiu ó compromiso do anterior Goberno municipal, eu non o fixen na primeira intervención. Señor Martínez, vostedes gobernaron no anterior mandato, creo que fixeron algunhas cousas neste terreo —que agora entrarei máis en detalle— e non fixeron outras, non? O que si me chama a atención é que dos 5 minutos que teñen de intervención, señor Martínez, á ordenanza do galego dedicáranlle, escasos, 2 minutos. Non entendo moi ben o que nos quere dicir cando fala do paro, da desigualdade do 2021, do 2040, de que non vivimos no mesmo ano. Este Goberno e as persoas que o conforman viven tódolos días, traballan tódolos días, se equivocan ou acertan tódolos días, pero desde logo, non vivimos nunha realidade paralela, nin tampouco estamos na máquina do tempo. O que si temos é memoria. O

Señor Lage Tuñas

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Gracias, señora Faraldo, por sus consideraciones.

Señora Veira, no puedo más que coincidir con lo que ha expuesto. Creo que el papel del Servicio de Normalización Lingüística es un papel importante que ayuda además a armonizar los usos dentro de la Administración local, y por lo tanto creo que todo reconocimiento a los servicios profesionales que prestan servicios a esta Administración, nunca está de más recordarlo.

También, como no puede ser de otro modo, reconocimiento a las coruñesas y a los coruñeses que han mantenido viva nuestra lengua y que han hecho además un trabajo a favor de ella, porque yo creo que no hay que ser cicateros, no hay que dejar de reconocer el esfuerzo que hace cada quien.

Usted aludió al compromiso del anterior Gobierno municipal, yo no lo hice en la primera intervención. Señor Martínez, ustedes gobernaron en el anterior mandato, creo que hicieron algunas cosas en este terreno —que ahora entraré más en detalle— y no hicieron otras, ¿no? Lo que sí me llama la atención es que de los 5 minutos que tienen de intervención, señor Martínez, a la ordenanza del gallego le dedicaran, escasos, 2 minutos. No entiendo muy bien lo que nos quiere decir cuando habla del paro, de la desigualdad del 2021, del 2040, de que no vivimos en el mismo año. Este Gobierno y las personas que lo conforman viven todos los días, trabajan todos los días, se equivocan o aciertan todos los días, pero desde luego, no vivimos en una realidad paralela, ni tampoco estamos en la máquina del tiempo. Lo que sí tenemos es memoria.

que pasa é que mesmo vostede, que alude a unha posición construtiva —que eu agardo que sexa así, non teño ningunha dúbida, me refiro con respecto á ordenanza do galego—, di que llo poñemos difícil, votar a favor. O que pasa é que vostede di que o poñemos difícil ao mesmo tempo que dixo na súa intervención que o 90 % do que traemos aquí o fixeran vostedes no anterior mandato. Entón, claro, ten que poñerse de acordo consigo mesmo. Non sei se vive no 2040 ou vive en febreiro de 2021. Dixo concretamente que o 90 % da ordenanza a fixeran xa no anterior mandato e que o pouco restante —é dicir, o 10 % restante— tiña que ver coa Ordenanza de Igualdade —que eu recorde tamén é obra súa—. Co cal, se a proposta que se trae a fixeron vostedes, o que teñen é que poñerse de acordo con vostedes mesmos, pero bueno, parecíalles que ían a innovar.

Lo que pasa es que incluso usted, que alude a una posición constructiva —que yo espero que sea así, no tengo ninguna duda, me refiero con respecto a la ordenanza del gallego—, dice que se lo ponemos difícil, votar a favor. Lo que pasa es que usted dice que lo ponemos difícil al mismo tiempo que dijo en su intervención que el 90 % de lo que traemos aquí lo habían hecho ustedes en el anterior mandato. Entonces, claro, tiene que ponerse de acuerdo consigo mismo. No sé se vive en el 2040 o vive en febrero de 2021. Dijo concretamente que el 90 % de la ordenanza la habían hecho ya en el anterior mandato y que lo poco restante —es decir, el 10 % restante— tenía que ver con la Ordenanza de Igualdad —que yo recuerde también es obra suya—. Con lo cual, si la propuesta que se trae la hicieron ustedes, lo que tienen es que ponerse de acuerdo con ustedes mismos, pero bueno, les parecía que iban a innovar.

Aparte de votar a favor os 3 deputados na Deputación Provincial dunha ordenanza, se queren dicir similar, nos vale a todos, todos sabemos que non hai grandes diferencias entre a ordenanza aprobada na Deputación Provincial e a que se somete hoxe a consideración, máis alá de algúns erros que poderán ser corrixidos no seguinte trámite. O que lles valía no 2017, non lles vale hoxe? O que a señora Gallego votou no 2017...? Señora Gallego, teño unha comparativa dos artigos da Deputación e do que votamos hoxe aquí e eu, neste clima de concordia —e ademais creo que falando da lingua deberíamos de procuralo—, creo que non me obrigará a quitalos, creo que non me obrigará a quitalos. Porque a verdade é que podería ser, en fin, non sei se a discrepancia é se a coma vai antes ou vai despois. Creo que é bastante difícil de opoñerse e de votar unha cousa no

Aparte de votar a favor los 3 diputados en la Diputación Provincial de una ordenanza, si quieren decir similar, nos vale a todos, todos sabemos que no hay grandes diferencias entre la ordenanza aprobada en la Diputación Provincial y la que se somete hoy a consideración, más allá de algunos errores que podrán ser corregidos en el siguiente trámite. ¿Lo que les valía en el 2017, no les vale hoy? ¿Lo que la señora Gallego votó en el 2017...? Señora Gallego, tengo una comparativa de los artículos de la Diputación y de lo que votamos hoy aquí y yo, en este clima de concordia —y además creo que hablando de la lengua deberíamos de procurarlo—, creo que no me obligará a quitarlos, creo que no me obligará a quitarlos. Porque la verdad es que podría ser, en fin, no sé si la discrepancia es si la coma va antes o va después. Creo que es bastante difícil de oponerse y de votar una cosa en el 2017

2017 na Deputación e de votar outra aquí. E llo digo a vostedes e ós señores e ás señoras da Marea Atlántica.

O señor Martínez pregunta por que foi á Comisión de Facenda? Parece que quere que a señora alcaldesa faga unha comisión, unha comisión da alcaldesa, será, porque non sei que comisión lles falta. Vostede cree que hai poucas comisións neste Concello? En que realidade paralela viven sobre o funcionamento da Administración? O que pasa é que o máis grave é que dixo que ía á Comisión de Facenda. O que se lle olvidou dicir é que a comisión se chama de Economía, Facenda e Administración Xeral. Non sei se a vostede lle parece que o uso da lingua na Administración ten sentido que vaia á Comisión de Administración Xeral. É un pequeno detalle que se lle esqueceu.

Di que fraco favor lle facemos. No, mire, o favor, señor Martínez, non llo facemos a ninguén, o que facemos é dar cumprimento a algo que debe de ser a corrección e a regularización dunha situación **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —e remato, señora alcaldesa—. Dígollo polo seguinte: porque vostede, segundo dixo a señora Veira, non o dixen eu, no ano 2018 tiñan unha ordenanza, pero que eu saiba, non veu a este Pleno. Vostede alude a que alguén non quixo. Que eu saiba, quen tiña capacidade de traer os asuntos resolutivos a este Pleno era o Goberno municipal. Igual que trouxeron acordos sen consensualos con ninguén, se tiñan tanto compromiso, puidérono ter traído, pero, polo que lle escoitei á voceira do BNG, non volveu a saber nada desa proposta. Se quere falamos despois da proposta en detalle. O que si me gustaría é que foramos capaces de ve-los elementos positivos, que son moitos.

en la Diputación y de votar otra aquí. Y se lo digo a ustedes y a los señores y a las señoras de la Marea Atlántica.

El señor Martínez pregunta ¿por qué fue a la Comisión de Hacienda? Parece que quiere que la señora alcaldesa haga una comisión, una comisión de la alcaldesa, será, porque no sé qué comisión les falta. ¿Usted cree que hay pocas comisiones en este Ayuntamiento? ¿En qué realidad paralela viven sobre el funcionamiento de la Administración? Lo que pasa es que lo más grave es que dijo que iba a la Comisión de Hacienda. Lo que se le olvidó decir es que la comisión se llama de Economía, Hacienda y Administración General. No sé si a usted le parece que el uso de la lengua en la Administración tiene sentido que vaya a la Comisión de Administración General. Es un pequeño detalle que se le olvidó.

Dice que flaco favor le hacemos. No, mire, el favor, señor Martínez, no se lo hacemos a nadie, lo que hacemos es dar cumplimiento a algo que debe de ser la corrección y la regularización de una situación ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y finalizo, señora alcaldesa—. Se lo digo por lo siguiente: porque usted, según dijo la señora Veira, no lo dije yo, en el año 2018 tenían una ordenanza, pero que yo sepa, no vino a este Pleno. Usted alude a que alguien no quiso. Que yo sepa, quien tenía capacidad de traer los asuntos resolutivos a este Pleno era el Gobierno municipal. Igual que trajeron acuerdos sin consensuarlos con nadie, si tenían tanto compromiso, lo pudieron haber traído, pero, por lo que le escuché a la portavoz del BNG, no volvió a saber nada de esa propuesta. Si quiere hablamos después de la propuesta en detalle. Lo que sí me gustaría es que fuéramos capaces de ver los elementos positivos, que son muchos.*

Ás dez horas e cincuenta e oito minutos sae do Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.

E, evidentemente, creo que cando se está reparando unha situación anómala e se leva moito tempo agardando por isto, pois se poden formular tódalas críticas. Algunhas entendo que son razoables, outras creo que o que intentan é racanear e deixar de recoñecer que o que se está facendo é o camiño correcto. Se teñen, se teñen propostas para melloralo, está a fase de alegacións, fágano. E, desde logo, nós estamos abertos a recoller todas aquelas propostas que melloren a ordenanza, non hai ningún problema por buscar entendemento **(óense dúas sinais acústicas indicativas da finalización do tempo de intervención)**.

Nada máis e moitas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Último turno de 3 minutos para a señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Señora Gallego, permítame unha interferencia. Sei que non ía comigo, pero, cada vez que eu escoito: hospital, non — aínda, insisto, que non vaia comigo—, sáltame un resorte, porque é o contrario: hospital si, pero non así. De feito, aproveito para saudar ás afectadas que están neste momento nas portas do Concello. Saben que contan con Podemos para as súas reivindicacións ata as últimas consecuencias. Saúdo tamén aos traballadores da planta de Nostián, que están tamén na praza defendendo os seus dereitos laborais.

A las diez horas y cincuenta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.

Y, evidentemente, creo que cuando se está reparando una situación anómala y se lleva mucho tiempo esperando por esto, pues se pueden formular todas las críticas. Algunas entiendo que son razonables, otras creo que lo que intentan es racanear y dejar de reconocer que lo que se está haciendo es el camino correcto. Si tienen, si tienen propuestas para mejorarlo, está la fase de alegaciones, háganlo. Y, desde luego, nosotros estamos abiertos a recoger todas aquellas propuestas que mejoren la ordenanza, no hay ningún problema por buscar entendimiento ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)***.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Último turno de 3 minutos para la señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Señora Gallego, permítame una interferencia. Sé que no iba conmigo, pero, cada vez que yo escucho: hospital, no —aun, insisto, que no vaya conmigo—, me salta un resorte, porque es lo contrario: hospital sí, pero no así. De hecho, aprovecho para saludar a las afectadas que están en este momento en las puertas del Ayuntamiento. Saben que cuentan con Podemos para sus reivindicaciones hasta las últimas consecuencias. Saludo también a los trabajadores de la planta de Nostián, que están también en la plaza defendiendo sus derechos laborales.

Bueno, nesta segunda intervención teño que recoñecer que non fomos quen de embebernos, de empaparnos e de mergullar debidamente nun documento que ten case 200 páxinas. E máis se pensamos que dispuxemos dese documento, nós, fai 7 días, en medio dunha semana plagada de traballo e de inxente documentación. Vaia tamén un saúdo ás traballadoras da Actividade Corporativa, para as que este Pleno debeu de ser frenético. Polo cal, insisto, optamos por un atallo que nos parece tecnicamente de peso: o informe da Secretaría municipal, informe do que tivemos constancia fai 5 días. Nese informe xa se afea, dalgún xeito, que non se seguisen as pautas que marca, insistimos, o procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Pero tamén volvemos a insistir que, acolléndonos á excepcionalidade que permite a propia norma, pois non sería isto, non ten que ser isto un escollo insalvable.

Bueno, en esta segunda intervención tengo que reconocer que no fuimos capaces de embebernos, de empaparnos y de concentrarnos debidamente en un documento que tiene casi 200 páginas. Y más si pensamos que dispusimos de ese documento, nosotros, hace 7 días, en medio de una semana plagada de trabajo y de ingente documentación. Vaya también un saludo a las trabajadoras de la Actividad Corporativa, para las que este Pleno debió de ser frenético. Por lo cual, insisto, optamos por un atajo que nos parece técnicamente de peso: el informe de la Secretaría municipal, informe del que tuvimos constancia hace 5 días. En ese informe ya se afea, de alguna manera, que no se siguieran las pautas que marca, insistimos, el procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas. Pero también volvemos a insistir en que, acogiéndonos a la excepcionalidad que permite la propia norma, pues no sería esto, no tiene que ser esto un escollo insalvable.

Ás once horas e un minuto entra no Salón de Sesións a señora Cendán Gayoso.

A las once horas y un minuto entra en el Salón de Sesiones la señora Cendán Gayoso.

Lembra tamén o informe que existen dúas posicións xurídicas contrapostas, que parecen obedecer máis a cuestións de redacción insuficiente que a cuestións de fondo. E pasa o informe a continuación a suxerir unha serie de modificacións e adaptacións dos artigos dunha ordenanza que parece así trufada de continuos erros, sinalando tamén a insistencia doutros informes xurídicos.

Recuerda también el informe que existen dos posiciones jurídicas contrapuestas, que parecen obedecer más a cuestiones de redacción insuficiente que a cuestiones de fondo. Y pasa el informe a continuación a sugerir una serie de modificaciones y adaptaciones de los artículos de una ordenanza que parece así trufada de continuos errores, señalando también la insistencia de otros informes jurídicos.

Bueno, todo isto fala dunhas presas difíciles de dixerir e que pouco ou nada benefician á hora de levar cara adiante esta proposta. E sen embargo, é tan necesaria esta ordenanza, é tan importante a existencia dunha norma

Bueno, todo esto habla de unas prisas difíciles de digerir y que poco o nada benefician a la hora de llevar hacia adelante esta propuesta. Y sin embargo, es tan necesaria esta ordenanza, es tan importante la existencia de una norma

municipal neste eido, que aínda que dubidábamos ata o último segundo, o sentido do noso voto non pode ser outro que favorable.

Gracias, señora alcaldesa.

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Señora Veira, polo Bloque Nacionalista Galego.

Señora Veira González

Si, pois vou seguir falando da ordenanza, que me parece que é o asunto que nos compete neste punto da orde do día.

Esta ordenanza implica a un conxunto de persoas moi diversas: desde o persoal municipal, o Goberno municipal, as empresas que xestionan os servizos públicos e teñen algún tipo de relación coa Administración local, que non son poucas, mais sobre todo é un garante para as persoas galegofalantes, un garante de seren atendidas en galego no Concello da Coruña e nos organismos que del dependen, así como as empresas que xestionan os servizos públicos. Porque as galegas e os galegos temos o dereito a empregar o galego, como recolle o Estatuto de Autonomía e a Lei de Normalización Lingüística, pero para iso ten que haber quen, en fronte, permita que nós así o poidamos facer. Os dereito lingüísticos e o recoñecemento da súa oficialidade —na medida en que se proxectan nas relacións dos cidadáns cos poderes públicos e nas relacións con outros cidadáns— para seren efectivos precisan dunha correspondencia pola outra parte. Así, o dereito subxectivo ó

municipal en este ámbito, que aunque dudábamos hasta el último segundo, el sentido de nuestro voto no puede ser otro que favorable.

Gracias, señora alcaldesa.

Presidencia

Muchas gracias, señora Faraldo.

Señora Veira, por el Bloque Nacionalista Galego.

Señora Veira González

Sí, pues voy a seguir hablando de la ordenanza, que me parece que es el asunto que nos compete en este punto del orden del día.

Esta ordenanza implica a un conjunto de personas muy diversas: desde el personal municipal, el Gobierno municipal, las empresas que gestionan los servicios públicos y tienen algún tipo de relación con la Administración local, que no son pocas, pero sobre todo es una garantía para las personas gallegohablantes, una garantía de ser atendidas en gallego en el Ayuntamiento de A Coruña y en los organismos que de él dependen, así como las empresas que gestionan los servicios públicos. Porque las gallegas y los gallegos tenemos el derecho a emplear el gallego, como recoge el Estatuto de Autonomía y la Ley de Normalización Lingüística, pero para eso tiene que haber quien, enfrente, permita que nosotros así lo podamos hacer. Los derechos lingüísticos y el reconocimiento de su oficialidad —en la medida en que se proyectan en las relaciones de los ciudadanos con los poderes públicos y en las relaciones con otros ciudadanos— para ser efectivos necesitan una correspondencia por la otra parte. Así, el derecho subjetivo al uso de la lengua

uso da lingua comporta os deberes dos poderes públicos de atender ós cidadáns nesa lingua, para que a elección lingüística estea asegurada.

comporta los deberes de los poderes públicos de atender a los ciudadanos en esa lengua, para que la elección lingüística esté asegurada.

Pero é que esta ordenanza tamén asegura a presenza do galego nas campañas publicitarias, nas publicacións, nas compras de bens, na contratación de servizos, na sinalización e rotulación, na formación do persoal, na toponimia e nos nomes das rúas, no impulso social da lingua. Tamén incide na calidade lingüística, na linguaxe democrática inclusiva, nas funcións do Servizo de Normalización Lingüística, no Plan de Normalización Lingüística, no necesario seguimento e avaliación da ordenanza, cunha comisión semellante á que existe noutras institucións.

Pero es que esta ordenanza también asegura la presencia del gallego en las campañas publicitarias, en las publicaciones, en las compras de bienes, en la contratación de servicios, en la señalización y rotulación, en la formación del personal, en la toponimia y en los nombres de las calles, en el impulso social de la lengua. También incide en la calidad lingüística, en el lenguaje democrático inclusivo, en las funciones del Servicio de Normalización Lingüística, en el Plan de Normalización Lingüística, en el necesario seguimiento y evaluación de la ordenanza, con una comisión semejante a la que existe en otras instituciones.

Tamén nos parece importante que sexa no Consello Social onde se vai a facer un grupo de traballo específico e permanente de lingua. Ha de ser para nós o Consello Social, como representativo da sociedade coruñesa, o órgano participativo desde onde se poda avanzar tamén no impulso e dinamización da lingua.

También nos parece importante que sea en el Consello Social donde se va a hacer un grupo de trabajo específico y permanente de lengua. Ha de ser para nosotros el Consello Social, como representativo de la sociedad coruñesa, el órgano participativo desde donde se pueda avanzar también en el impulso y dinamización de la lengua.

Revisada la documentación facilitada para la suspensión cautelar de tramitación de los instrumentos de planeamiento de la gestión de suelo y de las licencias de ámbito en el polígono de Rosales y en el Ventorrillo, nos parecen un poco vagos —permítaseme la expresión— los criterios fijados y los objetivos marcados. Aparecen delimitadas parcelas dentro de espacios libres del Ayuntamiento. En el mismo pack existen parcelas convenidas, parcelas privadas, parcelas públicas, sin que se aclaren debidamente, a nuestro entender, los objetivos, que se ven como abstractos, inconcretos, sobre todo cuando lo que se pretende regular es regularizar una situación que precisa para eslabón de mayor concreción y definición de las parcelas afectadas de su naturaleza y de la finalidad posterior.

En este nuestro tercer Pleno desde que aterrizamos en el Ayuntamiento,

amosar os nosos recelos e facer patente que en cuestións urbanísticas todas as garantías para nós son poucas, e que seremos basicamente prudentes, pero nestes casos concretos, absolutamente cautelosas. E así, neste tema concreto, declaramos a nosa preocupación, non está focalizada, que a nosa preocupación, perdón, non está focalizada na suspensión das tramitacións das licencias como na clarificación da natureza, insisto, das parcelas afectadas e dos planes futuros sobre as mesmas.

volvemos a mostrar nuestros recelos y hacer patente que en cuestiones urbanísticas todas las garantías para nosotros son pocas, y que seremos básicamente prudentes, pero en estos casos concretos, absolutamente cautelosas. Y así, en este tema concreto, declaramos nuestra preocupación, no está focalizada, que nuestra preocupación, perdón, no está focalizada en la suspensión de las tramitaciones de las licencias como en la clarificación de la naturaleza, insisto, de las parcelas afectadas y de los planes futuros sobre las mismas.

Ante todo o exposto e á espera de coñecer con máis detalle a evolución do planeamento que nos ocupa, procederei a absterme na votación.

Ante todo lo expuesto y a la espera de conocer con más detalle la evolución del planeamiento que nos ocupa, procederé a abstenerme en la votación.

Moitas gracias.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Muchas gracias, señora Faraldo.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Pois neste asunto da suspensión cautelar da tramitación do planeamento, xestión e licenzas nos Rosales e no Ventorillo, imos votar a favor. E ímolo facer porque a suspensión de licenzas implica tamén o planeamento de desenvolvemento, a equidistribución, as expropiacións forzosas, as execucións de dotacións urbanísticas ou a aprobación de proxectos.

Pues en este asunto de la suspensión cautelar de la tramitación del planeamiento, gestión y licencias en los Rosales y en el Ventorillo, vamos a votar a favor. Y lo vamos a hacer porque la suspensión de licencias implica también el planeamiento de desarrollo, la equidistribución, las expropiaciones forzosas, las ejecuciones de dotaciones urbanísticas o la aprobación de proyectos.

Esta modificación que se trae hoxe a Pleno ten abeiro no proceso de modificación da norma zonal 8, e queremos deixar claro que este voto que

Esta modificación que se trae hoy a Pleno tiene amparo en el proceso de modificación de la norma zonal 8, y queremos dejar claro que este voto que

hoxe se produce é só un voto a favor da suspensión cautelar e que é independente do que vaia acontecer cando se traia a modificación da norma zonal 8 —ese voto será a favor ou en contra ou será unha abstención en función de como se materialice esa modificación da norma zonal 8—.

hoy se produce es solo un voto a favor de la suspensión cautelar y que es independiente de lo que vaya a suceder cuando se traiga la modificación de la norma zonal 8 —ese voto será a favor o en contra o será una abstención en función de cómo se materialice esa modificación de la norma zonal 8—.

Ás trece horas e vinte e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor Celemín Santos.

A las trece horas y veintiocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.

E o certo é que polo que nos transmitiu na Comisión de Urbanismo o persoal técnico, falta fai manter todas as precaucións posíbeis dadas as incongruencias entre o que se reflicte no catastro e a titularidade. Entendemos pois que é correcto que se investigue o estado e a propiedade de cada unha das parcelas, xa que os titulares de varias delas solicitan a súa expropiación por ministerio da lei, e polo tanto, é ben precisa esa investigación. Por certo, titulares non pouco relevantes como se quixo facer parecer, unha é unha promotora do barrio dos Rosales, outra é Abanca, outra é GALP, a empresa de gasolineiras, etc., etc. Ou sexa, son propietarios bastante importantes.

Y lo cierto es que por lo que nos transmitió en la Comisión de Urbanismo el personal técnico, falta hace mantener todas las precauciones posibles dadas las incongruencias entre lo que se refleja en el catastro y la titularidad. Entendemos pues que es correcto que se investigue el estado y la propiedad de cada una de las parcelas, ya que los titulares de varias de ellas solicitan su expropiación por ministerio de la ley, y por lo tanto, es bien necesaria esa investigación. Por cierto, titulares no poco relevantes como se quiso hacer parecer, una es una promotora del barrio de los Rosales, otra es Abanca, otra es GALP, la empresa de gasolineras, etc., etc. O sea, son propietarios bastante importantes.

Pero é que non deixa de ser este caso que nos ocupa, estas parcelas nas que suspendemos as licenzas e demais, exemplo dun certo descontrol no urbanismo da cidade. Se vemos o mapa, o que vemos son retallos, anacos de parcelas, que non se sabe ben en que estado están e polo tanto fai moita falla clarificar a súa situación. Porque incluso puido dar lugar a mantementos, limpezas e rehabilitacións de máis, execucións por parte do Concello que tivesen ademais unha repercusión económica para o propio Concello e ó mellor non tiña que corresponderlle ese mantemento, esa limpeza ou a

Pero es que no deja de ser este caso que nos ocupa, estas parcelas en las que suspendemos las licencias y demás, ejemplo de un cierto descontrol en el urbanismo de la ciudad. Si vemos el mapa, lo que vemos son retales, trozos de parcelas, que no se sabe bien en qué estado están y por lo tanto hace mucha falta clarificar su situación. Porque incluso pudo dar lugar a mantenimientos, limpiezas y rehabilitaciones de más, ejecuciones por parte del Ayuntamiento que tuvieran además una repercusión económica para el propio Ayuntamiento y a lo mejor no tenía que corresponderle ese mantenimiento, esa limpieza o la

execución de determinadas obras.

Así pois, hoxe aprobamos simplemente unha suspensión de licenzas que é un mecanismo cautelar, mentres se fan as verificacións precisas. Como dicimos, boa falta fai e por iso votaremos a favor.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Grazas, señora Rey.

Sospeito que a clasificación de tempos vai algo trucada, porque non deben computar as quendas iniciais de punto, pero non me diga a verdade, que quero seguir coa ilusión de que hoxe vou en cabeza.

Ás trece horas e vinte e nove minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

Ímonos abster neste punto. Non podemos dar o noso voto a favor a unha iniciativa da que soubemos pouco, mal e tarde, e da que non nos podemos facer, en sentido amplo, responsables. Tampouco ninguén nos pediu o noso apoio, e a abstención responde a que tampouco temos razóns de peso para obstaculizar o expediente agora, nesta fase inicial.

Digo que soubemos pouco, mal e tarde porque nada da auténtica motivación da urxencia de tomar esta decisión e iniciar esta suspensión cautelar está no informe-proposta que hoxe votamos. Tampouco estaba na documentación que recibimos da Comisión, digamos na argumentación que recibimos os Grupos cando fomos convocados sen previo

ejecución de determinadas obras.

Así pues, hoy aprobamos simplemente una suspensión de licencias que es un mecanismo cautelar, mientras se hacen las verificaciones precisas. Como decimos, buena falta hace y por eso votaremos a favor.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Por la Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Gracias, señora Rey.

Sospecho que la clasificación de tiempos va algo trucada, porque no deben computar los turnos iniciales de punto, pero no me diga la verdad, que quiero seguir con la ilusión de que hoy voy en cabeza.

A las trece horas y veintinueve minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Nos vamos a abstener en este punto. No podemos dar nuestro voto a favor a una iniciativa de la que supimos poco, mal y tarde, y de la que no nos podemos hacer, en sentido amplio, responsables. Tampoco nadie nos pidió nuestro apoyo, y la abstención responde a que tampoco tenemos razones de peso para obstaculizar el expediente ahora, en esta fase inicial.

Digo que supimos poco, mal y tarde porque nada de la auténtica motivación de la urgencia de tomar esta decisión e iniciar esta suspensión cautelar está en el informe-propuesta que hoy votamos. Tampoco estaba en la documentación que recibimos de la Comisión, digamos en la argumentación que recibimos los Grupos cuando fuimos convocados sin

diálogo a unha comisión para ditaminar un asunto que é de competencia plenaria e sobre iso volverei agora. A única motivación era a modificación da normativa urbanística que está en trámite ambiental na Xunta, novamente outro asunto que é de competencia plenaria e que terá que vir a Pleno, arredor do que non houbo ningún tipo de diálogo previo. E novamente volverei tamén a isto un pouco máis adiante.

previo diálogo a una comisión para dictaminar un asunto que es de competencia plenaria y sobre eso volveré ahora. La única motivación era la modificación de la normativa urbanística que está en trámite ambiental en la Xunta, nuevamente otro asunto que es de competencia plenaria y que tendrá que venir a Pleno, alrededor del que no hubo ningún tipo de diálogo previo. Y nuevamente volveré también a esto uno poco más adelante.

Os acordos que motivan esta suspensión cautelar non son abstractos, son concretísimos, teñen nomes e apelidos: entidades bancarias, empresas que se dedican ó subministro de combustible, coñecidísimos promotores, e son dun tempo no que gobernaba un tamén coñecido alcalde desta cidade. É dicir, responden, ó final son esa especie de problemas rodantes que se arrastran nesta cidade durante décadas e que evidencian un certo descontrol no patrimonio municipal do solo e ese campo de minas que é por desgraza o urbanismo coruñés.

Los acuerdos que motivan esta suspensión cautelar no son abstractos, son concretísimos, tienen nombres y apellidos: entidades bancarias, empresas que se dedican al suministro de combustible, conocidísimos promotores, y son de un tiempo en el que gobernaba un también conocido alcalde de esta ciudad. Es decir, responden, al final son esa especie de problemas rodantes que se arrastran en esta ciudad durante décadas y que evidencian un cierto descontrol en el patrimonio municipal del suelo y ese campo de minas que es por desgracia el urbanismo coruñés.

Citei antes varias veces a cuestión da competencia plenaria. Creo que hai que dicir que este Pleno non é unha caixa de resonancia, non é un órgano consultivo, non é unha peaxe, non é un mal necesario, non é unha sala de audiencias, non é un lugar de rendemento de contas. Tampouco é exactamente un parlamento, aínda que sexa un lugar efectivamente de representación, e aquí estamos 27 persoas representando a vontade popular, pero non é un pleno nin sequera nas cidades do título X da Lei de bases, os plenos non son parlamentos, son outra cousa. Os plenos teñen competencias exclusivas, exclusivas. Non se pode vir a un pleno dunha cidade como A Coruña coma

Cité antes varias veces la cuestión de la competencia plenaria. Creo que hay que decir que este Pleno no es una caja de resonancia, no es un órgano consultivo, no es un peaje, no es un mal necesario, no es una sala de audiencias, no es un lugar de rendimiento de cuentas. Tampoco es exactamente un parlamento, aunque sea un lugar efectivamente de representación, y aquí estamos 27 personas representando la voluntad popular, pero no es un pleno ni siquiera en las ciudades del título X de la Ley de bases, los plenos no son parlamentos, son otra cosa. Los plenos tienen competencias exclusivas, exclusivas. No se puede venir a un pleno de una ciudad como A Coruña como quien va a convalidar un decreto ley a un

quen vai convalidar un decreto lei a un parlamento, porque non é esa a función. As competencias sobre planeamento son do pleno, non son, por máis que agora a lei e os Grupos da oposición, a diferencia do que sucedía no pasado, lle recoñezamos ao Goberno municipal evidentemente a iniciativa política e a responsabilidade aparellada. Quero dicir, non só lles estou reprochando que ás veces non informen debidamente a oposición, ou non dialoguen antes de traer un asunto estando en minoría —que tamén teño que recordarlle que están en minoría—, senón que non esquezan que o Pleno non é un parlamento ao que o goberno vai a convalidar un decreto lei. É un órgano que ten a competencia de tomar determinadas decisións moi sensibles sobre o planeamento. Isto non ten absolutamente nada que ver co talante, porque eu, señor Villoslada, recoñézolle moito mellor talante que a boa parte dos seus compañeiros de goberno. Pero co talante non chega. Creo que hai que ser leal ao estatuto que ten este pleno, as competencias que ten e creo que se debe falar antes, despois e durante cando o que se trata é de tramitar asuntos sobre os que decidimos as persoas que estamos aquí.

parlamento, porque no es esa la función. Las competencias sobre planeamiento son del pleno, no son, por más que ahora la ley y los Grupos de la oposición, a diferencia de lo que sucedía en el pasado, le reconozcamos al Gobierno municipal evidentemente la iniciativa política y la responsabilidad aparejada. Quiero decir, no solo les estoy reprochando que a veces no informen debidamente a la oposición, o no dialoguen antes de traer un asunto estando en minoría —que también tengo que recordarle que están en minoría—, sino que no olviden que el Pleno no es un parlamento al que el gobierno va a convalidar un decreto ley. Es un órgano que tiene la competencia de tomar determinadas decisiones muy sensibles sobre el planeamiento. Esto no tiene absolutamente nada que ver con el talante, porque yo, señor Villoslada, le reconozco mucho mejor talante que a buena parte de sus compañeros de gobierno. Pero con el talante no llega. Creo que hay que ser leal al estatuto que tiene este pleno, las competencias que tiene y creo que se debe hablar antes, después y durante cuando lo que se trata es de tramitar asuntos sobre los que decidimos las personas que estamos aquí.

Hai cuestións nas que non imos estar de acordo, e xa o sabemos, o caso de Percebeiras. Por certo, volven citar e volverán citar moitas máis veces nos próximos dous anos as mesmas sentenzas que avalarían e as mesmas argumentacións que avalarían paralizar ese desastre. Pero mesmo nos asuntos nos que non esteamos de acordo, agora falo en nome do meu Grupo, pero supoño que o mesmo podería dicir calquera outro Grupo, cando son competencia do Pleno creo que deben ser obxecto dun diálogo permanente. Aquí se votou a suspensión de licenzas na API da ría do Burgo para modificar o planeamento. Creo que sobre esa

Hay cuestiones en las que no vamos a estar de acuerdo, y ya lo sabemos, el caso de Percebeiras. Por cierto, vuelven a citar y volverán a citar muchas más veces en los próximos dos años las mismas sentencias que avalarían y las mismas argumentaciones que avalarían paralizar ese desastre. Pero incluso en los asuntos en los que no estemos de acuerdo, ahora hablo en nombre de mi Grupo, pero supongo que lo mismo podría decir cualquier otro Grupo, cuando son competencia del Pleno creo que deben ser objeto de un diálogo permanente. Aquí se votó la suspensión de licencias en la API de la ría del Burgo para modificar el planeamiento. Creo

modificación do planeamento hai que falar non cando o expediente estea listo e se nos convoque a unha comisión e aos catro días veña a Pleno e teñamos que votar, non, hai que falar durante todo o ano de suspensión de licenzas e mentres se traballa na modificación do planeamento.

que sobre esa modificación del planeamiento hay que hablar no cuando el expediente esté listo y se nos convoque a una comisión y a los cuatro días venga a Pleno y tengamos que votar, no, hay que hablar durante todo el año de suspensión de licencias y mientras se trabaja en la modificación del planeamiento.

Hai que falar tamén do Catálogo, da modificación do Catálogo de elementos a protexer. Temos un prazo, un compromiso, un acordo. Esa modificación do Catálogo non a aprobou o Partido Socialista, aprobouna este Pleno cunha maioría determinada e se asumiron uns compromisos. Tamén hai que falar de se se lle requiriu ou non se lle requiriu ao Porto a modificación do seu propio catálogo para protexer a lonxa do Gran Sol. Non hai que falar dentro de 3, ou de 4 ou de 5 meses cando o expediente volva ao Pleno, hai que falar todos os... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**. Tamén hai que falar —porque mesmo creo que é de dubidosa legalidade— dos acordos aos que o Goberno chega con determinados axentes, sexan promotoras ou colexios profesionais, sobre criterios de interpretación da normativa urbanística, porque é moi dubidoso que a interpretación da normativa urbanística non sexa tamén unha competencia deste Pleno.

*Hay que hablar también del Catálogo, de la modificación del Catálogo de elementos a proteger. Tenemos un plazo, un compromiso, un acuerdo. Esa modificación del Catálogo no la aprobó el Partido Socialista, la aprobó este Pleno con una mayoría determinada y se asumieron unos compromisos. También hay que hablar de si se le requirió o no se le requirió al Puerto la modificación de su propio catálogo para proteger la lonja del Gran Sol. No hay que hablar dentro de 3, o de 4 o de 5 meses cuando el expediente vuelva al Pleno, hay que hablar todos los… **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**. También hay que hablar —porque incluso creo que es de dudosa legalidad— de los acuerdos a los que el Gobierno llega con determinados agentes, sean promotoras o colegios profesionales, sobre criterios de interpretación de la normativa urbanística, porque es muy dudoso que la interpretación de la normativa urbanística no sea también una competencia de este Pleno.*

Así que con todo o respecto, con toda a franqueza e co mellor ánimo, convídoo, señor Villoslada, neste sentido a cambiar o procedemento, e como dixen ao comezo, absterémonos neste punto.

Así que con todo el respeto, con toda la franqueza y con el mejor ánimo, lo invito, señor Villoslada, en este sentido a cambiar el procedimiento, y como dije al inicio, nos abstendremos en este punto.

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez.

Presidencia

Muchas gracias, señor Martínez.

Polo Grupo Popular, señor Deus.

Señor Deus Matínez.

Grazas, señora alcaldesa.

Bos días a todos e benvido o compañeiro Juan Carlos.

O asunto que se trae a este Pleno para a suspensión cautelar da tramitación do Plan, xestión e licencias no ámbito do polígono dos Rosales e no Ventorrillo, tramítase ao amparo do artigo 47.1 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, que indica que se poderá acordar este tipo de actuacións co fin de estudar a formulación, revisión, modificación dos instrumentos do plan urbanístico. Esta suspensión terá a duración dun ano.

Ás trece horas e trinta e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Celemín Santos.

Doutra banda, o Concello acordou en Xunta de Goberno Local acometer a modificación puntual do Plan Xeral no relativo a norma zonal de equipamentos. Esta suspensión cautelar que se propón nos ámbitos antes mencionados abarca unha serie de parcelas que, segundo o actual Plan Xeral de 2013, teñen distintas clasificacións. A parcela situada no Ventorrillo está clasificada como espazo libre público, non dispón de referencia catastral. Unha parcela lindante co Paseo Marítimo na estrada dos Fortes clasificada como viario público tampouco dispón de referencia catastral. No polígono dos Rosales existen varias parcelas: unha de 7.600 metros clasificada como espazo libre público, outra como espazo libre privado e outras dúas como equipamentos, unha de 879 metros e outra de 2.348, equipamentos deportivos ou docentes. Todas elas

Por el Grupo Popular, señor Deus.

Señor Deus Matínez.

Gracias, señora alcaldesa.

Buenos días a todos y bienvenido el compañero Juan Carlos.

El asunto que se trae a este Pleno para la suspensión cautelar de la tramitación del Plan, gestión y licencias en el ámbito del polígono de los Rosales y en el Ventorrillo, se tramita al amparo del artículo 47.1 de la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia, que indica que se podrá acordar este tipo de actuaciones con el fin de estudiar el planteamiento, revisión, modificación de los instrumentos del plan urbanístico. Esta suspensión tendrá la duración de un año.

A las trece horas y treinta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.

Por otro lado, el Ayuntamiento acordó en Junta de Gobierno Local acometer la modificación puntual del Plan General en lo relativo a norma zonal de equipamientos. Esta suspensión cautelar que se propone en los ámbitos antes mencionados abarca una serie de parcelas que, según el actual Plan General de 2013, tienen distintas clasificaciones. La parcela ubicada en el Ventorrillo está clasificada como espacio libre público, no dispone de referencia catastral. Una parcela lindante con el Paseo Marítimo en la carretera de los Fuertes clasificada como viario público tampoco dispone de referencia catastral. En el polígono de los Rosales existen varias parcelas: una de 7.600 metros clasificada como espacio libre público, otra como espacio libre privado y otras dos como equipamientos, una de 879 metros y otra de 2.348, equipamientos deportivos o docentes. Todas ellas tienen la consideración de suelo urbano.

teñen a consideración de solo urbano.

O motivo que subxace no fondo deste asunto son as solicitudes de expropiación destas parcelas por parte dos que din ostentar a propiedade das mesmas, derivada da non execución do Plan Xeral aprobado no ano 2013. Esta solicitude de expropiación realízase ao amparo do artigo 86 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, que faculta á persoa titular dos bens para advertir a Administración do seu propósito de iniciar o expediente de xustiprecio, transcorridos máis de 5 anos da entrada en vigor do plan sen que se levase a efecto a expropiación dos terreos, que están destinados a sistemas xerais ou locais que non haxan de ser obxecto de cesión obrigatoria. Este inicio de expediente poderase facer por ministerio de lei se transcorridos outros dous anos desde o momento de efectuar esta advertencia. Sorprendentemente atopámonos neste punto, posto que as solicitudes foron presentadas no ano 2018, sendo Goberno Marea Atlántica. Por iso me estraña, señor Martínez, que diga vostede que descoñecía neste punto a existencia destes expedientes, herdados polo actual Goberno municipal, pasando xa case dous anos do actual mandato.

El motivo que subyace en el fondo de este asunto son las solicitudes de expropiación de estas parcelas por parte de los que dicen ostentar la propiedad de las mismas, derivada de la no ejecución del Plan General aprobado en el año 2013. Esta solicitud de expropiación se realiza al amparo del artículo 86 de la Ley 2/2016 del Suelo de Galicia, que faculta a la persona titular de los bienes para advertir a la Administración de su propósito de iniciar el expediente de justiprecio, transcurridos más de 5 años de la entrada en vigor del plan sin que se llevara a efecto la expropiación de los terrenos, que están destinados a sistemas generales o locales que no hayan de ser objeto de cesión obligatoria. Este inicio de expediente se podrá hacer por ministerio de ley si transcurridos otros dos años desde el momento de efectuar esta advertencia. Sorprendentemente nos encontramos en este punto, puesto que las solicitudes fueron presentadas en el año 2018, siendo Gobierno Marea Atlántica. Por eso me extraña, señor Martínez, que diga usted que desconocía en este punto la existencia de estos expedientes, heredados por el actual Gobierno municipal, pasando ya casi dos años del actual mandato.

Descoñecemos os contactos ou negociacións que uns ou outros puideran efectuar, e tampouco os seus resultados, aínda que a vista da tramitación deste asunto non se intúe nada bo. E debo advertirlles que é un mal precedente para a futura reclamación por feitos similares que poidan presentarse.

Desconocemos los contactos o negociaciones que unos u otros hubieran podido efectuar, y tampoco sus resultados, aunque a la vista de la tramitación de este asunto no se intuye nada bueno. Y debo advertirles que es un mal precedente para la futura reclamación por hechos similares que puedan presentarse.

É curioso que no caso da parcela do Ventorrillo sexa unha entidade bancaria a que solicita a expropiación do chan, a determinación do xustiprecio e o pago

Es curioso que en el caso de la parcela del Ventorrillo sea una entidad bancaria la que solicita la expropiación del suelo, la determinación del justiprecio y el

do mesmo, facendo referencia a un convenio co Concello da Coruña do ano 89, do que ao parecer descoñécese o grao de cumprimento do mesmo por ambas partes. Confiemos en non estar a falar doutra herdanza do urbanismo socialista deses anos.

pago del mismo, haciendo referencia a un convenio con el Ayuntamiento de A Coruña del año 89, del que al parecer se desconoce el grado de cumplimiento del mismo por ambas partes. Confiemos en no estar hablando de otra herencia del urbanismo socialista de esos años.

Algo similar pódese dicir doutra parcela situada no polígono dos Rosales, onde o Concello pretendía conveniar con unha empresa o cambio de uso e a adxudicación doutra parcela. Outro convenio do ano 2007.

Algo similar se puede decir de otra parcela ubicada en el polígono de los Rosales, donde el Ayuntamiento pretendía convenir con una empresa el cambio de uso y la adjudicación de otra parcela. Otro convenio del año 2007.

Ás trece horas e trinta e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las trece horas y treinta y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

E o mesmo podemos dicir das parcelas propiedade dunha promotora que, ao estar incluídas no desenvolvemento do polígono dos Rosales, non se entende que non se cederan ao comunal dito desenvolvemento. Ou a parcela na estrada dos Fortes, que se trate dun viario de uso público na actualidade.

Y lo mismo podemos decir de las parcelas propiedad de una promotora que, al estar incluidas en el desarrollo del polígono de los Rosales, no se entiende que no se hubieran cedido al comunal dicho desarrollo. O la parcela en la carretera de los Fuertes, que se trate de un viario de uso público en la actualidad.

Non quero finalizar a miña intervención sen lembrar a advertencia que a Secretaría Xeral deste Concello realiza no seu informe, no que recomenda que con carácter previo a adopción doutro tipo de acordos, durante o período de suspensión cautelar, un procedemento de investigación se a vista dos datos do parcelario ou dos bens afectados puidese presumirse a existencia de titularidade desta entidade local nalgún dos predios do ámbito afectado. Creo este consello moi oportuno a vista do estado pouco clarificador no que se atopan os antecedentes dos expedientes.

No quiero finalizar mi intervención sin recordar la advertencia que la Secretaría General de este Ayuntamiento realiza en su informe, en el que recomienda que con carácter previo a la adopción de otro tipo de acuerdos, durante el período de suspensión cautelar, un procedimiento de investigación si a la vista de los datos del parcelario o de los bienes afectados pudiera presumirse la existencia de titularidad de esta entidad local en alguno de los predios del ámbito afectado. Creo este consejo muy oportuno a la vista del estado poco clarificador en el que se encuentran los antecedentes de los expedientes.

Por tanto, por non dispoñer da información suficiente neste momento, por descoñecer as xestións realizadas ou non por este Concello en defensa do

Por tanto, por no disponer de la información suficiente en este momento, por desconocer las gestiones realizadas o no por este Ayuntamiento en defensa del

interese xeral e porque somos conscientes de que é necesario tomar medidas, este Grupo Municipal do Partido Popular vai absterse na votación deste asunto.

Moitas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Señor Díaz Villoslada

Señor Díaz Villoslada

Si, por seguir cada unha das consideracións formuladas polos Grupos. Con carácter xeral, chama un pouco, digo un pouco, a atención as posicións de abstención ante un asunto que, é certo, é competencia plenaria, señor Martínez, é certo que é un asunto que traemos ao Pleno para sacalo por parte do Goberno municipal, senón que é un asunto para que, se o aproba o Pleno, é un asunto que responde a un acordo plenario, polo tanto un acordo da Corporación. Pero digo que chama a atención as posicións de abstención porque aquí o que estamos a propoñer é un mecanismo cautelar, un mecanismo de protección do planeamento urbanístico, un mecanismo de protección dos intereses xerais urbanísticos do Concello, ante dúas solicitudes por parte de empresas titulares destas parcelas de expropiacións solicitadas por ministerio da lei, conforme ao mecanismo que ven de describir o señor Deus, e que polo paso de prazos pode dar lugar a unha serie de xustiprecios que graven as arcas municipais. Se iso o podemos evitar, evidentemente creo que temos a máxima responsabilidade por parte do Goberno municipal en tratar de aplicar os mecanismos que nos ofrece a

interés general y porque somos conscientes de que es necesario tomar medidas, este Grupo Municipal del Partido Popular se va a abstener en la votación de este asunto.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Deus.

Señor Díaz Villoslada

Señor Díaz Villoslada

Sí, por seguir cada una de las consideraciones formuladas por los Grupos. Con carácter general, llama un poco, digo un poco, la atención las posiciones de abstención ante un asunto que, es cierto, es competencia plenaria, señor Martínez, es cierto que es un asunto que traemos al Pleno para sacarlo por parte del Gobierno municipal, sino que es un asunto para que, si lo aprueba el Pleno, es un asunto que responde a un acuerdo plenario, por lo tanto un acuerdo de la Corporación. Pero digo que llama la atención las posiciones de abstención porque aquí lo que estamos proponiendo es un mecanismo cautelar, un mecanismo de protección del planeamiento urbanístico, un mecanismo de protección de los intereses generales urbanísticos del Ayuntamiento, ante dos solicitudes por parte de empresas titulares de estas parcelas de expropiaciones solicitadas por ministerio de la ley, conforme al mecanismo que viene de describir el señor Deus, y que por el paso de plazos puede dar lugar a una serie de justiprecios que graven las arcas municipales. Si eso lo podemos evitar, evidentemente creo que tenemos la máxima responsabilidad por parte del Gobierno municipal en tratar de aplicar

normativa urbanística para, cautelarmente, suspender licencias, suspender instrumentos de planeamento e efectivamente evitar que prosperen esas expropiacións por ministerio da lei que poderían alcanzar algunha contía certamente importante.

los mecanismos que nos ofrece la normativa urbanística para, cautelarmente, suspender licencias, suspender instrumentos de planeamiento y efectivamente evitar que prosperen esas expropiaciones por ministerio de la ley que podrían alcanzar alguna cuantía ciertamente importante.

Por iso é que chama a atención que fronte a este exercicio de responsabilidade urbanística, por parte da Concellaría de Urbanismo en este caso, a posición dos Grupos que alegan falta de información non sexa precisamente acompañar esas medidas cautelares protectoras que, como ben di a señora Veira, é un acordo no que só tomamos a medida de suspensión. Efectivamente, a clarificación urbanística que se faga con estas parcelas con motivo da aprobación definitiva no seu momento da norma zonal 8, será outro asunto que se traerá a este Pleno para debate e no seu caso aprobación.

Por eso es que llama la atención que frente a este ejercicio de responsabilidad urbanística, por parte de la Concejalía de Urbanismo en este caso, la posición de los Grupos que alegan falta de información no sea precisamente acompañar esas medidas cautelares protectoras que, como bien dice la señora Veira, es un acuerdo en el que solo tomamos la medida de suspensión. Efectivamente, la clarificación urbanística que se haga con estas parcelas con motivo de la aprobación definitiva en su momento de la norma zonal 8, será otro asunto que se traerá a este Pleno para debate y en su caso aprobación.

Feita esta consideración —porque chama a atención esta contradición—, eu creo que é unha contradición por parte dos Grupos que se absteñen claramente en avogar por unha protección do urbanismo e sen embargo non apoiar as medidas de protección de urbanismo, é dicir, do interese público municipal. Eu quero sinalar que efectivamente, tamén o sinalaba o señor Deus, pero señor Martínez, estas expropiacións por ministerio da lei formuláronse durante o Goberno municipal anterior e non se tomou ningunha medida cautelar de reacción ou de protección dos intereses urbanísticos municipais, tanto no polígono das Roseiras como neste ámbito do Ventorrillo.

Hecha esta consideración —porque llama la atención esta contradicción—, yo creo que es una contradicción por parte de los Grupos que se abstienen claramente en abogar por una protección del urbanismo y sin embargo no apoyar las medidas de protección de urbanismo, es decir, del interés público municipal. Yo quiero señalar que efectivamente, también lo señalaba el señor Deus, pero señor Martínez, estas expropiaciones por ministerio de la ley se formularon durante el Gobierno municipal anterior y no se tomó ninguna medida cautelar de reacción o de protección de los intereses urbanísticos municipales, tanto en el polígono de los Rosales como en este ámbito del Ventorrillo.

Sempre se pode mellorar o diálogo, sempre se pode mellorar a información, eu creo que un asunto, non vou dicir

Siempre se puede mejorar el diálogo, siempre se puede mejorar la información, yo creo que un asunto, no voy a decir que

que menor, pero un asunto destas características, que non supón un posicionamento político global do Goberno nin da Corporación, senón que é aplicar un mecanismo urbanístico establecido na lexislación galega do solo, e tiña eu creo que a información suficiente —en todo caso a información que se solicitou nesa comisión informativa deste pasado luns, ao día seguinte facilitouse polos servicios de Urbanismo— e eu creo que a información estaba ben completa. Posiblemente se podan mellorar os canais de información e os canais de participación, pero en este sentido eu creo que, creo que debemos deixar —falo un pouco en plural maxestático— de ver tantas pantasmas en todos estes expedientes. Aquí única y exclusivamente se trata de protexer os intereses municipais de dúas expropiacións solicitadas por ministerio da lei que poderían, insisto, gravar as contas municipais, e polo tanto, agradecemos, si, evidentemente, ese voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, que creo que é responsable con esta medida cautelar. Non estamos trasladando aquí ningún outro tipo de acordo. E insisto en que me parece de unha certa polo menos contradición a posición de abstención dos outros Grupos, e como reiteradamente se fala, se trata de protexer os intereses xerais, en este caso no ámbito do urbanismo.

menor, pero un asunto de estas características, que no supone un posicionamiento político global del Gobierno ni de la Corporación, sino que es aplicar un mecanismo urbanístico establecido en la legislación gallega del suelo, y tenía yo creo que la información suficiente —en todo caso la información que se solicitó en esa comisión informativa de este pasado lunes, al día siguiente se facilitó por los servicios de Urbanismo— y yo creo que la información estaba bien completa. Posiblemente se puedan mejorar los canales de información y los canales de participación, pero en este sentido yo creo que, creo que debemos dejar —hablo un poco en plural mayestático— de ver tantos fantasmas en todos estos expedientes. Aquí única y exclusivamente se trata de proteger los intereses municipales de dos expropiaciones solicitadas por ministerio de la ley que podrían, insisto, gravar las cuentas municipales, y por lo tanto, agradecemos, sí, evidentemente, ese voto favorable del Bloque Nacionalista Galego, que creo que es responsable con esta medida cautelar. No estamos trasladando aquí ningún otro tipo de acuerdo. E insisto en que me parece de una cierta por lo menos contradicción la posición de abstención de los otros Grupos, y como reiteradamente se habla, se trata de proteger los intereses generales, en este caso en el ámbito del urbanismo.

Grazas.

Gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Díaz Villoslada.

Muchas gracias, señor Díaz Villoslada.

Procedemos á votación deste punto. Non constan emendas presentadas.

Procedemos a la votación de este punto. No constan enmiendas presentadas.

Votación do asunto número oito

Votación del asunto número ocho

Seguidamente, por parte da Presidencia sométese a votación o asunto número oito referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente, por parte de la Presidencia se somete a votación el asunto número ocho referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).

Abstense o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 abstencións).
Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Se abstiene el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 abstenciones).
Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).

Abstense a concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Se abstiene la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo (1 abstención).

Presidencia

Moitas grazas.

Queda aprobado este asunto.

Presidencia

Muchas gracias.

Queda aprobado este asunto.

Acordo

PRIMEIRO.- No marco da modificación puntual do PXOM da Norma Zonal nº 8 relativa a equipamentos, proceder ao estudio e análise da posible modificación da cualificación urbanística de determinadas parcelas cualificadas como dotacionais no Polígono das Roseiras, así como no contorno do depósito do Ventorrillo cualificado como espazo libre público, para os efectos de determinar a súa cualificación como pública ou privada, identificando as dotacións urbanísticas existentes de titularidade e/ou uso

Acuerdo

PRIMERO.- En el marco de la modificación puntual del PGOM de la Norma Zonal nº 8 relativa a equipamientos, proceder el estudio y análisis de la posible modificación de la calificación urbanística de determinadas parcelas calificadas como dotacionales en el Polígono de los Rosales, así como en el contorno del depósito del Ventorrillo calificado como espacio libre público, a los efectos de determinar su calificación como pública o privada, identificando las dotaciones urbanísticas existentes de titularidad y/o uso privado.

privado.

SEGUNDO.- Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, xestión do solo incluídos os de expropiación forzosa, execución material e licenzas no ámbito grafado que se xunta ao presente acordo e nas parcelas catastrais:

- 6424905NJ4062N
- 6426503NJ4062N
- 5729202NJ4052N
- 6225905NJ4062N, agás a porción afectada pola Modificación Puntual nº 1/2016, relativa ao Camiño do Cura.

Asemade, as parcelas obxecto deste acordo de suspensión que non contan con referencia catastral son as delimitadas no plano que se xunta a este acordo.

Xúntase a este acordo a delimitación do ámbito de suspensión grafada no plano que se achega, así como o resume executivo.

A duración máxima da dita suspensión será dun ano. Sen prexuízo do anterior, a dita medida cautelar poderá ser obxecto de alzamento no marco da tramitación da modificación puntual.

A suspensión non afectará aos usos e actividades sinalados no art. 86.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do Solo.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na sede electrónica do Concello.

CUARTO.-.- Notificar este acordo aos

SEGUNDO.- Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento, gestión del suelo incluidos los de expropiación forzosa, ejecución material y licencias en el ámbito grafiado que se adjunta al presente acuerdo y en las parcelas catastrales:

- *6424905NJ4062N*
- *6426503NJ4062N*
- *5729202NJ4052N*
- *6225905NJ4062N, excepto la porción afectada por la Modificación Puntual nº 1/2016, relativa al Camino del Cura.*

Al mismo tiempo, las parcelas objeto de este acuerdo de suspensión que no cuentan con referencia catastral son las delimitadas en el plano que acompaña a este acuerdo.

Se adjunta a este acuerdo la delimitación del ámbito de suspensión grafiada en el plano que se acompaña, así como el resumen ejecutivo.

La duración máxima de la citada suspensión será de un año. Sin perjuicio de lo anterior, dicha medida cautelar podrá ser objeto de alzamiento en el marco de la tramitación de la modificación puntual.

La suspensión no afectará a los usos y actividades señalados en el art. 86.3 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que fue aprobado el reglamento de la Ley del Suelo.

TERCERO.- Publicar el acuerdo de suspensión en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia, así como en la sede electrónica del Ayuntamiento.

CUARTO.-.- Notificar este acuerdo a los

Departamentos municipais implicados na execución do planeamento.

Departamentos municipales implicados en la ejecución del planeamiento.

Presidencia

Presidencia

Rematamos xa a Parte Resolutiva, pasamos á Segunda Parte, Parte non resolutiva, Control e seguimento da xestión.

Finalizamos ya la Parte Resolutiva, pasamos a la Segunda Parte, Parte no resolutiva, Control y seguimiento de la gestión.

II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:

II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:

Ter coñecemento:

Tener conocimiento:

- Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número catrocentos cincuenta e catro (454) do 11 de xaneiro de 2021, á número tres mil noventa e sete (3.097) do 31 de xaneiro de 2021.

- De las resoluciones de la Xunta de Gobierno Local, desde a número cuatrocientos cincuenta y cuatro (454) de 11 de enero de 2021, a la número tres mil noventa y siete (3.097) de 31 de enero de 2021.

- Dos decretos da Alcaldía, desde o número noventa e tres (93) do 11 de xaneiro de 2021, ao número seiscentos trinta e dous (632) do 30 de xaneiro de 2021.

- De los decretos de la Alcaldía, desde el número noventa y tres (93) de 11 de enero de 2021, al número seiscientos treinta y dos (632) de 30 de enero de 2021.

En cumprimento do previsto no artigo 124-4-h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a dación de conta para a toma de coñecemento da antedita inclúe os decretos ditados pola Alcaldía relacionados coa crise provocada pola COVID-19.

En cumplimiento del previsto en el artículo 124-4- h) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, la dación de cuenta para la toma de conocimiento de la antedicha incluye los decretos dictados por la Alcaldía relacionados con la crisis provocada por la COVID-19.

- Dos informes definitivos da auditoría de Contas Anuais do Consorcio de Turismo e Congresos e da Fundación Luís Seoane dos exercicios 2016 e 2017, e do informe da auditoría de Contas Anuais da Fundación Emalcsa do exercicio 2017.

- De los informes definitivos de la auditoría de Cuentas Anuales del Consorcio de Turismo y Congresos y de la Fundación Luís Seoane de los ejercicios 2016 y 2017, y del informe de la auditoría de Cuentas Anuales de la Fundación Emalcsa del ejercicio 2017.

2º. Mocións

2º. Mociones

Presidencia

Presidencia

Ben, pasamos xa ás mocións.

Comeza a concelleira non adscrita, dona Isabel Faraldo Calvo coa primeira das súas mocións para un plan integral de accesibilidade peonil e rodada á que consta unha emenda de adición do Partido Popular.

Señora Faraldo, cando queira.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA Dª ISABEL FARALDO CALVO

Primeira. Moción para un plan integral de accesibilidade peonil e rodada no barrio da segunda fase de Elviña, Birloque, Martinete e Camiño da Igrexia.

Sobre esta moción o Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha emenda de adición.

Señora Faraldo Calvo

Grazas, señora alcaldesa.

Bueno, pois chegaron a nós a través da Asociación de Veciños dos Anxos unha serie de inquedanzas do barrio da Segunda Fase de Elviña, que incluía tamén Birloque, Martinete de Camiño da Igrexia, que traducimos en demandas de mellora para a súa veciñanza, un barrio cunha poboación próxima ós 10.000 habitantes que supón o 4 % da poboación total, cunha baixa densidade, pero un proxecto urbanístico que destacou na década dos 70 con criterios arquitectónicos vangardistas, pero cunha feble arquitectura.

Ás trece horas e corenta e oito minutos saen do Salón de Sesións o señor Lema Suárez e a señora Sobral Cabanas.

Bien, pasamos ya a las mociones.

Comienza la concejala no adscrita, doña Isabel Faraldo Calvo con la primera de sus mociones para un plan integral de accesibilidad peatonal y rodada a la que consta una enmienda de adición del Partido Popular.

Señora Faraldo, cuando quiera.

MOCIONES PRESENTADAS POR LA CONCEJALA NO ADSCRITA Dª ISABEL FARALDO CALVO

Primera. Moción para un plan integral de accesibilidad peatonal y rodada en el barrio de la segunda fase de Elviña, Birloque, Martinete y Camino de la Iglesia.

Sobre esta moción el Grupo Municipal del Partido Popular presenta una enmienda de adición.

Señora Faraldo Calvo

Gracias, señora alcaldesa.

Bueno, pues llegaron a nosotros a través de la Asociación de Vecinos dos Anxos una serie de inquietudes del barrio de la Segunda Fase de Elviña, que incluía también Birloque, Martinete de camino de la Iglesia, que traducimos en demandas de mejora para su vecindario, un barrio con una población próxima a los 10.000 habitantes que supone el 4 % de la población total, con una baja densidad, pero un proyecto urbanístico que destacó en la década de los 70 con criterios arquitectónicos vanguardistas, pero con una endeble arquitectura.

A las trece horas y cuarenta y ocho minutos salen del Salón de Sesiones el señor Lema Suárez y la señora Sobral Cabanas.

Hoxe, 50 anos despois, os edificios resenten o paso do tempo, o barrio sufre, por un lado as carencias do correcto encaixe coas zonas, cos barrios limítrofes, e por outro o distanciamento das políticas de melloras barriales.

Hoy, 50 años después, los edificios resienten el paso del tiempo, el barrio sufre, por un lado las carencias del correcto encaje con las zonas, con los barrios limítrofes, y por otro el distanciamiento de las políticas de mejoras barriales.

Atopámonos así, deste xeito, con exemplos múltiples que se achegarán, que se achegaron, de feito, a través de fotos, a esta moción, e que piden facer unha revisión para acometer pequenas ou medianas obras nas infraestruturas da zona: estradas, sinalizacións, fincas en estado de abandono, beirarrúas sen rematar ou carencia das mesmas, pasos peonís mal orientados, prazas de cemento en desuso. O exposto en moitos casos —temos que subliñalo— supón un risco na seguridade de veciñas e veciños, é unha cuestión que afecta á salubridade e noutras, con vontade política e poucos medios, suporía unha mellora na calidade da vida cotiá da veciñanza. Poñemos como exemplos máis claros de falta de accesibilidade peonil que existe unha senda de tránsito peonil habitual entre a avenida de Glasgow e a rúa Lonzas, e a vía sur da rotonda das Rañas, que sen embargo non está condicionada para que dito uso se produza nunhas condicións mínimas de seguridade, accesibilidade e confort.

Aun así, como muestra de buena voluntad, porque lo que se van a votar son los puntos concretos que enumera el Partido Popular, aunque está diciendo ahora todo lo contrario de lo que practicó, vamos a demostrar que nosotros sí que tenemos buena voluntad, señora Peñalosa, y aun así también votaremos a favor de su moción.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Por el Grupo Socialista, señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Gracias, señora alcaldesa.

A veces los plenos de las grandes ciudades se acaban convirtiendo en plenos que parecen de cámaras legislativas, ¿no?, no voy a decir de la ONU pero... en fin, están bien.

Pues en este mismo Pleno, este Gobierno trajo una modificación de una ordenanza para bajar el precio del agua, el precio

o prezo da depuración ás pequenas empresas que o están a pasar mal a causa da pandemia, non? algo que dependía de nós. Tamén temos un compromiso, señora García, que seguiremos impulsando, para un operador enerxético, tal e como vostede coñece, e efectivamente, estamos de acordo. Como non podiamos estar de acordo coa aplicación de bonificacións nas tarifas de servizos básicos a todos aqueles que as precisan? Na luz, tamén. É máis, o Goberno socialista de España, o Goberno que preside Pedro Sánchez, está a estudar unha fonda modificación do sistema fiscal da electricidade e xa existe na actualidade un anteproxecto de lei para restar custes ás renovables e poder abaratar o recibo ata un 13 %.

de la depuración a las pequeñas empresas que lo están pasando mal a causa de la pandemia, ¿no? algo que dependía de nosotros. También tenemos un compromiso, señora García, que seguiremos impulsando, para un operador energético, tal y como usted conoce, y efectivamente, estamos de acuerdo ¿Cómo no podíamos estar de acuerdo con la aplicación de bonificaciones en las tarifas de servicios básicos a todos aquellos que las necesitan? En la luz, también. Es más, el Gobierno socialista de España, el Gobierno que preside Pedro Sánchez, está estudiando una honda modificación del sistema fiscal de la electricidad y ya existe en la actualidad un anteproyecto de ley para restar costes a las renovables y poder abaratar el recibo hasta un 13%.

O que pasa é que en España hai un debate bastante hipócrita en torno á enerxía. Permítanme que non me ateña ó argumentario porque ter este tipo de debates e non dicir algunhas verdades da hipocrisía que hai, na que se require o abaratamento da enerxía, se deixa de producir debates reais sobre o conxunto da enerxía, como por exemplo, condenar que se poida falar da enerxía nuclear, ah! pero non nos importa que esa mesma enerxía comprarlla a Francia e a Marruecos, que é o que está pasando agora mesmo.

Lo que pasa es que en España hay un debate bastante hipócrita en torno a la energía. Permítanme que no me atenga al argumentario porque tener este tipo de debates y no decir algunas verdades de la hipocresía que hay, en la que se requiere el abaratamiento de la energía, se deja de producir debates reales sobre el conjunto de la energía, como por ejemplo, condenar que se pueda hablar de la energía nuclear, ¡ah! pero no nos importa que esa misma energía comprársela a Francia y a Marruecos, que es lo que está pasando ahora mismo.

Claro, este tipo de cousas son moi propias de cando os debates se fan a golpe de tuit, e cando se lle promete á xente que non vai a ter que pagar a electricidade, como pasou no ano 2014 cando os que viñan a inventar a roda lle dicían á xente que non ían ter que pagar, que non se preocupara, que a luz xa non a tiñan que ir pagar. O que pasa é que agora, cando chega o momento de dar trigo, supoño que todos descubrimos un pouco máis a complexidade. Por iso falo de feitos, do que está a facer o Goberno de España.

Claro, este tipo de cosas son muy propias de cuando los debates se hacen a golpe de tuit, y cuando se le promete a la gente que no va a tener que pagar la electricidad, como pasó en el año 2014 cuando los que venían a inventar la rueda le decían a la gente que no iban a tener que pagar, que no se preocuparan, que la luz ya no la tenían que ir a pagar. Lo que pasa es que ahora, cuando llega el momento de dar trigo, supongo que todos descubrimos un poco más la complejidad. Por eso hablo de hechos, de lo que está haciendo el Gobierno de

De feito, foi un goberno socialista o que o 5 de outubro de 2018 ampliou por decreto-lei os supostos do bono social eléctrico e creou o bono social térmico. En abril do 2019 aprobouse tamén cun goberno socialista presidido por Pedro Sánchez a estratexia nacional contra a pobreza enerxética. E é certo que este goberno municipal tamén ten adquirido compromisos, como lle dicía á señora García, por iso vemos con mellores ollos a súa proposta, a proposta que plantea a Marea Atlántica.

España. De hecho, fue un gobierno socialista el que el 5 de octubre de 2018 amplió por decreto-ley los supuestos del bono social eléctrico y creó el bono social térmico. En abril del 2019 se aprobó también con un gobierno socialista presidido por Pedro Sánchez la estrategia nacional contra la pobreza energética. Y es cierto que este gobierno municipal también ha adquirido compromisos, como le decía a la señora García, por eso vemos con mejores ojos su propuesta, la propuesta que plantea la Marea Atlántica.

Creo que falar, por parte do Partido Popular, da enerxía e da electricidade e facelo con tan pouco rigor, pois a verdade é que non é propio dunha forza que tivo responsabilidades de goberno durante moito tempo tamén no Estado.

Creo que hablar, por parte del Partido Popular, de la energía y de la electricidad y hacerlo con tan poco rigor, pues la verdad es que no es propio de una fuerza que tuvo responsabilidades de gobierno durante mucho tiempo también en el Estado.

Non podemos estar de acordo coa iniciativa que presenta aquí o Partido Popular, é máis, sabemos que o Partido Popular tampouco está de acordo con isto. Ao señor Rodríguez gustoulle moito poñer exemplos cinéfilos. Eu diríalle que dos creadores do imposto ó sol, que todos recordamos, agora chega a nova película: maxia no recibo. Vostedes teñen solucións que cando estiveron no Goberno, pois non as atoparon.

No podemos estar de acuerdo con la iniciativa que presenta aquí el Partido Popular, es más, sabemos que el Partido Popular tampoco está de acuerdo con esto. Al señor Rodríguez le gustó mucho poner ejemplos cinéfilos. Yo le diría que de los creadores del impuesto al sol, que todos recordamos, ahora llega la nueva película: magia en el recibo. Ustedes tienen soluciones que cuando estuvieron en el Gobierno, pues no las encontraron.

Podería dicir, señor Jorquera, e o digo, que a verdade é que vostede é ocorrente, fronte a aquelo que dicían, que se era aburrido. Eu sempre vin que era unha persoa ocorrente. Non vou a pedir aquí a beatificación para que ninguén se poña nervioso, eh? Xa sabe que coincidimos en moitas cousas. Os membros dos consellos de Administración son de tódolos partidos que alcanzan unha certa representatividade. Vostede citounos a

Podría decir, señor Jorquera, y lo digo, que la verdad es que usted es ocurrente, frente a aquello que decían, que si era aburrido. Yo siempre vi que era una persona ocurrente. No voy a pedir aquí la beatificación para que nadie se ponga nervioso, ¿eh? Ya sabe que coincidimos en muchas cosas. Los miembros de los consejos de Administración son de todos los partidos que alcanzan una cierta representatividad. Usted los citó a casi todos, a los nacionalistas de

case todos, ós nacionalistas de Convergencia e Unió, do PNV, ós do Partido Socialista, ós do Partido Popular... Hai bastante hipocrisía con iso, porque os seus tamén participaron de consellos de Administración, doutros, dos consellos de Administración das Caixas galegas. Si, o digo para que non teñan a tentación... Por que se poñen nerviosos? Se eu escoiteinos atentamente cando dixeron que o expresidente do Goberno, Felipe Gonzalez, formara parte do consello de Administración dunha eléctrica, 16 anos despois de ter sido presidente do Goberno. Por que se poñen nerviosos? É que os seus compañeiros nacionalistas non teñen estado nesas famosas Caixas que non se sabe moi ben por quen eran dirixidas e nas que pasaron bastantes cousas? Vostedes tamén formaron parte dos consellos de Administración. Sexan un pouquiño humildes **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —remato, señora alcaldesa— e non veñan a pensar que é... Aquí non hai ninguén virxe, que se sepa, que se sepa. Con cordialidade e sen acritude, pero... A min tamén me gustan algúns sketchs máis de Polònia, pero tamén me gusta que a xente respecte a legalidade, empezando polos independentistas cataláns.
Nada máis e moitas grazas.

Convergencia y Unió, del PNV, a los del Partido Socialista, a los del Partido Popular... Hay bastante hipocresía con eso, porque los suyos también participaron de consejos de Administración, de otros, de los consejos de Administración de las Cajas gallegas. Sí, lo digo para que no tengan la tentación... ¿Por qué se ponen nerviosos? Si yo los escuché atentamente cuando dijeron que el expresidente del Gobierno, Felipe González, había formado parte del consejo de Administración de una eléctrica, 16 años después de haber sido presidente del Gobierno ¿Por qué se ponen nerviosos? ¿Es que sus compañeros nacionalistas no han estado en esas famosas Cajas que no se sabe muy bien por quién eran dirigidas y en las que pasaron bastantes cosas? Ustedes también formaron parte de los consejos de Administración. Sean un poquito humildes ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo, señora alcaldesa— y no vengan a pensar que es... Aquí no hay nadie virgen, que se sepa, que se sepa. Con cordialidad y sin acritud, pero... A mí también me gustan algunos sketchs más de Polònia, pero también me gusta que la gente respete la legalidad, empezando por los independentistas catalanes.*

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señor Lage.

Ben, imos proceder á votación por separado.

Os propoñentes da moción da Marea, aceptan a emenda do Bloque Nacionalista Galego? Si, queda incorporada, vale.

A propoñente do Partido Popular xa dixo que rexeitaba a emenda do Bloque,

Presidencia

Muchas gracias, señor Lage.

Bien, vamos a proceder a la votación por separado.

Los proponentes de la moción de la Marea, ¿aceptan la enmienda del Bloque Nacionalista Galego? Sí, queda incorporada, vale.

La proponente del Partido Popular ya dijo que rechazaba la enmienda del

é correcto? Si.

Pois imos proceder en primeiro lugar á votación da moción da Marea Atlántica xa coa emenda incorporada.

Votación da primeira moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica transaccionada co Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) transaccionada co Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) sobre o prezo da enerxía eléctrica, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG- PSOE) (9 votos)

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións)

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Ben, pois queda aprobada esta moción.

33. Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica transaccionada co Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre

Bloque, ¿es correcto? Sí.

Pues vamos a proceder en primer lugar a la votación de la moción de la Marea Atlántica ya con la enmienda incorporada.

Votación de la primera moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica transaccionada con el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) transaccionada con el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) sobre el precio de la energía eléctrica, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones)

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Bien, pues queda aprobada esta moción.

33. Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica transaccionada con el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el

o prezo da enerxía eléctrica.

Acordo

1. Instar o Goberno do Estado a cumprir os seus compromisos e acometer con urxencia a reforma estrutural do mercado eléctrico, para avanzar na xustiza social e na protección ambiental, actuando entre outros factores no réxime regulatorio marxinal de prezos e nos "beneficios caídos do ceo".

2. Instar o Goberno do Estado a adoptar medidas inmediatas para amortecer o encarecemento da electricidade nunha poboación xa afectada pola crise da Covid.
3. Instar ao Goberno do Estado a actuar sobre outros compoñentes do recibo que dependen do seu marco regulatorio para, entre outras cuestións:

- diminuír o peso que comparativamente ten a parte fixa da factura en relación coa dependente do consumo, para incentivar ademais o aforro enerxético.

- reducir o IVE que se lle aplica á factura eléctrica, sobre todo aos consumos máis baixos, como fan Portugal ou Italia, nunha medida redistributiva que ademais incentiva reducir o consumo.

4. Instar o Goberno do Estado a reformar a fiscalidade da enerxía e da electricidade, afondando no carácter redistributivo e incorporando o "mínimo vital garantido" que blinde o acceso a un subministro mínimo a persoas vulnerables.

5. Instar o Goberno do Estado a mellorar o bono social facilitando, entre outros aspectos:

precio de la energía eléctrica.

Acuerdo

1. Instar al Gobierno del Estado a cumplir sus compromisos y acometer con urgencia a reforma estructural del mercado eléctrico, para avanzar en la justicia social y en la protección ambiental, actuando entre otros factores en el régimen regulatorio marginal de precios y en los "beneficios caídos del cielo".

2. Instar al Gobierno del Estado a adoptar medidas inmediatas para amortiguar el encarecimiento de la electricidad en una población ya afectada por la crisis de la Covid.
3. Instar al Gobierno del Estado a actuar sobre otros componentes del recibo que dependen de su marco regulatorio para, entre otras cuestiones:

- disminuir el peso que comparativamente tiene la parte fija de la factura en relación con la dependiente del consumo, para incentivar además el ahorro energético.

- reducir el IVA que se le aplica a la factura eléctrica, sobre todo a los consumos más bajos, como hacen Portugal o Italia, en una medida redistributiva que además incentiva reducir el consumo.

4. Instar al Gobierno del Estado a reformar la fiscalidad de la energía y de la electricidad, ahondando en el carácter redistributivo e incorporando el "mínimo vital garantizado" que blinde el acceso a un suministro mínimo la personas vulnerables.

5. Instar al Gobierno del Estado a mejorar el bono social facilitando, entre otros aspectos:

- a concesión automática e de oficio a través dos datos da Axencia Tributaria, a Seguridade Social e Servizos Sociais.

- a adaptación a novos modelos familiares e unidades de convivencia.

5. bis. Instar o Goberno central a establecer compensacións tarifarias ás comunidades produtoras excedentarias de enerxía eléctrica, para abaratar a factura da luz, actuando sobre o custo do transporte, de forma que se compensen os custos sociais e ambientais producidos.

6. Instar o Goberno do Estado, a Xunta de Galicia e o Goberno local a incrementar as medidas de impulso á rehabilitación enerxética do parque de vivenda para reducir o consumo dos fogares máis precarios.

7. Instar ao Goberno local da Coruña a axilizar as medidas acordadas en materia de enerxía, tales como:

- a creación dun operador enerxético municipal como ferramenta básica de xustiza social, democratización e transición ecolóxica ante a crise climática.

- a posta en marcha da Oficina da Enerxía, para asesoramento enerxético e tramitación do bono social.

8. Instar ao Goberno local a manter o consumo de electricidade 100 % renovable vixente dende 2018.

<u>Presidencia</u>

En primeiro lugar votaremos a emenda de adición do Bloque Nacionalista Galego e posteriormente, de non prosperar, a moción.

- la concesión automática y de oficio a través de los datos de la Agencia Tributaria, la Seguridad Social y Servicios Sociales.

- la adaptación a nuevos modelos familiares y unidades de convivencia.

5. bis. Instar al Gobierno central a establecer compensaciones tarifarias a las comunidades productoras excedentarias de energía eléctrica, para abaratar la factura de la luz, actuando sobre el coste del transporte, de forma que se compensen los costes sociales y ambientales producidos.

6. Instar al Gobierno del Estado, a la Xunta de Galicia y al Gobierno local a incrementar las medidas de impulso a la rehabilitación energética del parque de vivienda para reducir el consumo de los hogares más precarios.

7. Instar al Gobierno local de A Coruña a agilizar las medidas acordadas en materia de energía, tales como:

- la creación de un operador energético municipal como herramienta básica de justicia social, democratización y transición ecológica ante la crisis climática.

- la puesta en marcha de la Oficina de la Energía, para asesoramiento energético y tramitación del bono social.

8. Instar al Gobierno local a mantener el consumo de electricidad 100 % renovable vigente desde 2018.

<u>Presidencia</u>

En primer lugar votaremos la enmienda de adición del Bloque Nacionalista Galego y posteriormente, de no prosperar, la moción.

Votación da emenda presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego á primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de adición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) á primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular (PP) sobre medidas para rebaixar o prezo da luz, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG- PSOE) (9 votos)

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota en contra a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención)

Presidencia

Ben, decae a emenda.

Votación da primeira moción do Grupo Municipal do Partido Popular

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular (PP) sobre medidas para rebaixar o prezo da luz, producíndose o seguinte resultado:

Votación de la enmienda presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego a la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación a enmienda de adición presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) a la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular (PP) sobre medidas para rebajar el precio de la luz, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota en contra la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención)

Presidencia

Bien, decae la enmienda.

Votación de la primera moción del Grupo Municipal del Partido Popular

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) sobre medidas para rebajar el precio de la luz, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG- PSOE) (9 votos)

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota en contra o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota en contra el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota en contra a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota en contra la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota en contra a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Vota en contra la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Grazas. Decae a moción.

Segunda. Moción sobre a vacinación das traballadoras do SAF

Sobre esta moción a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo e o Grupo Municipal do Partido Popular presentan sendas emendas de adición, e o Grupo Municipal do Partido Socialista presenta unha emenda de substitución.

Presidencia

Gracias. Decae la moción.

Segunda. Moción sobre la vacunación de las trabajadoras del SAF

Sobre esta moción la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo y el Grupo Municipal del Partido Popular presentan sendas enmiendas de adición, y el Grupo Municipal del Partido Socialista presenta una enmienda de sustitución.

Presidencia

Segunda das mocións da Marea Atlántica sobre a vacinación das traballadoras do SAF. Consta unha emenda de adición da concelleira non adscrita, unha emenda de substitución do Partido Socialista e unha emenda de adición do Partido Popular.

Señora Cameán, ten a palabra, cando queira.

Presidencia

Segunda de las mociones de la Marea Atlántica sobre la vacunación de las trabajadoras del SAF. Consta una enmienda de adición de la concejala no adscrita, una enmienda de sustitución del Partido Socialista y una enmienda de adición del Partido Popular.

Señora Cameán, tiene la palabra, cuando quiera.

Ás dezasete horas e corenta e sete minutos saen do Salón de Sesións a señora Gallego Neira e o señor Jorquera Caselas.

Señora Cameán Calvete

Si. Sobre as emendas presentadas vaise aceptar, en primeiro lugar a emenda presentada pola concelleira non adscrita, vaise a aceptar a emenda presentada polo Grupo Popular, pero a última delas, a 9644/2021, e non se vai aceptar a do Partido Socialista porque elimina algunhas das demandas das propias traballadoras.

Ben, quero comezar saudando as traballadoras da Plataforma de SAF Galicia, hoxe temos aquí a algunha delas, no Pleno, e a todas as que nos poidan estar vendo en este momento por *streaming*.

Esta moción que hoxe presentamos aquí ten, única e exclusivamente, pois unha motivación. Eu creo que é de sentido común que é coidar de quen nos está coidando, coidar daquelas persoas que están na primeira liña, salvando vidas e que, lamentablemente, pois non están nas mellores condicións, non? Recentemente foi elaborado e publicado un estudo que facía unha análise de aqueles sectores profesionais que están sendo máis afectados pola COVID, que están sendo, pois máis contaxiados e, en segundo lugar, tiñamos ás traballadoras dos servizos de axuda no fogar. Non se pode entender que con estes datos na man, pois non fosen das primeiras persoas chamadas tamén a vacinarse, non? cando si que é certo que outras profesionais de residencias, pois si que foron vacinadas prioritariamente igual que, como é lóxico, os profesionais e as profesionais sanitarias.

A las diecisiete horas y cuarenta y siete minutos salen del Salón de Sesiones la señora Gallego Neira y el señor Jorquera Caselas.

Señora Cameán Calvete

Sí. Sobre las enmiendas presentadas se va a aceptar, en primer lugar la enmienda presentada por la concejala no adscrita, se va a aceptar la enmienda presentada por el Grupo Popular, pero la última de ellas, la 9644/2021, y no se va a aceptar la del Partido Socialista porque elimina algunas de las demandas de las propias trabajadoras.

Bien, quiero comenzar saludando a las trabajadoras de la Plataforma de SAF Galicia, hoy tenemos aquí a alguna de ellas, en el Pleno, y a todas las que nos puedan estar viendo en este momento en línea.

Esta moción que hoy presentamos aquí tiene, única y exclusivamente, pues una motivación. Yo creo que es de sentido común que es cuidar de quien nos está cuidando, cuidar de aquellas personas que están en la primera línea, salvando vidas y que, lamentablemente, pues no están en las mejores condiciones, ¿no? Recientemente fue elaborado y publicado un estudio que hacía un análisis de aquellos sectores profesionales que están siendo más afectados por la COVID, que están siendo, pues más contagiados y, en segundo lugar, teníamos a las trabajadoras de los servicios de ayuda en el hogar. No se puede entender que con estos datos en la mano, pues no fueran de las primeras personas llamadas también a vacunarse, ¿no? cuando sí que es cierto que otras profesionales de residencias, pues sí que fueron vacunadas prioritariamente igual que, como es lógico, los y las profesionales sanitarias.

E ben, hoxe tamén, antes de entrar tamén a desenvolver un pouco máis a moción, gustaríanos, bueno, pois solicitarlle ó Grupo Popular hoxe explicacións pola recente noticia que saltou onte nos medios de comunicación, na nosa opinión profundamente lamentable, que foi que a responsable delegada de DomusVi, esa empresa, esa rede de residencias na que máis maiores morreron en Galicia, pois parece ser que esta responsable foi vacinada nada máis e nada menos que pola Xunta de Galicia, e si que agradeceriamos, xa non só este grupo municipal, senón creo que as veciñas e os veciños, as galegas, unha explicación por parte do seu Grupo porque, xa lles digo, que é absolutamente intolerable que as persoas que están na primeira liña salvando vidas non estean vacinadas e que outras, pois si que poidan saltarse as regras que foron establecidas.

Y bien, hoy también, antes de entrar también a desarrollar un poco más la moción, nos gustaría, bueno, pues solicitarle al Grupo Popular hoy explicaciones por la reciente noticia que saltó ayer en los medios de comunicación, en nuestra opinión profundamente lamentable, que fue que la responsable delegada de DomusVi, esa empresa, esa red de residencias en la que más mayores murieron en Galicia, pues parece ser que esta responsable fue vacunada nada más y nada menos que por la Xunta de Galicia, y sí que agradeceríamos, ya no solo este grupo municipal, sino creo que las vecinas y los vecinos, las gallegas, una explicación por parte de su Grupo porque, ya les digo, que es absolutamente intolerable que las personas que están en la primera línea salvando vidas no estén vacunadas y que otras, pues sí que puedan saltarse las reglas que fueron establecidas.

Na nosa cidade hai aproximadamente 300 traballadoras neste servizo, nun servizo que está precarizado, feminizado, e que ademais é un reflexo do escaso valor social que lle estamos dando a cuestións que son imprescindibles para a vida, que son, nada máis e nada menos, que os coidados. E si que é certo que non están tendo, pois todas as medidas de prevención necesarias. Non o tiveron no momento inicial da pandemia, pero tampouco teñen eses recursos suficientes agora. Pensemos que neste momento unha traballadora do servizo de axuda no fogar conta unicamente, unicamente, cunha máscara cirúrxica por día. Un auxiliar do servizo de axuda no fogar móvese diariamente por cinco domicilios. Botemos contas e pensemos se isto ten algún tipo de razonamento e de lóxica. É absolutamente grave, hai que subsanalo e, dende logo, pois non

En nuestra ciudad hay aproximadamente 300 trabajadoras en este servicio, en un servicio que está precarizado, feminizado, y que además es un reflejo del escaso valor social que le estamos dando a cuestiones que son imprescindibles para la vida, que son, nada más y nada menos, que los cuidados. Y sí que es cierto que no están teniendo, pues todas las medidas de prevención necesarias. No lo tuvieron en el momento inicial de la pandemia, pero tampoco tienen esos recursos suficientes ahora. Pensemos que en este momento una trabajadora del servicio de ayuda en el hogar cuenta únicamente, únicamente, con una mascarilla quirúrgica por día. Un auxiliar del servicio de ayuda en el hogar se mueve diariamente por cinco domicilios. Echemos cuentas y pensemos si esto tiene algún tipo de razonamiento y de lógica. Es absolutamente grave, hay que subsanarlo y, desde luego, pues no

podemos falar dun servizo, dicir que é absolutamente imprescindible para a vida e despois non garantizar, pois as súas condicións.

Eu quero recordar, xa moi brevemente, para rematar, unha intervención que tivemos aquí en xullo do ano pasado dunha traballadora do SAF que nos lembrou, pois cal é o labor que realizan e o imprescindible que é para moitas familias, para moitas usuarias, así que solicítolles a todas as concelleiras e concelleiros o voto favorable para coidar de quen coida.

Moitas grazas.

Presidencia
Moitas grazas, señora Cameán.

Señora Faraldo, o seu turno.

Señora Faraldo Calvo

Bueno, en primeiro lugar saudar as traballadoras do SAF que nos están vendo e agradecer a súa labor en primeira liña desta pandemia.

Anunciamos xa o noso voto favorable a esta moción, incluíse ou non incluíse a nosa emenda, porque se algo nos deixou clara esta gran crise social é que a falta dun sistema público de coidados e a precariedade das nosas persoas dependentes, das traballadoras e dos traballadores que coidan a quen máis queremos.

A nosa emenda vai en dúas liñas que queremos destacar. Por unha banda, o compromiso das empresas concesionarias co público debe, non só comprometerse a facer campañas de sensibilización entre as familias, senón que esto debe de estar protocolizado e recollido para ser avaliado e auditado pola Administración para garantir o seu cumprimento. Ademais cremos que

podemos hablar de un servicio, decir que es absolutamente imprescindible para la vida y después no garantizar, pues sus condiciones.

Yo quiero recordar, ya muy brevemente, para finalizar, una intervención que tuvimos aquí en julio del año pasado de una trabajadora del SAF que nos recordó, pues cuál es la labor que realizan y lo imprescindible que es para muchas familias, para muchas usuarias, así que les solicito a todas las concejalas y concejales el voto favorable para cuidar de quien cuida.

Muchas gracias.

Presidencia
Muchas gracias, señora Cameán.

Señora Faraldo, su turno.

Señora Faraldo Calvo
B
ueno, en primer lugar saludar a las trabajadoras del SAF que nos están viendo y agradecer su labor en primera línea de esta pandemia.

Anunciamos ya nuestro voto favorable a esta moción, incluyera o no incluyera nuestra enmienda, porque si algo nos dejó clara esta gran crisis social es que la falta de un sistema público de cuidados y la precariedad de nuestras personas dependientes, de las trabajadoras y de los trabajadores que cuidan la quien más queremos.

Nuestra enmienda va en dos líneas que queremos destacar. Por una parte, el compromiso de las empresas concesionarias con lo público debe, no solo comprometerse a hacer campañas de sensibilización entre las familias, sino que esto debe de estar protocolizado y recogido para ser evaluado y auditado por la Administración para garantizar su cumplimiento. Además creemos que debe

debe aplicarse o modelo dos grupos burbulla en circunstancias da pandemia. Se ben cremos que debería ser habitual que as familias tiveran sempre as mesmas traballadoras de referencia, o que é unha demanda histórica por ambas partes, en pandemia esto debe de ser aínda máis necesario para garantir a saúde dunhas e doutras, e o seguimento e rastrexo ante posibles contaxios.

aplicarse el modelo de los grupos burbuja en circunstancias de la pandemia. Si bien creemos que debería ser habitual que las familias tuvieran siempre las mismas trabajadoras de referencia, lo que es una demanda histórica por ambas partes, en pandemia esto debe de ser aún más necesario para garantizar la salud de unas y de otras, y el seguimiento y rastreo ante posibles contagios.

A outra liña vai na dirección de dotar das mesmas medidas de seguridade ás coidadoras familiares que ó abeiro da Lei da Dependencia se acollen a dita función, suplindo, unha vez máis, as carencias do sistema baseado no modelo familiarista. Coidadoras familiares que deben ser incluídas no plan de vacinación e no centro dos seguimentos con tests PCR cunha periodicidade mensual.

La otra línea va en la dirección de dotar de las mismas medidas de seguridad a las cuidadoras familiares que al amparo de la Ley de la Dependencia se acogen a dicha función, supliendo, una vez más, las carencias del sistema basado en el modelo familiarista. Cuidadoras familiares que deben ser incluidas en el plan de vacunación y en el centro de los seguimientos con test PCR con una periodicidad mensual.

Ás dezasete horas e corenta e sete minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas, e auséntase da sesión, á que asiste telematicamente, a señora Martínez Acón.

A las diecisiete horas y cuarenta y siete minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas, y se ausenta de la sesión, a la que asiste telemáticamente, la señora Martínez Acón.

Polo demais, consideramos esta moción absolutamente necesaria, como calquera mellora nas condicións laborais dos sectores que soportan o traballo invisible dos coidados, que é central, e damos a todas as Administracións que se tomen en serio un sistema público de sostemento da vida que a dignifique, que dignifique a vida das persoas coidadoras, a das coidadas e as das súas familias. Sistema de sostemento vital público e de calidade.

Por lo demás, consideramos esta moción absolutamente necesaria, como cualquier mejora en las condiciones laborales de los sectores que soportan el trabajo invisible de los cuidados, que es central, y damos a todas las Administraciones que se tomen en serio un sistema público de sostenimiento de la vida que la dignifique, que dignifique la vida de las personas cuidadoras, la de las cuidadas y las de sus familias. Sistema de sostenimiento vital público y de calidad.

Con respecto ás emendas presentadas polos outros Grupos Municipais, pois a do PSOE íamos votar que non, pero xa se di que se rexeita, pero sendo unha

Con respecto a las enmiendas presentadas por los otros Grupos Municipales, pues la del PSOE íbamos a votar que no, pero ya se dice que se

emenda de substitución cremos que elimina o obxectivo desta primeira moción, da que presenta Marea Atlántica, e ademais insta o Concello a facer algo que está precisamente nas mans da señora Neira, polo que agradeceriamos que en lugar de facer unha emenda, pois se comprometa a facer o que nela se pide, sen necesidade de incluílo como emenda.

rechaza, pero siendo una enmienda de sustitución creemos que elimina el objetivo de esta primera moción, de la que presenta Marea Atlántica, y además insta al Ayuntamiento a hacer algo que está precisamente en las manos de la señora Neira, por lo que agradeceríamos que en lugar de hacer una enmienda, pues se comprometa a hacer lo que en ella se pide, sin necesidad de incluirlo como enmienda.

Con respecto á engádega do PP, vemos que non perde ocasión de intentar golpear o Goberno do Estado, que non está a facer outra cousa que recuperar o que o PSOE recortou. É o Goberno actual o que incrementou o orzamento para dependencia nun 34 % para o 2021, ata os 2.350 millóns de euros, que supón reverter os recortes do PP nun só ano.

Con respecto a la adición del PP, vemos que no pierde ocasión de intentar golpear al Gobierno del Estado, que no está haciendo otra cosa que recuperar lo que el PSOE recortó. Es el Gobierno actual el que incrementó el presupuesto para dependencia en un 34 % para el 2021, hasta los 2.350 millones de euros, que supone revertir los recortes del PP en un solo año.

Dito esto, comprenderán que votariamos non a unha emenda mentireira que tenta desviar o foco de atención da situación das traballadoras do SAF converténdoa nunha ferramenta de ataque ó Goberno, dun goberno, ademais, do que nos alegramos que non estean, nun momento de crise brutal, coas súas políticas austericidas e os recortes para as maiorías sociais, co cal tamén nos alegramos de que se rexeite por parte de Marea Atlántica esta emenda.

Dicho esto, comprenderán que votaríamos no a una enmienda mentirosa que intenta desviar el foco de atención de la situación de las trabajadoras del SAF convirtiéndola en una herramienta de ataque al Gobierno, de un gobierno, además, del que nos alegramos que no estén, en un momento de crisis brutal, con sus políticas austericidas y los recortes para las mayorías sociales, con lo cual también nos alegramos de que se rechace por parte de Marea Atlántica esta enmienda.

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Creo que aceptaron a emenda, eh?, pero... digo. Non sei, creo que a señora Cameán aceptou a emenda do PP, pero bueno. O digo por se quere logo cambiar o sentido do voto.

Presidencia

Muchas gracias, señora Faraldo.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

Creo que aceptaron la enmienda, ¿eh?, pero... digo. No sé, creo que la señora Cameán aceptó la enmienda del PP, pero bueno. Lo digo por si quiere luego cambiar el sentido del voto.

Señora Veira.

Señora Veira González

Grazas, señora Rey.

De aí a miña cara de desconcerto, porque xuraría que a señora Cameán dixera que aceptaban a emenda do Partido Popular, e non distorsiona exactamente a moción, nin lle quita importancia ás reivindicacións do persoal do servizo de axuda no fogar, senón que vén incidir nun problema de financiamento que ten a dependencia e que ten desde hai tempo, e que ten que corrixirse para Galiza porque Galiza, efectivamente, ten unha poboación máis avellentada que o resto do Estado, e que ese financiamento ten que estar axustado. E ademais, claro, a cuestión da dependencia é unha cuestión complexa. Desde que é unha lexislación estatal cun financiamento estatal, logo un financiamento autonómico, e logo unha xestión municipal que complexiza moito toda a xestión, e unhas valoracións por parte da Xunta que, por certo, non dan chegado, e niso eu creo que a emenda do Partido Socialista si que incidía na listaxe de agarda das propias dependentes, que creo que tamén é importante.

Ás dezasete horas e cincuenta e dous minutos reincorpórase á sesión, á que asiste telematicamente, a señora Martínez Acón.

Pero en todo caso, independentemente de que non se acepte a emenda do Partido Socialista, nós imos votar a favor da moción da Marea Atlántica tal e como se presenta. Porque, evidentemente, as persoas, as mulleres do servizo de axuda no fogar realizan un labor invisible, e digo mulleres

Señora Veira.

Señora Veira González

Gracias, señora Rey.

De ahí mi cara de desconcierto, porque juraría que la señora Cameán había dicho que aceptaban la enmienda del Partido Popular, y no distorsiona exactamente la moción, ni le quita importancia a las reivindicaciones del personal del servicio de ayuda en el hogar, sino que viene a incidir en un problema de financiación que tiene la dependencia y que tiene desde hace tiempo, y que tiene que corregirse para Galicia porque Galicia, efectivamente, tiene una población más envejecida que el resto del Estado, y que esa financiación tiene que estar ajustada. Y además, claro, la cuestión de la dependencia es una cuestión compleja. Desde que es una legislación estatal con una financiación estatal, luego una financiación autonómica, y luego una gestión municipal que complejiza mucho toda la gestión, y unas valoraciones por parte de la Xunta que, por cierto, no acaban de llegar, y en eso yo creo que la enmienda del Partido Socialista sí que incidía en el listado de espera de las propias dependientes, que creo que también es importante.

A las diecisiete horas y cincuenta y dos minutos se reincorpora a la sesión, a la que asiste telemáticamente, la señora Martínez Acón.

Pero en todo caso, independientemente de que no se acepte la enmienda del Partido Socialista, nosotros vamos a votar a favor de la moción de la Marea Atlántica tal y como se presenta. Porque, evidentemente, las personas, las mujeres del servicio de ayuda en el hogar realizan una labor invisible, y digo

porque é un traballo feminizado, é un traballo pouco valorado e é un traballo moi sacrificado, un traballo precarizado, un traballo cuns salarios tremendamente baixos para o incrible labor que fan, e fan un labor moi importante nun momento onde temos que reformular os coidados tal e como os temos plantexados na nosa sociedade. Son coidados na casa, e iso hoxe en día é un valor moi elevado. Ter os coidados dos maiores na casa é algo absolutamente imprescindíbel, pero para que estes maiores que están na casa estean protexidos, as súas traballadoras, as traballadoras que van coidar deles tamén teñen que estalo. E o problema da desatención na protección das traballadoras do servizo de axuda no fogar non vén de agora, da pandemia, agravouse coa pandemia pero vén de antes. Antes xa tiñan problemas para que lles fornecesen de material de protección; antes xa tiñan problemas para que se identificasen incluso os perigos que podían ter nos diferentes domicilios, digamos, a valoración do risco que podía haber nos distintos domicilios. Ese problema xa se viña arrastrando e agravouse agora coa pandemia.

mujeres porque es un trabajo feminizado, es un trabajo poco valorado y es un trabajo muy sacrificado, un trabajo precarizado, un trabajo con unos salarios tremendamente bajos para la increíble labor que hacen, y hacen una labor muy importante en un momento donde tenemos que replantear los cuidados tal y como los tenemos planteados en nuestra sociedad. Son cuidados en la casa, y eso hoy en día es un valor muy elevado. Tener los cuidados de los mayores en casa es algo absolutamente imprescindible, pero para que estos mayores que están en casa estén protegidos, sus trabajadoras, las trabajadoras que van a cuidar de ellos también tienen que estarlo. Y el problema de la desatención en la protección de las trabajadoras del servicio de ayuda en el hogar no viene de ahora, de la pandemia, se agravó con la pandemia pero viene de antes. Antes ya tenían problemas para que les suministraran material de protección; antes ya tenían problemas para que se identificaran incluso los peligros que podían tener en los diferentes domicilios, digamos, la valoración del riesgo que podía haber en los distintos domicilios. Ese problema ya se venía arrastrando y se agravó ahora con la pandemia.

E, efectivamente, teñen que ser persoal prioritario para a vacinación, porque están en contacto directo, porque están de domicilio en domicilio, porque tratan distintos dependentes en función dos días, e demais, non hai esa estabilidade, digamos, no trato do que falaba a señora Faraldo, que si que sería desexábel. Por tanto, é fundamental que se llas vacine e que se llas vacine pronto. Non se chaman Josefina, pero meréceno, meréceno e eu comparto a reivindicación da señora Cameán de que o Partido Popular, que a Xunta de Galiza, o SERGAS, ten que pedir desculpas por ter vacinado a conselleira delegada de DomusVi e o seu irmán, e

Y, efectivamente, tienen que ser personal prioritario para la vacunación, porque están en contacto directo, porque están de domicilio en domicilio, porque tratan distintos dependientes en función de los días, y demás, no hay esa estabilidad, digamos, en el trato del que hablaba la señora Faraldo, que sí que sería deseable. Por tanto, es fundamental que se las vacune y que se las vacune pronto. No se llaman Josefina, pero lo merecen, lo merecen y yo comparto la reivindicación de la señora Cameán de que el Partido Popular, que la Xunta de Galicia, el SERGAS, tiene que pedir disculpas por haber vacunado a la consejera delegada de DomusVi y a su

o seu irmán, colándose nas listas de vacinados, como a alcaldesa de Boimorto, tamén, por certo, do Partido Popular. É unha auténtica vergoña, **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** teñen que pedir desculpas, porque mentres Josefina se vacina, as traballadoras do servizo de axuda no fogar, pois están cunha mascarilla ó día. É unha auténtica vergoña.

Ás dezasete horas e cincuenta e tres minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Turno para o Partido Popular, señora Gutiérrez.

Señora Gutiérrez Roselló

Grazas, señora Rey.

Unha vez máis falamos do servizo de atención no fogar, a cuxas traballadoras saudamos.

Desgraciadamente, este tema transpórtanos a unha famosa película chamada "O día da marmota" —este pleno vai de cinema— no que o seu protagonista revive diariamente as mesmas situacións porque nada fai diferente para liquidar este misterio, máis aló que deixarse levar. Exactamente esta é a situación que vivimos neste Concello coas deficiencias do servizo de atención no fogar. Periodicamente e con ciclos cada vez máis curtos volven as múltiples deficiencias, ben por falta de profesionalidade das empresas ou ben pola carencia que o persoal sofre de

hermano, y a su hermano, colándose en las listas de vacunados, como la alcaldesa de Boimorto, también, por cierto, del Partido Popular. Es una auténtica vergüenza, ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *tienen que pedir disculpas, porque mientras Josefina se vacuna, las trabajadoras del servicio de ayuda en el hogar, pues están con una mascarilla al día. Es una auténtica vergüenza.*

A las diecisiete horas y cincuenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Turno para el Partido Popular, señora Gutiérrez.

Señora Gutiérrez Roselló

Gracias, señora Rey.

Una vez más hablamos del servicio de atención en el hogar, a cuyas trabajadoras saludamos.

Desgraciadamente, este tema nos transporta a una famosa película llamada "El día de la marmota" —este pleno va de cine— en el que su protagonista revive diariamente las mismas situaciones porque nada hace diferente para solventar este misterio, más allá que dejarse llevar. Exactamente esta es la situación que vivimos en este Ayuntamiento con las deficiencias del servicio de atención en el hogar. Periódicamente y con ciclos cada vez más cortos vuelven las múltiples deficiencias, bien por falta de profesionalidad de las empresas o bien por la carencia que el personal sufre de forma continuada.

forma continuada.

Curiosamente estas mocións son aprobadas de forma unánime, polo que parece lóxico que desde a Concellería de Benestar se tomasen as medidas que tan claras vemos e que todos aplaudimos, pero isto non é a realidade e podemos preguntarnos por que. Seica é discutible a importancia e a necesidade deste servizo? Eu diría que non, que o SAD é o soporte de moitas familias para sacar adiante a vida dos seus anciáns e das persoas dependentes. E se é tan importante, existe unha correcta avaliación da diversidade de funcións que realizan os traballadores, da dificultade do desenvolvemento das mesmas, das ferramentas necesarias para exercelas e, por suposto e non menos importante polo momento en que vivimos, dos recursos preventivos imprescindibles que deberían de estar a empregar? Descoñezo se existe ou non esta avaliación, non obstante a realidade aflora unha vez máis, a pesar das diversas mocións aprobadas.

Curiosamente estas mociones son aprobadas de forma unánime, por lo que parece lógico que desde la Concejalía de Bienestar se tomaran las medidas que tan claras vemos y que todos aplaudimos, pero esto no es la realidad y podemos preguntarnos por qué ¿Es acaso discutible la importancia y la necesidad de este servicio? Yo diría que no, que el SAD es el soporte de muchas familias para sacar adelante la vida de sus ancianos y de las personas dependientes. Y si es tan importante ¿existe una correcta evaluación de la diversidad de funciones que realizan los trabajadores, de la dificultad del desarrollo de las mismas, de las herramientas necesarias para ejercerlas y, por supuesto y no menos importante por el momento en que vivimos, de los recursos preventivos imprescindibles que deberían de estar empleando? Desconozco si existe o no esta evaluación, no obstante la realidad aflora una vez más, a pesar de las diversas mociones aprobadas.

Non se aprecia cambio algún na xestión das empresas, tampouco esperaba eu que de forma voluntaria fixéseno, pero confiaba en que ante o recoñecemento unánime da transcendencia do servizo, o Concello realizase as oportunas accións para fiscalizar a súa execución, e que a maiores se asegurase de que empregados e usuarios, un colectivo altamente vulnerable pola súa idade e a súa condición, e os traballadores do SAF, que percorren residencias e domicilios atendendo a múltiples familias co risco de converterse en vectores de contaxio, reducisen ao máximo os riscos.

No se aprecia cambio alguno en la gestión de las empresas, tampoco esperaba yo que de forma voluntaria lo hicieran, pero confiaba en que ante el reconocimiento unánime de la trascendencia del servicio, el Concello realizara las oportunas acciones para fiscalizar su ejecución, y que a mayores se asegurara de que empleados y usuarios, un colectivo altamente vulnerable por su edad y su condición, y los trabajadores del SAD, que recorren residencias y domicilios atendiendo a múltiples familias con el riesgo de convertirse en vectores de contagio, redujeran al máximo los riesgos.

Doutra banda, creo que é importante repartir adecuadamente as responsabilidades, polo que lles lembro ao bloque progresista que a necesidade

Por otro lado, creo que es importante repartir adecuadamente las responsabilidades, por lo que les recuerdo al bloque progresista que la necesidad de

de que o Estado cumpra coa súa obrigación de cofinanciamento ao 50 % dos servizos á dependencia. Por desgraza actualmente a repartición é do 76 % por parte da Xunta, fronte ao 24 % por parte do Estado. Se este compromiso se adquire e se executa, sería viable incrementar o prezo devaluado da hora deste servizo municipal.

que el Estado cumpla con su obligación de cofinanciación al 50 % de los servicios a la dependencia. Por desgracia actualmente el reparto es del 76 % por parte de la Xunta, frente al 24 % por parte del Estado. Si este compromiso se adquiriera y se ejecutara, sería viable incrementar el precio devaluado de la hora de este servicio municipal.

En canto á estratexia de vacinación, esta Comunidade Autónoma estaría preparada para administrar todas as vacinas a calquera grupo de individuos. O verdadeiro problema é que as vacinas non chegan en número suficiente ao noso territorio.

En cuanto a la estrategia de vacunación, esta Comunidad Autónoma estaría preparada para administrar todas las vacunas a cualquier grupo de individuos. El verdadero problema es que las vacunas no llegan en número suficiente a nuestro territorio.

A nosa postura, unha vez máis, será de apoio a esta moción, porque é necesario resolver os centos de demandas que diariamente realizan os usuarios, porque é imprescindible que o persoal que presta o servizo o faga con todas as ferramentas necesarias e cos parámetros de seguridade que require esta situación, porque un dos principais problemas é a desvalorización do custo do servizo e as condicións laborais dos traballadores, así como a pouca vixilancia por parte do Concello, e porque é básico garantir a calidade dunha asistencia tan necesaria para todos nalgún momento da nosa vida.

Nuestra postura, una vez más, será de apoyo a esta moción, porque es necesario resolver los cientos de demandas que diariamente realizan los usuarios, porque es imprescindible que el personal que presta el servicio lo haga con todas las herramientas necesarias y con los parámetros de seguridad que requiere esta situación, porque uno de los principales problemas es la devaluación del coste del servicio y las condiciones laborales de los trabajadores, así como la poca vigilancia por parte del Concello, y porque es básico garantizar la calidad de una asistencia tan necesaria para todos en algún momento de nuestra vida.

Agora toca que o Goberno do Estado incremente o financiamento do servizo, como fixo a Xunta de Galicia acrecentándoo ata 86 millóns e medio, 10 % máis que o ano pasado, o que permitirá elevar o prezo da hora do servizo, garantir a vacinación do persoal e exercer o control e intervención que de momento non practica este Concello sobre estas empresas adxudicatarias.

Ahora toca que el Gobierno del Estado incremente la financiación del servicio, como ha hecho la Xunta de Galicia acrecentándolo hasta 86 millones y medio, 10 % más que el año pasado, lo que permitirá elevar el precio de la hora del servicio, garantizar la vacunación del personal y ejercer el control e intervención que de momento no practica este Ayuntamiento sobre estas empresas adjudicatarias.

Grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Gutiérrez.

Para pechar o debate, señora Neira.

Señora Neira Fernández

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Antes de comezar a miña intervención, e aínda que xa llo dixen fóra de maneira informal, quero darlle a benvida a este Salón de Plenos, moitos éxitos nesta etapa, que sexa frutífera, ao señor Varela.

Bo, pois efectivamente, volvemos outra vez máis a falar dun dos temas seguramente máis importantes desta última etapa, onde o COVID seguramente non destapa nada pero pon de manifesto moitas realidades que en moitas ocasións, polas présas ou polo rápido que vai a vida, non ven con suficiente detemento, e un deles é o coidado das persoas maiores, e un deles é, por suposto, o servizo de axuda a domicilio.

Podemos estar de acordo, loxicamente, no que é a esencia da emenda, pero con matices. Por iso presentamos unha emenda que cremos que desde logo non vai en contra do que di a señora Faraldo, e desde logo claro que mentres a concelleira de Benestar Social ocupe esta responsabilidade, é quen ten que facelo, pero a propia dinámica das mocións, cando se insta ao Goberno municipal e se presenta unha transacción, ou se presenta unha posibilidade de acordo, loxicamente tamén un obrígase a si mesmo. É unha cuestión simplemente de técnica dentro deste Salón de Plenos. Pero hai unha serie de cuestións nas que non podemos estar de acordo. Non podemos estar de

Gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Gutiérrez.

Para cerrar el debate, señora Neira.

Señora Neira Fernández

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Antes de comenzar mi intervención, y aunque ya se lo he dicho fuera de manera informal, quiero darle la bienvenida a este Salón de Plenos, muchos éxitos en esta etapa, que sea fructífera, al señor Varela.

Bueno, pues efectivamente, volvemos otra vez más a hablar de uno de los temas seguramente más importantes de esta última etapa, donde el COVID seguramente no destapa nada pero pone de manifiesto muchas realidades que en muchas ocasiones, por las prisas o por lo rápido que va la vida, no se ven con suficiente detenimiento, y uno de ellos es el cuidado de las personas mayores, y uno de ellos es, por supuesto, el servicio de ayuda a domicilio.

Podemos estar de acuerdo, lógicamente, en lo que es la esencia de la enmienda, pero con matices. Por eso presentamos una enmienda que creemos que desde luego no va en contra de lo que dice la señora Faraldo, y desde luego claro que mientras la concejala de Bienestar Social ocupe esta responsabilidad, es quien tiene que hacerlo, pero la propia dinámica de las mociones, cuando se insta al Gobierno municipal y se presenta una transacción, o se presenta una posibilidad de acuerdo, lógicamente también uno se obliga a sí mismo. Es una cuestión simplemente de técnica dentro de este Salón de Plenos. Pero hay una serie de cuestiones en las que no podemos estar de acuerdo. No podemos estar de acuerdo, al menos si

acordo, polo menos se saímos do trazo groso e empezamos co detalle.

Por suposto que se ten que auditar, e por suposto que se ten que fiscalizar ás empresas que prestan o servizo, e así se fai. Así se fai xa por parte desta Concellería e por parte, non soamente da responsable política desta Concellería, que son eu, senón polos responsables técnicos e as persoas encargadas da Oficina de Atención á Dependencia, e contrólase. Pero cando nós falamos de estudar a implantación nos novos pregos de novas medidas de fiscalización, loxicamente estamos a falar de empresas que poidan auditar ou que poidan exercer un control moitísimo máis férreo, porque van estar 24 horas ao día dedicadas a esa cuestión, e iso, loxicamente, ten un impacto económico que hai que estudar. E cando se vai a sacar un prego da natureza do que ten o SAD, pois loxicamente o estudo é necesario.

Non é certo tampouco que o Concello na época da pandemia non dotou de medios ás traballadoras do servizo de axuda a domicilio. Seguramente de non os medios suficientes, pero si de todos os que dispoñiamos, de todos os que dispoñiamos, en concreto…

Presidencia

Desculpe un momento, señora Neira.

Señora, desculpe, **(a Presidencia diríxese a unha persoa presente na Tribuna de Invitados)**. É que non pode estar falando por teléfono aí porque estamos escoitando aquí abaixo. Se quere falar por teléfono, por favor solicitaríalle que saia da Tribuna de Invitados, que teña a conversación fóra porque está unha persoa no uso da

salimos del trazo grueso y empezamos con el detalle.

Por supuesto que se tiene que auditar, y por supuesto que se tiene que fiscalizar a las empresas que prestan el servicio, y así se hace. Así se hace ya por parte de esta Concejalía y por parte, no solamente de la responsable política de esta Concejalía, que soy yo, sino por los responsables técnicos y las personas encargadas de la Oficina de Atención a la Dependencia, y se controla. Pero cuando nosotros hablamos de estudiar la implantación en los nuevos pliegos de nuevas medidas de fiscalización, lógicamente estamos hablando de empresas que puedan auditar o que puedan ejercer un control muchísimo más férreo, porque van a estar 24 horas al día dedicadas a esa cuestión, y eso, lógicamente, tiene un impacto económico que hay que estudiar. Y cuando se va a sacar un pliego de la naturaleza del que tiene el SAD, pues lógicamente el estudio es necesario.

No es cierto tampoco que el Ayuntamiento en la época de la pandemia no dotó de medios a las trabajadoras del servicio de ayuda a domicilio. Seguramente de no los medios suficientes, pero sí de todos los que disponíamos, de todos los que disponíamos, en concreto…

Presidencia

Disculpe un momento, señora Neira.

Señora, disculpe ***(la Presidencia se dirige la una persona presente en la Tribuna de Invitados)****. Es que no puede estar hablando por teléfono ahí porque estamos escuchando aquí abajo. Si quiere hablar por teléfono, por favor le solicitaría que salga de la Tribuna de Invitados, que tenga la conversación fuera porque está una persona en el uso*

palabra e se está distorsionado o sonido aquí abaixo. Moitas grazas.

Continúe, señora Neira.

Señora Neira Fernández

En concreto, máis de 4.000 máscaras, case 1.000 batas, 50 mergulladores, lentes protectoras, calzas, etcétera. Todo aquel material que ía chegando a contagotas naqueles momentos á Concellería e onde, desde logo, tanto o persoal municipal que estaba en primeira liña no Palacio dos Deportes como as traballadoras do servizo de axuda a domicilio foron en todo momento absoluta prioridade.

Por outra banda, bo, pois loxicamente neste momento congratulámonos de que por fin nesta moción, despois da pasada do mes de decembro, se inste a Xunta de Galicia a algo. E é bo que tamén se inste o Goberno do Estado a algo, pero se cadra hai que facer un recordatorio do que son os datos, e os datos económicos, que pouca maquillaxe poidan ter.

Desde logo, o compromiso do Partido Socialista coa Lei de Dependencia está aí. Foi o Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero o que o ano 2006 aproba a Lei, e o balance do Goberno de Rajoy, durante os anos do Goberno do Partido Popular no Goberno do Estado é o que foi: un recorte de case 3.000 millóns en dependencia. E non o di o Partido Socialista nin os argumentarios dos partidos do bloque progresista, chamado bloque progresista, senón o observatorio da Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais. Acabaron vostedes cun 27 % de grandes dependentes ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)*** *—acabo, señora alcaldesa— e desde logo, no décimo*

de la palabra y se está distorsionado el sonido aquí abajo. Muchas gracias.

Continúe, señora Neira.

Señora Neira Fernández

En concreto, más de 4.000 mascarillas, casi 1.000 batas, 50 buzos, gafas protectoras, calzas, etcétera. Todo aquel material que iba llegando a cuentagotas en aquellos momentos a la Concejalía y donde, desde luego, tanto el personal municipal que estaba en primera línea en el Palacio de los Deportes como las trabajadoras del servicio de ayuda a domicilio fueron en todo momento absoluta prioridad.

Por otra parte, bueno, pues lógicamente en este momento nos congratulamos de que por fin en esta moción, después de la pasada del mes de diciembre, se inste a la Xunta de Galicia a algo. Y es bueno que también se inste al Gobierno del Estado a algo, pero a lo mejor hay que hacer un recordatorio de lo que son los datos, y los datos económicos, que poco maquillaje puedan tener.

Desde luego, el compromiso del Partido Socialista con la Ley de Dependencia está ahí. Fue el Gobierno de José Luis Rodríguez Zapatero el que el año 2006 aprueba la Ley, y el balance del Gobierno de Rajoy, durante los años del Gobierno del Partido Popular en el Gobierno del Estado es lo que fue: un recorte de casi 3.000 millones en dependencia. Y no lo dice el Partido Socialista ni los argumentarios de los partidos del bloque progresista, llamado bloque progresista, sino el observatorio de la Asociación Estatal de Directores y Gerentes de Servicios Sociales. Acabaron ustedes con un 27 % de grandes dependientes **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** —acabo, señora alcaldesa— y desde luego, en el décimo

aniversario da Lei, cando se fixo a valoración de como estaba, atopámonos con case 360.000 persoas esperando, cun recorte de 3.000 millóns, e agora estamos a falar dun aumento, efectivamente, do 34 %.

E por último, respecto ao tema da vacinación das traballadoras do servizo de axuda a domicilio, por suposto que é prioritario e así se solicita no seu momento á Xunta de Galicia. É boa noticia para este Concello e desde logo para calquera concello que a Xunta de Galicia se puxo en contacto coa FEGAMP, e por tanto, nós xa comunicamos ás centrais sindicais, aos representantes sindicais dos traballadores que teñen un prazo para presentar os datos das traballadoras e que serán vacinadas, sendo por tanto persoal absolutamente prioritario.

*E respecto de as melloras nos contratos, volvo repetir o que está a pasar… **(óense dous sinais acústicos indicativas da finalización do tempo de intervención)**...*

Presidencia

Remate.

Señora Neira Fernández

...volvo repetir do que estamos a facer, que desde logo é mellorar eses pregos e, por tanto, ir amodo para poder ir máis lonxe, introducir todas as melloras necesarias para a prestación do servizo en mellores condicións, tanto para as traballadoras como para os usuarios.

Moitísimas grazas.

aniversario de la Ley, cuando se hizo la valoración de cómo estaba, nos encontramos con casi 360.000 personas esperando, con un recorte de 3.000 millones, y ahora estamos hablando de un aumento, efectivamente, del 34 %.

Y por último, respecto al tema de la vacunación de las trabajadoras del servicio de ayuda a domicilio, por supuesto que es prioritario y así se solicita en su momento a la Xunta de Galicia. Es buena noticia para este Ayuntamiento y desde luego para cualquier ayuntamiento que la Xunta de Galicia se ha puesto en contacto con la FEGAMP, y por tanto, nosotros ya hemos comunicado a las centrales sindicales, a los representantes sindicales de los trabajadores que tienen un plazo para presentar los datos de las trabajadoras y que serán vacunadas, siendo por tanto personal absolutamente prioritario.

Y respecto de las mejoras en los contratos, vuelvo a repetir lo que está pasando… **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)**...

Presidencia

Termine.

Señora Neira Fernández

…vuelvo a repetir de lo que estamos haciendo, que desde luego es mejorar esos pliegos y, por lo tanto, ir despacio para poder ir más lejos, introducir todas las mejoras necesarias para la prestación del servicio en mejores condiciones, tanto para las trabajadoras como para los usuarios.

Muchísimas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Neira.

Incorporada xa a esta moción tanto a emenda de engádega presentada pola concelleira non adscrita, como a emenda de adición presentada polo Partido Popular, queda votar, en primeiro lugar, a emenda presentada polo Grupo Socialista e despois, de non prosperar, se votaría a moción.

Votación da emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista á segunda moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) á segunda moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) sobre vacinación das traballadoras do SAF, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota en contra o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota en contra o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota en contra a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Queda rexeitada a emenda.

Presidencia

Muchas gracias, señora Neira.

Incorporada ya la esta moción tanto la enmienda de adición presentada por la concejala no adscrita, como la enmienda de adición presentada por el Partido Popular, queda votar, en primer lugar, la enmienda presentada por el Grupo Socialista y después, de no prosperar, se votaría la moción.

Votación de la enmienda presentada por el Grupo Municipal del Partido Socialista a la segunda moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación a enmienda presentada por el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) a la segunda moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) sobre vacunación de las trabajadoras del SAF, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota en contra el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota en contra el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota en contra la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Queda rechazada la enmienda.

Votación da segunda moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica transaccionada co Grupo Municipal do Partido Popular e a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) transaccionada co Grupo Municipal do Partido Popular (PP) e a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, sobre vacinación das traballadoras do SAF, producíndose o seguinte resultado:

Abstense o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG- PSOE) (9 abstencións)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 abstención)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Moitas grazas, queda aprobada esta moción.

34. Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica transaccionada co Grupo Municipal do Partido Popular e a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo sobre a vacinación das traballadoras

Votación de la segunda moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular y la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) y la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo, sobre vacunación de las trabajadoras del SAF, produciéndose el siguiente resultado:

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 abstenciones)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 abstención)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

Presidencia

Muchas gracias, queda aprobada esta moción.

34. Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular y la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo sobre la vacunación de las trabajadoras del

do SAF.

Acordo

1. Instar ao Concello de A Coruña a:

• Implementar unha campaña de información e sensibilización coas familias, traballadoras e usuarias do SAF sobre a necesidade de aplicar as medidas de prevención do Covid19 cando as traballadoras están nos domicilios.

• Realizar unha fiscalización das empresas concesionarias do servizo de axuda no fogar a fin de asegurar o bo funcionamento do servizo e garantir o cumprimento dos dereitos laborais das auxiliares exixíndolles protocolos de actuación específicos para a pandemia e asegurándose do seu cumprimento.

• Exixir ás empresas concesionarias do SAF que no protocolo se inclúa a creación de grupos burbulla entre as traballadoras e as familias que ten que atender cada unha delas para mellorar as condicións de seguridade fronte á pandemia tanto das traballadoras como das persoas usuarias e as súas familias.

• Facilitar tarxetas da O.R.A para os vehículos das traballadoras que teñen que acudir a domicilios nos que está implantada a zona O.R.A., xa que co tempo previsto para os desprazamentos, a localización das vivendas e as frecuencias do transporte público que imposibilitan o seu uso, en moitas ocasións teñen que utilizar servizos de parking privados inasumibles co salario que perciben polo seu traballo.

• Incorporar nos pregos do servizo criterios sociais como condicións esenciais de execución que outorguen unha maior puntuación ás

SAF.

Acuerdo

1. Instar al Ayuntamiento de A Coruña a:

• *Implementar una campaña de información y sensibilización con las familias, trabajadoras y usuarias del SAF sobre la necesidad de aplicar las medidas de prevención del Covid19 cuando las trabajadoras están en los domicilios.*

• *Realizar una fiscalización de las empresas concesionarias del servicio de ayuda en el hogar a fin de asegurar el buen funcionamiento del servicio y garantizar el cumplimiento de los derechos laborales de las auxiliares exigiéndoles protocolos de actuación específicos para la pandemia y asegurándose de su cumplimiento.*

• *Exigir a las empresas concesionarias del SAF que en el protocolo se incluya la creación de grupos burbuja entre las trabajadoras y las familias que tiene que atender cada una de ellas para mejorar las condiciones de seguridad frente a la pandemia tanto de las trabajadoras cómo de las personas usuarias y sus familias.*

• *Facilitar tarjetas de la O.R.A. para los vehículos de las trabajadoras que tienen que acudir a domicilios en los que está implantada la zona O.R.A., ya que con el tiempo previsto para los desplazamientos, la localización de las viviendas y las frecuencias del transporte público que imposibilitan su uso, en muchas ocasiones tienen que utilizar servicios de parking privados inasumibles con el salario que perciben por su trabajo.*

• *Incorporar en los pliegos del servicio criterios sociales como condiciones esenciales de ejecución que otorguen una mayor puntuación a las*

empresas/entidades que se comprometan coa mellora das condicións laborais das traballadoras.

2. Instar a Xunta de Galicia a:

• Incluír ás traballadoras do servizo a domicilio de xeito prioritario no plan de vacinación da Sars-COV2 e incluír tamén no plan de vacinación ás coidadoras familiares que o fan ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

• Realizar un test PCR mínimo mensualmente as traballadoras e incluír tamén no seguemento mediante test PCR mensual ás coidadoras familiares que o fan ao abeiro da Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

• Incrementar o prezo/hora do servizo que actualmente se atopa en 9.70€/hora, e que este incremento revirta na prestación do servizo e nas condicións laborais das traballadoras.

• Establecer un prezo/hora mínimo que garanta a calidade do servizo, evitando a disparidade de prezos e a externalización do servizo con ofertas que supoñen baixas temerarias.

3. Instar o Goberno do Estado a:

• Adquirir un verdadeiro compromiso orzamentario con Galicia, no ámbito das axudas aos servizos de dependencia.

• Cumprir coas súas obrigacións de cofinanciamento marcadas pola lei, a través do Decreto 99/2012 polo que se regula o financiamento dos servizos

empresas/entidades que se comprometan con la mejora de las condiciones laborales de las trabajadoras.

2. Instar la Xunta de Galicia a:

• *Incluir a las trabajadoras del servicio a domicilio de manera prioritario en el plan de vacunación de la Sars-COV2 e incluir también en el plan de vacunación a las cuidadoras familiares que lo hacen al amparo de la Ley de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia.*

• *Realizar un test PCR mínimo mensualmente las trabajadoras e incluir también en el seguimiento mediante test PCR mensual a las cuidadoras familiares que lo hacen al amparo de la Ley de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las personas en situación de dependencia.*

• *Incrementar el precio/hora del servicio que actualmente se encuentra en 9.70€/hora, y que este incremento revierta en la prestación del servicio y en las condiciones laborales de las trabajadoras.*

• *Establecer un precio/hora mínimo que garantice la calidad del servicio, evitando la disparidad de precios y la externalización del servicio con ofertas que suponen bajas temerarias.*

3. Instar al Gobierno del Estado a:

• *Adquirir un verdadero compromiso presupuestario con Galicia, en el ámbito de las ayudas a los servicios de dependencia.*

• *Cumplir con sus obligaciones de cofinanciamiento marcadas por la ley, a través del Decreto 99/2012 por el que se regula la financiación de los servicios*

sociais.

• Realizar un incremento do financiamento do Sistema de atención á dependencia en polo menos 45 millóns de euros para reforzar o servizo de atención a persoas dependentes.

Terceira. Moción sobre o barrio de Palavea.

Sobre esta moción os Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista presentan sendas emendas de substitución, e o Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha emenda de adición.

Presidencia

Terceira moción sobre o barrio de Palavea presentada pola Marea Atlántica. Hai tres emendas, unha de adición do Partido Popular, unha de substitución do Bloque e unha de substitución do PSOE. Están aceptadas e transaccionadas a de adición do Partido Popular e a de substitución do BNG... Dígame, señora García.

Señora García Gómez

Si. A moción a defende Claudia Delso. Simplemente unha cuestión de orde. Quería dicir que se sumou o Partido Socialista tamén á emenda transaccionada. Teño aquí o documento actualizado para repartir despois. É exactamente a mesma emenda transaccionada.

Presidencia

Ben, polo tanto é xa a moción coa transacción con todos os Grupos, polo tanto non hai emendas e ten a palabra a señora Delso para a defensa da mesma.

sociales.

• Realizar un incremento de la financiación del Sistema de atención a la dependencia en por lo menos 45 millones de euros para reforzar el servicio de atención a personas dependientes.

Tercera. Moción sobre el barrio de Palavea.

Sobre esta moción los Grupos Municipales del Bloque Nacionalista Galego y del Partido Socialista presentan sendas enmiendas de sustitución, y el Grupo Municipal del Partido Popular presenta una enmienda de adición.

Presidencia

Tercera moción sobre el barrio de Palavea presentada por la Marea Atlántica. Hay tres enmiendas, una de adición del Partido Popular, una de sustitución del Bloque y una de sustitución del PSOE. Están aceptadas y transaccionadas la de adición del Partido Popular y la de sustitución del BNG... Dígame, señora García.

Señora García Gómez

Sí. La moción la defiende Claudia Delso. Simplemente una cuestión de orden. Quería decir que se sumó el Partido Socialista también a la enmienda transaccionada. Tengo aquí el documento actualizado para repartir después. Es exactamente la misma enmienda transaccionada.

Presidencia

Bien, por lo tanto es ya la moción con la transacción con todos los Grupos, por lo tanto no hay enmiendas y tiene la palabra la señora Delso para la defensa de la misma.

Ás dezaoito horas e cinco minutos saen do Salón de Sesións o señor Díaz Villoslada e a señora Veira, e auséntase da sesión, á que asiste telematicamente, a señora Peñalosa López-Pin.

A las dieciocho horas y cinco minutos salen del Salón de Sesiones el señor Díaz Villoslada y la señora Veira, y se ausenta de la sesión, a la que asiste telemáticamente, la señora Peñalosa López- Pin.

Señora Delso Careira

Señora Delso Careira

Si, moitas grazas, señora alcaldesa, e grazas tamén, pois á boa predisposición dos Grupos para chegar a un acordo.

Sí, muchas gracias, señora alcaldesa, y gracias también, pues a la buena predisposición de los Grupos para llegar a un acuerdo.

Antes da defensa desta moción gustaríame comezar reiterando a nosa desculpa pública a entidade veciñal Os nosos lares que, como xa lles dixemos persoalmente, pois non puidemos contactar ó debido tempo para repasar conxuntamente o contido desta moción debido a un erro de comunicación entre nós dentro do noso Grupo. Dende a Marea Atlántica tentamos contactar coas dúas entidades que fan traballo activo veciñal e comunitario no barrio, pero efectivamente, pois cunha delas fixémolo demasiado tarde e por elo pedimos desculpas. En todo caso, a nosa intención é falar e poñer na axenda as necesidades do barrio de Palavea.

Antes de la defensa de esta moción me gustaría comenzar reiterando nuestra disculpa pública la entidad vecinal Os nosos lares que, como ya les dijimos personalmente, pues no pudimos contactar al debido tiempo para repasar conjuntamente el contenido de esta moción debido a un error de comunicación entre nosotros dentro de nuestro Grupo. Desde la Marea Atlántica intentamos contactar con las dos entidades que hacen trabajo activo vecinal y comunitario en el barrio, pero efectivamente, pues con una de ellas lo hicimos demasiado tarde y por ello pedimos disculpas. En todo caso, nuestra intención es hablar y poner en la agenda las necesidades del barrio de Palavea.

Palavea é un dos barrios rururbanos da Coruña, atópase no extremo sureste da cidade, nos límites municipais con Culleredo. É o inicio e o final da cidade, según dende onde se mire. Atopámonos cun barrio cheo de vida non exento de necesidades. Este barrio foi historicamente desatendido en termos de investimento e recursos públicos, sendo xunto con Santa Xema un dos barrios que carecen de moitos servizos básicos. Basta dicir que o seu centro de saúde está en Matogrande, a oficina de Correos no Monte das Moas, as sucursais bancarias máis próximas en

Palavea es uno de los barrios rururbanos de A Coruña, se encuentra en el extremo sureste de la ciudad, en los límites municipales con Culleredo. Es el inicio y el final de la ciudad, según desde donde se mire. Nos encontramos con un barrio lleno de vida no exento de necesidades. Este barrio fue históricamente desatendido en términos de inversión y recursos públicos, siendo junto con Santa Xema uno de los barrios que carecen de muchos servicios básicos. Basta decir que su centro de salud está en Matogrande, la oficina de Correos en el Monte das Moas, las sucursales

Monelos, os colexios públicos de primaria e secundaria en Elviña. Algunha das intervencións importantes que fixemos no pasado mandato foron a reurbanización de Palavea Vella e melloras de conexións entre Santa Xema e Peñarredonda, así como a instalación dun espazo de atención á infancia no Centro Cívico de Palavea.

bancarias más próximas en Monelos, los colegios públicos de primaria y secundaria en Elviña. Alguna de las intervenciones importantes que hicimos en el pasado mandato fueron la reurbanización de Palavea Vella y mejoras de conexiones entre Santa Xema y Peñarredonda, así como la instalación de un espacio de atención a la infancia en el Centro Cívico de Palavea.

Palavea está rodeada de grandes infraestruturas viarias que, paradóxicamente, limitan a súa mobilidade. Mesmo para facer a compra ou ir á farmacia máis próxima teñen que xogarse a vida pola Nacional 550, onde recentemente houbo un grave atropelo. Palavea xunto con Pedralonga levan anos agardando a instalación dunha demandada pasarela peatonil que comunique ambos barrios, pero ata que esa pasarela non sexa unha realidade a veciñanza segue día a día xogándose a vida cruzando os viais de Alfonso Molina. Urxe, polo tanto, levar a cabo intervencións que garantan unha mobilidade peonil segura. O dereito á cidade, o dereito á mobilidade sostible, como dicimos sempre, debe ser igual para todos os barrios da cidade e o Concello ten a obriga de garantizala.

Palavea está rodeada de grandes infraestructuras viarias que, paradójicamente, limitan su movilidad. Incluso para hacer la compra o ir a la farmacia más próxima tienen que jugarse la vida por la Nacional 550, donde recientemente hubo un grave atropello. Palavea junto con Pedralonga llevan años esperando la instalación de una demandada pasarela peatonal que comunique ambos barrios, pero hasta que esa pasarela no sea una realidad el vecindario sigue día a día jugándose la vida cruzando los viales de Alfonso Molina. Urge, por lo tanto, llevar a cabo intervenciones que garanticen una movilidad peatonal segura. El derecho a la ciudad, el derecho a la movilidad sostenible, como decimos siempre, debe ser igual para todos los barrios de la ciudad y el Ayuntamiento tiene el deber de garantizarla.

Como dixen ó comezo, coa intención de que esta moción, e polo tanto as demandas de Palavea, sexan tidas en conta e atopen unha pronta solución, buscamos o consenso de todos os Grupos a través dunha emenda transaccionada que incorpora, efectivamente, as emendas propostas, tanto co Grupo Popular, o Grupo do BNG e o Grupo Socialista, e non podemos máis que lamentar que a concelleira non adscrita, a señora Faraldo, decidise non sumarse.

Como dije al comienzo, con la intención de que esta moción, y por lo tanto las demandas de Palavea, sean tenidas en cuenta y encuentren una pronta solución, buscamos el consenso de todos los Grupos a través de una enmienda transaccionada que incorpora, efectivamente, las enmiendas propuestas, tanto con el Grupo Popular, el Grupo del BNG y el Grupo Socialista, y no podemos más que lamentar que la concejala no adscrita, la señora Faraldo, decidiera no sumarse.

Agradecer, unha vez máis, a boa predisposición dos Grupos, e paso a

Agradecer, una vez más, la buena predisposición de los Grupos, y paso a

detallar brevemente os acordos: instar o Goberno municipal a desenvolver todas as accións que sexan precisas para mellorar a mobilidade peonil e a seguridade vial no barrio de Palavea, nomeadamente demandar da Administración Xeral do Estado, titular da N550, cantas actuacións sexan necesarias para garantir a seguridade vial e o calmado do tránsito nesa vía, así como a materialización da tan demandada pasarela de Pedralonga; asegurar o mantemento habitual das vías peonís; demandar da Administración Xeral do Estado, titular da AC-11, o desbroce das zonas de herba en ambos lados da avenida de Alfonso Molina; demandar da Administración Xeral do Estado, titular do vial 22, a instalación de beirarrúas ou balizas para realizar un percorrido seguro para os peóns e a sinalización e limitación do tránsito de vehículos pesados no devandito vial; recuperar o camiño de Laxe, que é o camiño natural entre Palavea e Castro de Laxe.

detallar brevemente los acuerdos: instar al Gobierno municipal a desarrollar todas las acciones que sean precisas para mejorar la movilidad peatonal y la seguridad vial en el barrio de Palavea, nombradamente demandar de la Administración General del Estado, titular de la N550, cuantas actuaciones sean necesarias para garantizar la seguridad vial y el calmado del tránsito en esa vía, así como la materialización de la tan demandada pasarela de Pedralonga; asegurar el mantenimiento habitual de las vías peatonales; demandar de la Administración General del Estado, titular de la AC-11, el desbroce de las zonas de hierba en ambos lados de la avenida de Alfonso Molina; demandar de la Administración General del Estado, titular del vial 22, la instalación de aceras o balizas para realizar un recorrido seguro para los peatones y la señalización y limitación del tránsito de vehículos pesados en el dicho vial; recuperar el camino de Laxe, que es el camino natural entre Palavea y Castro de Laxe.

Palavea carece, ademais, de espazos deportivos, culturais e de lecer, e tampouco ten biblioteca. Estas carencias agudízanse nestes momentos de pandemia onde a veciñanza se ve aínda máis limitada. No caso de Palavea, os espazos verdes e de esparcemento máis próximos atópanse fóra dos límites municipais. Por isto, no punto segundo instamos o Goberno municipal a desenvolver as seguintes actuacións de acondicionamento de zonas verdes, de deporte, lecer e cultura no barrio de Palavea: executar a senda fluvial aprobada e acordada entre Santa Xema e o Río de Quintas; instalación, unha vez que se dispoña de terreos municipais idóneos, da horta urbana acordada para os orzamentos de 2020 no barrio como un proxecto de fomento

Palavea carece, además, de espacios deportivos, culturales y de ocio, y tampoco tiene biblioteca. Estas carencias se agudizan en estos momentos de pandemia donde el vecindario se ve aún más limitada. En el caso de Palavea, los espacios verdes y de esparcimiento más próximos se encuentran fuera de los límites municipales. Por esto, en el punto segundo instamos al Gobierno municipal a desarrollar las siguientes actuaciones de acondicionamiento de zonas verdes, de deporte, ocio y cultura en el barrio de Palavea: ejecutar la senda fluvial aprobada y acordada entre Santa Xema y el Río de Quintas; instalación, una vez que se disponga de terrenos municipales idóneos, de la huerta urbana acordada para los presupuestos de 2020 en el barrio como un proyecto de fomento de

de lecer interxeneracional e comunitario; a creación dunha área de esparexemento coa creación dun parque infantil en Santa Xema; a instalación dunha cancha deportiva no barrio de Palavea coas opcións de emprazamento trasladadas polas entidades veciñais e socioculturais do barrio; continuar co proxecto de recuperación das instalacións deportivas e de lecer da Fábrica de Armas, coa participación no seu deseño do grupo de traballo **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** da Comisión Informativa das TIC e das asociacións presentes na Plataforma da Fábrica de Armas para a súa apertura aos barrios de Palavea, Santa Xema e Pedralonga; a creación dunha biblioteca municipal no equipamento veciñal da futura Cidade das TIC para dar acceso a todos os barrios da contorna; realización de actividades de lecer e tempo libre, nomeadamente actividades do programa municipal Nocturnia, para a mocidade do barrio; impulsar o uso da bici, creando carrís bici e sendas ciclables, incorporando estes obxectivos ás futuras conexións da Cidade das TIC e a humanización da avenida de Alfonso Molina; e renovar a pasarela de Palavea para adaptala ás bicis.

ocio intergeneracional y comunitario; la creación de un área de esparcimiento con la creación de un parque infantil en Santa Xema; la instalación de una cancha deportiva en el barrio de Palavea con las opciones de emplazamiento trasladadas por las entidades vecinales y socioculturales del barrio; continuar con el proyecto de recuperación de las instalaciones deportivas y de ocio de la Fábrica de Armas, con la participación en su diseño del grupo de trabajo ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *de la Comisión Informativa de las TIC y de las asociaciones presentes en la Plataforma de la Fábrica de Armas para su apertura a los barrios de Palavea, Santa Xema y Pedralonga; la creación de una biblioteca municipal en el equipamiento vecinal de la futura Ciudad de las TIC para dar acceso a todos los barrios del entorno; realización de actividades de ocio y tiempo libre, especialmente actividades del programa municipal Nocturnia, para la juventud del barrio; impulsar el uso de la bici, creando carriles bici y sendas ciclables, incorporando estos objetivos a las futuras conexiones de la Ciudad de las TIC y la humanización de la avenida de Alfonso Molina; y renovar la pasarela de Palavea para adaptarla a las bicis.*

Así mesmo, instar o Goberno municipal a reforzar a recollida de lixo e o mantemento das zonas verdes no barrio de Palavea; instar o Goberno municipal a atender ás peticións existentes e facilitar o acceso aos locais municipais a todas as entidades do barrio; instar o Goberno municipal a que acometa obras de humanización e mellora na parcela nº 3 do Grupo de Vivendas Santa Cristina: zona de esparcemento, mobiliario urbán e a área canina; instar o Goberno municipal á instalación de paneis informativos dixitais nas paradas de buses e abordar, dentro da reorganización das liñas de autobuses, a

Asimismo, instar al Gobierno municipal a reforzar la recogida de basura y el mantenimiento de las zonas verdes en el barrio de Palavea; instar al Gobierno municipal a atender a las peticiones existentes y facilitar el acceso a los locales municipales a todas las entidades del barrio; instar al Gobierno municipal a que acometa obras de humanización y mejora en la parcela nº 3 del Grupo de Viviendas Santa Cristina: zona de esparcimiento, mobiliario urbano y el área canina; instar al Gobierno municipal a la instalación de paneles informativos digitales en las paradas de buses y abordar, dentro de la

mellora dos tempos e frecuencias **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** nas liñas, 1A, 22 e 20, así como a establecer algunha parada nova entre Palavea-Eirís-Pedralonga; dar cumprimento aos puntos incluídos na moción sobre os problemas existentes nos bloques de vivendas Epamar, aprobada no Pleno ordinario de xullo de 2020; instar o SAREB a resolver coa máxima celeridade...

reorganización de las líneas de autobuses, la mejora de los tiempos y frecuencias ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *en las líneas, 1A, 22 y 20, así como a establecer alguna parada nueva entre Palavea-Eirís-Pedralonga; dar cumplimiento a los puntos incluidos en la moción sobre los problemas existentes en los bloques de viviendas Epamar, aprobada en el Pleno ordinario de julio de 2020; instar el SAREB a resolver con la máxima celeridad...*

Presidencia

Ten que rematar, señora Delso.

Presidencia

Tiene que finalizar, señora Delso.

Señora Delso Carreira

...a situación xurídica das vivendas Epamar —xa remato—, co fin de poder integrar as mesmas no parque de vivenda social de EMVSA.

Punto nove, instar o Goberno municipal a atender a demanda formulada no marco do "Pacto social por una Coruña libre de violencias machistas", de proceder á adaptación das zonas do barrio que ofrecen máis inseguridade, polo seu trazado e deficiente alumeamento e nomeadamente a mellorar a iluminación no entorno do Alcampo e do Centro Cívico. E instar, por último, o Goberno municipal a que traslade ás empresas telefónicas o precario estado no que se atopa o cableado da luz no exterior de varios edificios en Palavea Vella, co obxecto de que adopten as medidas pertinentes.

Grazas.

Señora Delso Carreira

...la situación jurídica de las viviendas Epamar —ya finalizo—, con el fin de poder integrar las mismas en el parque de vivienda social de EMVSA.

Punto nueve, instar al Gobierno municipal a atender la demanda formulada en el marco del "Pacto social por una Coruña libre de violencias machistas", de proceder a la adaptación de las zonas del barrio que ofrecen más inseguridad, por su trazado y deficiente iluminación y especialmente a mejorar la iluminación en el entorno del Alcampo y del Centro Cívico. E instar, por último, al Gobierno municipal a que traslade a las empresas telefónicas el precario estado en el que se encuentra el cableado de la luz en el exterior de varios edificios en Palavea Vella, con el objeto de que adopten las medidas pertinentes.

Gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Delso.

Presidencia

Muchas gracias, señora Delso.

Señora Faraldo, o seu turno.

Ás dezaoito horas e doce minutos sae do Salón de Sesións o señor Lema Suárez.

Señora Faraldo Calvo

Bueno, a última pretensión que nos move é furgar nas feridas ou abrir fendas que non aportan nada e que poden atrapar incluso nas mesmas a quen as crea, pero á hora de valorar esta moción e todas as emendas que xenerou, non podemos deixar de ter en conta a situación en que nos atopamos e que más pareceu unha carreira con sprint final. Un Grupo Municipal, con toda a lexitimidade do mundo, presenta unha moción, pero dá paso a unha polémica que ninguén hoxe aquí ignora. Nós, que temos como punto de partida favorecer sempre as medidas de mellora que se pidan para os barrios, veñan de quen veñan, estabamos nesa tesitura, pero de repente, a menos de dous días de Pleno somos chamadas pola propia Asociación de Veciños do barrio de Palavea que nos invitan *in extremis* a acudir ó barrio para contrastar unha moción coa que lle xurden discrepancias. Seguramente foi un problema comunicativo, estou segurísima que desde a mellor das intencións, pero a realidade é que unha parte importante e lexitimada do barrio non só non se sinte interpelada, senón que se sentiu afastada. Nos entregan nese momento un documento que titulan: respostas e propostas en relación á moción do Pleno do 4 de febreiro do 2021. O documento ten dez follas con fotografías para situar visualmente as demandas, nas que se analiza punto por punto a moción presentada, cuestionando, modificando, engadindo partes da mesma. En menos de 24 horas á celebración deste pleno aparecen tres emendas coa intención de

Señora Faraldo, su turno.

A las dieciocho horas y doce minutos sale del Salón de Sesiones el señor Lema Suárez.

Señora Faraldo Calvo

Bueno, la última pretensión que nos mueve es hurgar en las heridas o abrir brechas que no aportan nada y que pueden atrapar incluso en las mismas a quien las crea, pero a la hora de valorar esta moción y todas las enmiendas que generó, no podemos dejar de tener en cuenta la situación en que nos encontramos y que más pareció una carrera con sprint final. Un Grupo Municipal, con toda la legitimidad del mundo, presenta una moción, pero da paso a una polémica que nadie hoy aquí ignora. Nosotros, que tenemos como punto de partida favorecer siempre las medidas de mejora que se pidan para los barrios, vengan de quien vengan, estábamos en esa tesitura, pero de repente, a menos de dos días de Pleno somos llamadas por la propia Asociación de Vecinos del barrio de Palavea que nos invitan in extremis a acudir al barrio para contrastar una moción con la que le surgen discrepancias. Seguramente fue un problema comunicativo, estoy segurísima que desde la mejor de las intenciones, pero la realidad es que una parte importante y legitimada del barrio no solo no se siente interpelada, sino que se sintió apartada. Nos entregan en ese momento un documento que titulan: respuestas y propuestas en relación a la moción del Pleno de 4 de febrero del 2021. El documento tiene diez hojas con fotografías para situar visualmente las demandas, en las que se analiza punto por punto la moción presentada, cuestionando, modificando, añadiendo partes de la misma. En menos de 24 horas a la celebración de este pleno aparecen tres enmiendas con la intención

engadir ou substituír á propoñente e unha nota de prensa titulada: a moción da discordia, onde basicamente o que se cuestiona é a falta de diálogo.

Calquera das mocións, vistas no escaso tempo do que se contou, afonda en acometer medidas dun calado importante. Uns instan o Goberno municipal, ó mesmo tempo que outros demandan o Goberno central, o mesmo. Uns piden unha instalación deportiva onde outros piden un espazo canino; se pide a execución da senda fluvial entre Santa Xema e o Río de Quintas, pero unha delas xa antepón que primeiro hai que resolver as cuestións suscitadas por Patrimonio da Xunta de Galicia.

Neste totum revolutum, e o digo, créanme, con todo o respecto, esta concelleira non pode por menos que declarar que ante a falta de tempo, ante o chorreo de protestas que, parecendo parecidas, amosan serias diferenzas, que ante o conflito xurdido e pretendendo ser moi prudente no mesmo e co mesmo, optamos, sen duda, pola abstención, abstención que xa lle comunicamos á Asociación de Veciños e á propia concelleira, señora Delso, á que sabe téñolle bastante afecto, con ánimo de que máis que as prisas, sexa a moderación a que nos guíe, a sabendas de que en todo caso se non saíra adiante ningunha das propostas, o único que estariamos a facer é emplazar a un próximo Pleno, con maior sosiego, de forma máis relaxada e conciliada cos e coas afectadas, a elevación das carencias do barrio. Como parece que vai a salir, pois nós nos mantemos nesa abstención.

Grazas.

Presidencia

de añadir o sustituir a la proponente y una nota de prensa titulada: la moción de la discordia, donde básicamente lo que se cuestiona es la falta de diálogo.

Cualquiera de las mociones, vistas en el escaso tiempo del que se contó, ahonda en acometer medidas de un calado importante. Unos instan al Gobierno municipal, al mismo tiempo que otros demandan al Gobierno central, lo mismo. Unos piden una instalación deportiva donde otros piden un espacio canino; se pide la ejecución de la senda fluvial entre Santa Xema y el Río de Quintas, pero una de ellas ya antepone que primero hay que resolver las cuestiones suscitadas por Patrimonio de la Xunta de Galicia.

En este totum revolutum, y lo digo, créanme, con todo el respeto, esta concejala no puede por menos que declarar que ante la falta de tiempo, ante el chorreo de protestas que, pareciendo parecidas, muestran serias diferencias, que ante el conflicto surgido y pretendiendo ser muy prudente en el mismo y con el mismo, optamos, sin duda, por la abstención, abstención que ya le comunicamos a la Asociación de Vecinos y a la propia concejala, señora Delso, a la que sabe le tengo bastante afecto, con ánimo de que más que las prisas, sea la moderación la que nos guíe, a sabiendas de que en todo caso si no saliera adelante ninguna de las propuestas, lo único que estaríamos haciendo es emplazar a un próximo Pleno, con mayor sosiego, de forma más relajada y conciliada con los y con las afectadas, la elevación de las carencias del barrio. Como parece que va a salir, pues nosotros nos mantenemos en esa abstención.

Gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Ás dezaoito horas e dezaseis minutos entran no Salón de Sesións a señora Veira González e o señor Díaz Villoslada.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Permítame, en primeiro lugar, que faga dúas aclaracións relacionadas con esta moción. Hai unha terceira aclaración en relación cunha cousa que manifestou antes o señor Laxe, pero vou responder nunha moción do Partido Popular que se debaterá despois porque vén máis a conto.

Entón, primeira aclaración: esta cidade ten un tecido asociativo moi rico que hai que coidar e potenciar, un tecido plural, como plural é a cidade. Non todas as asociacións pensan igual, mais en calquera caso, sexa cal sexa o planteamento das diferentes asociacións, os Grupos Municipais son autónomos e respectamos a capacidade de iniciativa de cada Grupo Municipal para presentar en Pleno as iniciativas que decida e cos contidos que considere.

E a segunda aclaración é que o BNG ten por costume non presentar emendas de substitución ás iniciativas doutros Grupos. Se discrepamos simplemente votamos en contra porque preferimos substanciar as nosas propostas nas nosas propias iniciativas. Por iso creo que non é ó noso estilo apropiarnos vía emendas das iniciativas doutros intentando darlles a volta, e menos cando se trata de Grupos cos que intentamos ter boa relación. Que

Muchas gracias, señora Faraldo.

Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

A las dieciocho horas y dieciséis minutos entran en el Salón de Sesiones la señora Veira González y el señor Díaz Villoslada.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Permítame, en primer lugar, que haga dos aclaraciones relacionadas con esta moción. Hay una tercera aclaración en relación con una cosa que manifestó antes el señor Lage, pero voy a responder en una moción del Partido Popular que se debatirá después porque viene más a cuento.

Entonces, primera aclaración: esta ciudad tiene un tejido asociativo muy rico que hay que cuidar y potenciar, un tejido plural, como plural es la ciudad. No todas las asociaciones piensan igual, pero en cualquier caso, sea cuál sea el planteamiento de las diferentes asociaciones, los Grupos Municipales son autónomos y respetamos la capacidad de iniciativa de cada Grupo Municipal para presentar en Pleno las iniciativas que decida y con los contenidos que considere.

Y la segunda aclaración es que el BNG tiene por costumbre no presentar enmiendas de sustitución a las iniciativas de otros Grupos. Si discrepamos simplemente votamos en contra porque preferimos sustanciar nuestras propuestas en nuestras propias iniciativas. Por eso creo que no es a nuestro estilo apropiarnos vía enmiendas de las iniciativas de otros intentando darles la vuelta, y menos cuando se trata de Grupos con los que intentamos tener

acontece? Que a presentación desta moción estivo rodeada de certa polémica, a Asociación Veciñal Os nosos lares, unha asociación cunha longa traxectoria de traballo no barrio de Palavea, discrepa dalgúns dos enfoques desta moción, e esa é a razón pola que optamos por presentar a nosa emenda.

buena relación ¿Qué sucede? Que la presentación de esta moción estuvo rodeada de cierta polémica, la Asociación Vecinal Os nosos lares, una asociación con una larga trayectoria de trabajo en el barrio de Palavea, discrepa de algunos de los enfoques de esta moción, y esa es la razón por la que optamos por presentar nuestra enmienda.

Coincidimos con moitas das actuacións que propón a Marea, pero hai actuacións que competen a outras Administracións que son as titulares desas vías e por iso é a esas Administracións ás que hai que instar. Algunhas das actuacións que se propoñen, tal como están enunciadas, son cando menos matizábeis e hai actuacións longamente demandadas pola veciñanza que non figuraban na proposta orixinal, como é o caso da creación dunha biblioteca municipal no equipamento veciñal da futura Cidade das TIC, de proceder a instalación de paneis informativos dixitais nas paradas de buses, abordar dentro da reorganización das liñas de autobuses a mellora nos tempos e frecuencias nas liñas que dan servizo ó barrio, proceder a adaptación de zonas do barrio que ofrecen inseguridade polo seu trazado e deficiente alumeamento, ou dar cumprimento ós puntos incluídos na moción sobre os problemas existentes con ocupantes dos bloques de vivendas de Epamar, unha moción que foi aprobada por unanimidade no Pleno ordinario de xullo de 2020.

Coincidimos con muchas de las actuaciones que propone la Marea, pero hay actuaciones que competen a otras Administraciones que son las titulares de esas vías y por eso es a esas Administraciones a las que hay que instar. Algunas de las actuaciones que se proponen, tal como están enunciadas, son cuando menos matizables y hay actuaciones largamente demandadas por el vecindario que no figuraban en la propuesta original, como es el caso de la creación de una biblioteca municipal en el equipamiento vecinal de la futura Ciudad de las TIC, de proceder la instalación de paneles informativos digitales en las paradas de buses, abordar dentro de la reorganización de las líneas de autobuses la mejora en los tiempos y frecuencias en las líneas que dan servicio al barrio, proceder la adaptación de zonas del barrio que ofrecen inseguridad por su trazado y deficiente alumbrado, o dar cumplimiento a los puntos incluidos en la moción sobre los problemas existentes con ocupantes de los bloques de viviendas de Epamar, una moción que fue aprobada por unanimidad en el Pleno ordinario de julio de 2020.

Esas son as razóns que motivaron a presentación da emenda do BNG, mais en calquera caso congratulámonos moito, doulle as grazas polo esforzo que fixo nese sentido a señora Claudia Delso de que finalmente sexa posíbel unha transacción, unha transacción que

Esas son las razones que motivaron la presentación de la enmienda del BNG, pero en cualquier caso nos congratulamos mucho, le doy las gracias por el esfuerzo que hizo en ese sentido la señora Claudia Delso de que finalmente sea posible una transacción, una

creo que recolle os matices que entendiamos que era necesario contemplar e demandas que inicialmente non se contemplaban, e por tanto o BNG si que vai votar a favor.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para o Partido Popular, señora Cendán.

Señora Cendán Gayoso

Boa tarde de novo a todos.

Comezo como acabei na miña intervención anterior: recorden que gobernan só para unha cousa: mellorar a calidade de vida dos cidadáns e resolver os seus problemas reais, porque sexa Palavea, Eirís ou Pescadería, os nosos barrios precisan de actuacións concretas pero tamén xerais. Concretas porque o pouco que se faga é xa un gran paso, tendo en conta o estado no que levan moitos anos, e xerais porque pola contra o pouco que se faga non chega, as necesidades e as demandas acumúlanse ata facerse necesaria a elaboración de plans integrais, sendo esta non unha nova, nova, senón a peor de todas.

En pouco menos dun ano esta é a segunda moción que se trae ó Pleno sobre Palavea. En xullo chegabamos a un acordo co Bloque e hoxe o facemos todos os Grupos, salvo a señora Faraldo coa Marea, con quen como propoñente adoptouse unha transacción na que se recollen todas e cada unha das actuacións demandadas polos veciños do barrio. Todas e cada unha das actuacións sen excepción porque aí, onde debemos estar, estivemos e estaremos, porque non entenderiamos

transacción que creo que recoge los matices que entendíamos que era necesario contemplar y demandas que inicialmente no se contemplaban, y por tanto el BNG sí que va a votar a favor.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera.

Turno para el Partido Popular, señora Cendán.

Señora Cendán Gayoso

Buena tarde de nuevo a todos.

Comienzo como acabé en mi intervención anterior: recuerden que gobiernan solo para una cosa: mejorar la calidad de vida de los ciudadanos y resolver sus problemas reales, porque sea Palavea, Eirís o Pescadería, nuestros barrios precisan de actuaciones concretas pero también generales. Concretas porque lo poco que se haga es ya un gran paso, habida cuenta el estado en el que llevan muchos años, y generales porque por el contrario lo poco que se haga no llega, las necesidades y las demandas se acumulan hasta hacerse necesaria la elaboración de planes integrales, siendo esta no una nueva, nueva, sino la peor de todas.

En poco menos de un año esta es la segunda moción que se trae al Pleno sobre Palavea. En julio llegábamos a un acuerdo con el Bloque y hoy lo hacemos todos los Grupos, salvo la señora Faraldo con la Marea, con quien como proponente se adoptó una transacción en la que se recogen todas y cada una de las actuaciones demandadas por los vecinos del barrio. Todas y cada una de las actuaciones sin excepción porque ahí, donde debemos estar, estuvimos y estaremos, porque no entenderíamos de

doutra forma a defensa dos problemas que nos traslada a veciñanza. A nosa labor é chegar a acordos e atopar puntos de encontro, e así o fixemos nesta moción, porque a nosa man sempre está tendida e a nosa porta sempre está aberta, porque queremos sumar e non restar e porque o que pedimos é multiplicar esforzos e non dividir as forzas.

otra forma la defensa de los problemas que nos traslada el vecindario. Nuestra labor es llegar a acuerdos y encontrar puntos de encuentro, y así lo hicimos en esta moción, porque nuestra mano siempre está tendida y nuestra puerta siempre está abierta, porque queremos sumar y no restar y porque lo que pedimos es multiplicar esfuerzos y no dividir las fuerzas.

Ás dezaoito horas e vinte e un minutos sae do Salón de Sesións a señora Neira Fernández e incorpórase á sesión, á que asiste telematicamente, a señora Peñalosa López-Pin.

A las dieciocho horas y veintiún minutos sale del Salón de Sesiones la señora Neira Fernández y se incorpora a la sesión, a la que asiste telemáticamente, la señora Peñalosa López- Pin.

Se ben algunhas das actuacións son competencia doutras Administracións, outras xa están en marcha e outras non son problemas que aínda están por cumprir, é un bo momento para recordarlle á Alcaldía e á señora Cabanas o seu cometido. Sobre as que competen a outras Administracións, instámoslles a que se senten, dialoguen e negocien máis, algo que non fan cos Grupos da oposición, pero que si deberían facer máis a cotío coa Administración do Estado, representada polo señor Losada, delegado do Goberno, compañeiro militante da súa formación política.

Si bien algunas de las actuaciones son competencia de otras Administraciones, otras ya están en marcha y otras no son problemas que aún están por cumplir, es un buen momento para recordarle a la Alcaldía y a la señora Cabanas su cometido. Sobre las que competen a otras Administraciones, les instamos la que se sienten, dialoguen y negocien más, algo que no hacen con los Grupos de la oposición, pero que sí deberían hacer más a menudo con la Administración del Estado, representada por el señor Losada, delegado del Gobierno, compañero militante de su formación política.

Sobre as actuacións que xa están en marcha, instámoslles a que lle dean o impulso necesario para que cheguen canto antes á súa consecución, para que a veciñanza poida desfrutar de novas infraestruturas e servizos.

Sobre las actuaciones que ya están en marcha, les instamos la que le den el impulso necesario para que lleguen lo antes posible a su consecución, para que el vecindario pueda disfrutar de nuevas infraestructuras y servicios.

E por último, sobre as que son promesas por cumprir, instámoslles a que sexan realistas e a que non dean a súa palabra se logo non van ser capaces de cumprir con ela. Pois ben, o seu cometido non é outro que materializar ditas actuacións

Y por último, sobre las que son promesas por cumplir, les instamos la que sean realistas y a que no den su palabra si luego no van a ser capaces de cumplir con ella. Pues bien, su cometido no es otro que materializar dichas actuaciones

sen feitos, o que lle compete ó Goberno mais tamén ó que depende do seu interese, porque outras Administracións fagan o que é de seu.

sin hechos, lo que le compete al Gobierno pero también a lo que depende de su interés, porque otras Administraciones hagan lo que le compete.

Señora Cabañas, dicíalle antes que había que meter a quinta marcha, espero que estea xa na terceira ou cuarta porque cando remate este pleno haberá que correr para chegar a todo, pero iso xa o sabe, verdade? Si, xa sei, non lle gusta que lle marquen o ritmo, pero creo que a mensaxe de hoxe é alta e sobre todo moi clara: barrio, barrio e máis barrio, ou o que é o mesmo: rúa, rúa e máis rúa. Non para fotos cunha sinal, un banco ou un contenedor, que ollo, como anécdota está moi ben, pero non é serio que sexa noticiable, ou quizais sexa este o nivel ó que pode chegar esta Alcaldía tras dous anos de mandato, porque quizais, quizais, quizais, esteamos, como di o refrán castelán, pedíndolle *peras ó olmo*. Con quizais ou sen el, a única forma que teñen vostedes de demostrar que todos os Grupos da oposición estamos errados é traballando e solucionando os problemas reais dos veciños da Coruña.

Señora Cabañas, le decía antes que había que meter la quinta marcha, espero que esté ya en la tercera o cuarta porque cuando finalice este pleno habrá que correr para llegar a todo, pero ¿eso ya lo sabe, verdad? Sí, ya sé, no le gusta que le marquen el ritmo, pero creo que el mensaje de hoy es alto y sobre todo muy claro: barrio, barrio y más barrio, o lo que es lo mismo: calle, calle y más calle. No para fotos con una señal, un banco o un contenedor, que ojo, como anécdota está muy bien, pero no es serio que sea noticiable, o quizás sea este el nivel al que puede llegar esta Alcaldía tras dos años de mandato, porque quizás, quizás, quizás, estemos, como dice el refrán castellano, pidiéndole peras al olmo. *Con quizás o sin él, la única forma que tienen ustedes de demostrar que todos los Grupos de la oposición estamos errados es trabajando y solucionando los problemas reales de los vecinos de A Coruña.*

Seguimos esperando e estaremos atentos ós feitos, que non os anuncios.

Seguimos esperando y estaremos atentos a los hechos, que no los anuncios.

Moitas gracias.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señora Cendán.

Muchas gracias, señora Cendán.

Señora Cabanas.

Señora Cabanas.

Ás dezaoito horas e vinte e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Lema Suárez.

A las dieciocho horas y veintitrés minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lema Suárez.

Señora Sobral Cabanas

Señora Sobral Cabanas

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Señora Delso, hónralle, está ben rectificar e recoñecer un erro, pero cremos que se ese sentimento de rectificación fose real, retirarían a moción e prepararían unha nova tras escoitar ás veciñas e veciños de Palavea. É un exercicio interesante de democracia, recoméndollo, xa que escoitando apréndese moito. E é que resulta insólito que non sexa ningún Grupo político municipal o que tombe ou vote en contra dunha moción presentada aquí, senón que este traballo de oposición e emenda á totalidade xa o fixeron os mesmos veciños que a moción di representar. Así, a Asociación Veciñal Os nosos lares de Palavea emitiu un comunicado sobre as supostas demandas veciñais que trae hoxe a Marea Atlántica na súa moción, e sobre a que os representantes veciñais mostran o seu total desacordo.

Señora Delso, le honra, está bien rectificar y reconocer un error, pero creemos que si ese sentimiento de rectificación fuese real, habrían retirado la moción y preparado una nueva tras escuchar a las vecinas y vecinos de Palavea. Es un ejercicio interesante de democracia, se lo recomiendo, ya que escuchando se aprende mucho. Y es que resulta insólito que no sea ningún Grupo político municipal el que tumbe o vote en contra de una moción presentada aquí, sino que este trabajo de oposición y enmienda a la totalidad ya lo han hecho los mismos vecinos que la moción dice representar. Así, la Asociación Vecinal Os nosos lares de Palavea ha emitido un comunicado sobre las supuestas demandas vecinales que trae hoy la Marea Atlántica en su moción, y sobre la que los representantes vecinales muestran su total desacuerdo.

Señoras e señores da Marea Atlántica, que podo dicir eu como concelleira de Barrios, cando son os propios veciños os que a través da súa Asociación Veciñal acúsanlles a vostedes de falta de diálogo? dunha actitude de erosión cara ao movemento veciñal, de non poñerse en contacto con eles, de inventarse necesidades, de non ter claros os ámbitos competenciais aos que pertencen as súas demandas ou de, mesmo, mostrar un total descoñecemento daquelas accións que levaron a cabo durante o seu mandato, e que agora, nun exercicio de abraiante surrealismo, mesmo critican e poñen en cuestión.

Señoras y señores de la Marea Atlántica, ¿qué puedo decir yo como concejala de Barrios, cuando son los propios vecinos los que a través de su Asociación Vecinal les acusan a ustedes de falta de diálogo? de una actitud de erosión hacia el movimiento vecinal, de no ponerse en contacto con ellos, de inventarse necesidades, de no tener claros los ámbitos competenciales a los que pertenecen sus demandas o de, incluso, mostrar un total desconocimiento de aquellas acciones que han llevado a cabo durante su mandato, y que ahora, en un ejercicio de pasmoso surrealismo, incluso critican y ponen en cuestión.

Entendemos, pois, que dada a súa desconexión co tecido veciñal e asociativo, e sobre todo entre vostedes mesmos, o máis sensato e lóxico é que este goberno municipal lles informe acerca das novidades respecto a Palavea e a súa contorna.

Entendemos, pues, que dada su desconexión con el tejido vecinal y asociativo, y sobre todo entre ustedes mismos, lo más sensato y lógico es que este gobierno municipal les informe acerca de las novedades respecto a Palavea y su entorno.

Existe un proxecto en fase de redacción sobre as futuras instalacións deportivas de Pedralonga, con piscina, zona recreativa e de lecer para todos os veciños e veciñas. O equipo da Concellería de Benestar Social leva tempo deseñando conxuntamente cos mozos de Palavea unha programación de actividades e lecer xuvenil. A Concellería de Medio Ambiente está a levar a cabo un mapeo da zona para a recuperación de zonas verdes e carreiros peonís. A obra da demandada pasarela de Pedralonga comezará a executarse neste ano 2021. Tamén existe un compromiso para a creación dun edificio de uso veciñal incluído na Cidade das TIC, así como o libre acceso para o lecer ao espazo público do recinto, e vaise a continuar co plan de asfaltado do viario solicitado pola Asociación de Veciños Vos nosos lareiras.

Existe un proyecto en fase de redacción sobre las futuras instalaciones deportivas de Pedralonga, con piscina, zona recreativa y de ocio para todos los vecinos y vecinas. El equipo de la Concejalía de Bienestar Social lleva tiempo diseñando conjuntamente con los jóvenes de Palavea una programación de actividades y ocio juvenil. La Concejalía de Medio Ambiente está llevando a cabo un mapeo de la zona para la recuperación de zonas verdes y senderos peatonales. La obra de la demandada pasarela de Pedralonga comenzará a ejecutarse en este año 2021. También existe un compromiso para la creación de un edificio de uso vecinal incluido en la Ciudad de las TIC, así como el libre acceso para el ocio al espacio público del recinto, y se va a continuar con el plan de asfaltado del viario solicitado por la Asociación de Vecinos Os nosos lares.

Indicarlles tamén que xa se asfaltaron varias rúas, ademais do Viario 22 Palavea-Zapateira. Están a arranxarse os bolardos do barrio e proximamente serán plenamente substituídos, procedeuse á mellora das escaleiras de acceso ao aparcadoiro e estase implantando unha nova colonia felina.

Indicarles también que ya se han asfaltado varias calles, además del Vial 22 Palavea-Zapateira. Se están arreglando los bolardos del barrio y próximamente serán plenamente sustituidos, se ha procedido a la mejora de las escaleras de acceso al aparcamiento y se está implantando una nueva colonia felina.

*Así que, señoras e señores da Marea Atlántica, por favor, rógolles que antes de volver presentar unha moción veciñal, que sexa desestimada e emendada a totalidade polos propios veciños, escoiten a estes, se reúnan con eles, traballen un pouco o seu argumentario e ordenen os seus procedementos, a súa falta de coordinación interna e ideas. Parece mentira que despois de tanto "*Dillo ti*" non sexan vostedes capaces aínda de* escoitalos a eles, *e miren que é sinxelo sentar e escoitar aos veciños, e levar adiante as súas propostas. Nós levámolo facendo desde que chegamos.*

Así que, señoras y señores de la Marea Atlántica, por favor, les ruego que antes de volver a presentar una moción vecinal, que sea desestimada y enmendada la totalidad por los propios vecinos, escuchen a estos, se reúnan con ellos, trabajen un poco su argumentario y ordenen sus procedimientos, su falta de coordinación interna e ideas. Parece mentira que después de tanto "*Díselo tú*" no sean ustedes capaces todavía de *escucharlos a ellos*, y miren que es sencillo sentarse y escuchar a los vecinos, y llevar adelante sus propuestas. Nosotros lo llevamos haciendo desde que llegamos.

Apoiaremos o acordo de transacción, xa que inclúe practicamente as mesmas propostas que levamos na nosa emenda, porque o importante para este goberno municipal son as veciñas e veciños do barrio, no que, por certo, señora Cendán, tamén estivemos.

Moitas grazas.

As dezaoito horas e vinte e sete minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández.

Presidencia

Moitas grazas, señora Cabanas.

Procedemos á votación desta moción xa coa transacción efectuada.

Votación da terceira moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica transaccionada cos Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Popular e do Partido Socialista

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a terceira moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) transaccionada cos Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego (BNG), do Partido Popular (PP) e do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) sobre o barrio de Palavea, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal da

Apoyaremos el acuerdo de transacción, ya que incluye prácticamente las mismas propuestas que llevamos en nuestra enmienda, porque lo importante para este gobierno municipal son las vecinas y vecinos del barrio, en el que, por cierto, señora Cendán, también hemos estado.

Muchas gracias.

A las dieciocho horas y veintisiete minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Neira Fernández.

Presidencia

Muchas gracias, señora Cabanas.

Procedemos a la votación de esta moción ya con la transacción efectuada.

Votación de la tercera moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica transaccionada con los Grupos Municipales del Bloque Nacionalista Galego, del Partido Popular y del Partido Socialista

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación a tercera moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) transaccionada con los Grupos Municipales del Bloque Nacionalista Galego (BNG), del Partido Popular (PP) y del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) sobre el barrio de Palavea, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal de la

Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Abstense a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención)

Presidencia

Queda aprobada a moción.

35. Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica transaccionada cos Grupos Municipais do Partido Socialista, Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego sobre o barrio de Palavea.

Acordo

1. Instar o Goberno municipal a desenvolver todas as accións que sexan precisas para mellorar a mobilidade peonil e a seguridade vial no barrio de Palavea, nomeadamente:

1.1. Demandar da Administración Xeral do Estado, titular da N550, cantas actuacións sexan necesarias para garantir a seguridade vial e o calmado do tránsito nesa vía, así como a materialización da tan demandada pasarela de Pedralonga.

1.2. Asegurar o mantemento habitual das vías peonís. Demandar da Administración Xeral do Estado, titular da AC-11, o desbroce das zonas de herba en ambos lados da avenida de Alfonso Molina.

1.3. Demandar da Administración Xeral do Estado, titular do vial 22, a instalación de beirarrúas ou balizar para realizar un percorrido seguro para os peóns e a sinalización e limitación do

Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos)

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto)

Se abstiene la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 abstención)

Presidencia

Queda aprobada la moción.

35. Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica transaccionada con los Grupos Municipales del Partido Socialista, Partido Popular y Bloque Nacionalista Galego sobre el barrio de Palavea.

Acuerdo

1. Instar al Gobierno municipal a desarrollar todas las acciones que sean precisas para mejorar la movilidad peatonal y la seguridad vial en el barrio de Palavea, nombradamente:

1.1. Demandar de la Administración General del Estado, titular de la N550, cuantas actuaciones sean necesarias para garantizar la seguridad vial y el calmado del tráfico en esa vía, así como la materialización de la tan demandada pasarela de Pedralonga.

1.2. Asegurar el mantenimiento habitual de las vías peatonales. Demandar de la Administración General del Estado, titular de la AC-11, el desbroce de las zonas de hierba en ambos lados de la avenida de Alfonso Molina.

1.3. Demandar de la Administración General del Estado, titular del vial 22, la instalación de aceras o balizar para realizar un recorrido seguro para los peatones y la señalización y limitación

tránsito de vehículos pesados no devandito vial.

del tráfico de vehículos pesados en dicho vial.

1.4. Recuperar o camiño de Laxe, que é o camiño natural entre Palavea e Castro de Laxe.

1.4. Recuperar el camino de Laxe, que es el camino natural entre Palavea y Castro de Laxe.

2. Instar o Goberno municipal a desenvolver as seguintes actuacións de acondicionamento de zonas verdes, de deporte, lecer e cultura no barrio de Palavea:

2. Instar al Gobierno municipal a desarrollar las siguientes actuaciones de acondicionamiento de zonas verdes, de deporte, ocio y cultura en el barrio de Palavea:

2.1. Executar a senda fluvial aprobada e acordada entre Santa Xema e o Río de Quintas.

2.1. Ejecutar la senda fluvial aprobada y acordada entre Santa Xema y el Río de Quintas.

2.2. Instalación, unha vez que se dispoña de terreos municipais idóneos para facelo, da horta urbana (Ecohorta) acordada para os orzamentos de 2020 no barrio como un proxecto de fomento de lecer interxeneracional e comunitario.

2.2. Instalación, una vez que se disponga de terrenos municipales idóneos para hacerlo, de la huerta urbana (Ecohuerta) acordada para los presupuestos de 2020 en el barrio como un proyecto de fomento de ocio intergeneracional y comunitario.

2.3. Creación dunha área de esparexemento coa creación dun parque infantil en Santa Xema.

2.3. Creación de un área de esparcimiento con la creación de un parque infantil en Santa Xema.

2.4. Instalación dunha cancha deportiva no barrio de Palavea coas opcións de emprazamento trasladadas polas entidades veciñais e socioculturais do barrio.

2.4. Instalación de una cancha deportiva en el barrio de Palavea con las opciones de emplazamiento trasladadas por las entidades vecinales y socioculturales del barrio.

2.5. Continuar co proxecto de recuperación das instalacións deportivas e de lecer da Fábrica de Armas, coa participación no seu deseño do grupo de traballo da Comisión Informativa das TIC e das asociacións presentes na Plataforma da Fábrica de Armas para a súa apertura aos barrios de Palavea, Santa Xema e Pedralonga.

2.5. Continuar con el proyecto de recuperación de las instalaciones deportivas y de ocio de la Fábrica de Armas, con la participación en su diseño del grupo de trabajo de la Comisión Informativa de las TIC y de las asociaciones presentes en la Plataforma de la Fábrica de Armas para su apertura a los barrios de Palavea, Santa Xema y Pedralonga.

2.6. Creación dunha biblioteca municipal no equipamento veciñal da futura cidade das TIC para dar acceso a

2.6. Creación de una biblioteca municipal en el equipamiento vecinal de la futura ciudad de las TIC para dar

todos os barrios da contorna (Palavea, Eirís, Pedralonga, Santa Xema).

acceso a todos los barrios del entorno (Palavea, Eirís, Pedralonga, Santa Xema).

2.7. Realización de actividades de lecer e tempo libre (nomeadamente actividades do programa municipal Nocturnia) para a mocidade do barrio.

2.7. Realización de actividades de ocio y tiempo libre (especialmente actividades del programa municipal Nocturnia) para la juventud del barrio.

2.8. Impulsar o uso da bici, creando carrís bici e sendas ciclables, incorporando estes obxectivos ás futuras conexións da Cidade das TIC e a humanización da avenida de Alfonso Molina (en colaboración coa Administración Xeral do Estado, titular da AC-11). Renovar a pasarela de Palavea para adaptala ás bicis.

2.8. Impulsar el uso de la bici, creando carriles bici y sendas ciclables, incorporando estos objetivos a las futuras conexiones de la Ciudad de las TIC y la humanización de la avenida de Alfonso Molina (en colaboración con la Administración General del Estado, titular de la AC-11). Renovar la pasarela de Palavea para adaptarla a las bicis.

3. Instar o Goberno municipal a reforzar a recollida de lixo e o mantemento das zonas verdes no barrio de Palavea.

3. Instar al Gobierno municipal a reforzar la recogida de basura y el mantenimiento de las zonas verdes en el barrio de Palavea.

4. Instar o Goberno municipal a atender ás peticións existentes e facilitar o acceso aos locais municipais a todas as entidades do barrio.

4. Instar al Gobierno municipal a atender a las peticiones existentes y facilitar el acceso a los locales municipales a todas las entidades del barrio.

5. Instar o Goberno municipal a que acometa obras de humanización e mellora na parcela nº 3 do Grupo de Vivendas Santa Cristina: zona de esparcemento, mobiliario urbán e a área canina.

5. Instar al Gobierno municipal a que acometa obras de humanización y mejora en la parcela nº 3 del Grupo de Viviendas Santa Cristina: zona de esparcimiento, mobiliario urbano y el área canina.

6. Instar o Goberno municipal á instalación de paneis informativos dixitais nas paradas de buses e abordar, dentro da reorganización das liñas de autobuses, a mellora nos tempos e frecuencias das liñas, 1A, 22 e 20, así como a establecer algunha parada nova entre Palavea-Eirís-Pedralonga.

6. Instar al Gobierno municipal a la instalación de paneles informativos digitales en las paradas de buses y abordar, dentro de la reorganización de las líneas de autobuses, la mejora en los tiempos y frecuencias de las líneas, 1A, 22 y 20, así como a establecer alguna parada nueva entre Palavea-Eirís-Pedralonga.

7. Dar cumprimento aos puntos incluídos na moción sobre os problemas existentes nos bloques de vivendas Epamar, aprobada no Pleno ordinario de

7. Dar cumplimiento a los puntos incluidos en la moción sobre los problemas existentes en los bloques de viviendas Epamar, aprobada en el Pleno

xullo de 2020.

8. Instar o SAREB a resolver coa máxima celeridade a situación xurídica das vivendas Epamar, co fin de poder integrar as mesmas no parque de vivenda social de EMVSA.

9. Instar o Goberno municipal a atender a demanda formulada no marco do "Pacto social por una Coruña libre de violencias machistas", de proceder á adaptación das zonas do barrio que ofrecen máis inseguridade, polo seu trazado e deficiente alumeamento e nomeadamente a mellorar a iluminación no entorno do Alcampo e do Centro Cívico. Así como a solicitarlle aos responsables do Alcampo a poda das tuias do lateral do centro comercial que pola noite convirten ese tramo nun pasadizo moi inseguro obrigando á veciñanza a transitar pola estrada para evitalo.

10. Instar o Goberno municipal a que traslade ás empresas telefónicas o precario estado no que se atopa o cableado da luz no exterior de varios edificios en Palavea Vella, co obxecto de que adopten as medidas pertinentes.

Presidencia

Se lles parece, son as seis e media, temos que facer unha pausa para ventilar o Salón, non vai exceder de dez minutos, dez minutos para ventilar.

Ás dezaoito horas e vinte e oito minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás dezaoito horas e corenta e nove minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra.

Presidencia

ordinario de julio de 2020.

8. Instar al SAREB a resolver con la máxima celeridad a situación jurídica de las viviendas Epamar, con el fin de poder integrar las mismas en el parque de vivienda social de EMVSA.

9. Instar al Gobierno municipal a atender la demanda formulada en el marco del "Pacto social por una Coruña libre de violencias machistas", de proceder a la adaptación de las zonas del barrio que ofrecen más inseguridad, por su trazado y deficiente iluminación y especialmente a mejorar la iluminación en el entorno del Alcampo y del Centro Cívico. Así como a solicitarle a los responsables del Alcampo la poda de las tuyas del lateral del centro comercial que por la noche convierten ese tramo en un pasadizo muy inseguro obligando al vecindario a transitar por la carretera para evitarlo.

10. Instar al Gobierno municipal a que traslade a las empresas telefónicas el precario estado en el que se encuentra el cableado de la luz en el exterior de varios edificios en Palavea Vella, con el objeto de que adopten las medidas pertinentes.

Presidencia

Si les parece, son las seis y media, tenemos que hacer una pausa para ventilar el Salón, no va a exceder de diez minutos, diez minutos para ventilar.

A las dieciocho horas y veintiocho minutos a Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se reanuda a las dieciocho horas y cuarenta y nueve minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra.

Presidencia

Ben, retomamos a sesión coas dúas mocións que quedan do Partido Popular, moción sobre o Agra do Orzán. Hai dúas emendas, unha de substitución da Marea Atlántica e outra de substitución do PSOE que xa está transaccionada e incorporada á moción.

Bien, retomamos la sesión con las dos mociones que quedan del Partido Popular, moción sobre el Agra del Orzán. Hay dos enmiendas, una de sustitución de la Marea Atlántica y otra de sustitución del PSOE que ya está transaccionada e incorporada a la moción.

Ten a palabra polo Grupo Popular o señor García, si.

Tiene la palabra por el Grupo Popular el señor García, sí.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)

MOCIONES PRESENTADAS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)

Segunda. Moción sobre o Agra do Orzán.

Segunda. Moción sobre el Agra del Orzán.

Sobre esta moción os Grupos Municipais da Marea Atlántica e do Partido Socialista presentan sendas mocións de substitución.

Sobre esta moción los Grupos Municipales de Marea Atlántica y del Partido Socialista presentan sendas mociones de sustitución.

Señor García Fernández

Boas tardes a todos. En primeiro lugar dar a benvida ao meu amigo Carlos Varela, gran profesional do sector educativo e gran coñecedor da educación, non só en Coruña, senón na provincia e en Galicia.

Tamén non quería hoxe lembrar, como dixo a miña compañeira Naza, pois hoxe é o día contra o cancro, día mundial e, bo, un abrazo a todos aqueles que loitan cada día e aqueles que non están connosco e que por… directa ou indirectamente tamén o sufrimos algún de nós.

Ben, a moción creo que é bastante explícita, non? Din que non hai dous sen tres e hoxe neste pleno non son tres, son catro, cinco e seis mocións presentadas de maneira consecutiva onde a oposición insta a atender e a coidar os barrios. Demasiado

Señor García Fernández

Buenas tardes a todos. En primer lugar dar la bienvenida a mi amigo Carlos Varela, gran profesional del sector educativo y gran conocedor de la educación, no solo en Coruña, sino en la provincia y en Galicia.

También no quería hoy recordar, como dijo mi compañera Naza, pues hoy es el día contra el cáncer, día mundial y, bueno, un abrazo a todos aquellos que luchan cada día y aquellos que no están con nosotros y que por… directa o indirectamente también lo hemos sufrido alguno de nosotros.

Bien, la moción creo que es bastante explícita, ¿no? Dicen que no hay dos sin tres y hoy en este pleno no son tres, son cuatro, cinco y seis mociones presentadas de manera consecutiva en donde la oposición insta a atender y a cuidar los barrios. Demasiado desequilibrio en los

desequilibrio nos barrios coruñeses, señores do Goberno.

barrios coruñeses, señores del Gobierno.

A alcaldesa, está claro, señora Sobral e señora Martínez, que xa non aposta polo deporte, senón tampouco xa non aposta nin polos barrios, pouco agarimo tenlles.

La alcaldesa, está claro, señora Sobral y señora Martínez, que ya no apuesta por el deporte, sino tampoco ya no apuesta ni por los barrios, poco cariño les tiene.

Algo funciona mal, algo funciona mal cando existen tantas iniciativas sobre o descoido da xestión municipal. E estará comigo que non é malo o recoñecer que cando algo funciona mal, porque non se executou o prometido ós coruñeses, é bo recoñecer a mala xestión, é bo e é san esa autocrítica. Como ben dicía o meu compañeiro Roberto Rodríguez, señor Lage, isto é xestión e é o que lles falla a vostedes.

Algo funciona mal, algo funciona mal cuando existen tantas iniciativas sobre el descuido de la gestión municipal. Y estará conmigo que no es malo el reconocer que cuando algo funciona mal, porque no se ha ejecutado lo prometido a los coruñeses, es bueno reconocer la mala gestión, es bueno y es sano esa autocrítica. Como bien decía mi compañero Roberto Rodríguez, señor Lage, esto es gestión y es lo que les falla a ustedes.

Como coruñés síntome honrado de defender os intereses dos barrios coruñeses e dos veciños dos coruñeses. Si, insisto, dos barrios, porque para iso temos un proxecto denominado barrio, Coruña é barrio, que foi o máis votado nas últimas eleccións municipais.

Como coruñés me siento honrado de defender los intereses de los barrios coruñeses y de los vecinos de los coruñeses. Sí, insisto, de los barrios, porque para eso tenemos un proyecto denominado barrio, Coruña es barrio, que fue el más votado en las últimas elecciones municipales.

Señora Sobral, non basta con ir visitar. Só faltaría con dedicación exclusiva que fose visitar ás asociacións. Isto sabe por que pasa? Porque vostedes non fixeron un diagnóstico hai dous anos, co cal non teñen ningunha toma de decisións e todas aquelas que fan fanas dunha maneira improvisada.

Señora Sobral, no basta con ir a visitar. Solo faltaría con dedicación exclusiva que fuera a visitar a las asociaciones. ¿Esto sabe por qué pasa? Porque ustedes no han hecho un diagnóstico hace dos años, con lo cual no tienen ninguna toma de decisiones y todas aquellas que hacen las hacen de una manera improvisada.

Esta moción encaixa perfectamente nas competencias que lles atribúe a Lei de Bases do Réxime Local a todo concello. É sinxelo de explicar. O único que reclamamos é mellorar a xestión directa entre os cidadáns e a alcaldesa, entre o Concello e os comerciantes de calquera barrio, entre o Concello e os

Esta moción encaja perfectamente en las competencias que les atribuye la Ley de Bases del Régimen Local a todo ayuntamiento. Es sencillo de explicar. Lo único que reclamamos es mejorar la gestión directa entre los ciudadanos y la alcaldesa, entre el Concello y los comerciantes de cualquier barrio, entre el

centros educativos, entre o Concello e os que pasean polo barrio, entre o Concello e o que compra unha barra de pan e aquel que vende a súa froita ou a súa roupa.

Concello y los centros educativos, entre el Concello y los que pasean por el barrio, entre el Concello y el que compra una barra de pan y aquel que vende su fruta o su ropa.

Todo o que ocorre nun barrio ten incidencia nas familias que o viven, nos que se levantan ás seis da mañá para ir traballar, naqueles que o pasea, en todos aqueles que gozan do seu barrio, na limpeza das beirarrúas, no mantemento do pavimento, o mantemento das zonas verdes, a mellora da iluminación pública, ter espazos de lecer, sitio para poder aparcar, dispoñer de liñas de bus adecuadas, sensacións de seguridade cando abren e pechan os seus comercios, ou cando pasean todos ese barrio. É o que día a día viven os nosos veciños e é o que vén explicar hoxe esta moción.

Todo lo que ocurre en un barrio tiene incidencia en las familias que lo viven, en los que se levantan a las seis de la mañana para ir a trabajar, en aquellos que lo pasea, en todos aquellos que disfrutan de su barrio, en la limpieza de las aceras, en el mantenimiento del pavimento, el mantenimiento de las zonas verdes, la mejora de la iluminación pública, tener espacios de ocio, sitio para poder aparcar, disponer de líneas de bus adecuadas, sensaciones de seguridad cuando abren y cierran sus comercios, o cuando pasean todos ese barrio. Es lo que día a día viven nuestros vecinos y es lo que viene a explicar hoy esta moción.

Esta moción define a falta de proxecto de cidade, unha falta de desconfianza por parte do tecido asociativo. Non é que cheguen vostedes tarde, é que non chegan. Ese é unha prioridade, señor Lage, iso si que é unha prioridade.

Esta moción define la falta de proyecto de ciudad, una falta de desconfianza por parte del tejido asociativo. No es que lleguen ustedes tarde, es que no llegan. Ese es una prioridad, señor Lage, eso sí que es una prioridad.

Vou facer unha pregunta retórica: cantas Concellerías e cantas Áreas teñen? Dispoñen de 24 áreas de traballo a repartir en 9 concelleiros, sendo 10 os concelleiros, por certo, porque teñen a un gran colega apartada de toda actividade municipal. Coa que está a caer en Coruña este goberno de Instagram permítese o luxo de prescindir do traballo dunha concelleira do seu propio partido? Cal é a consecuencia? Temos un goberno ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)*** *que se caracteriza por nin unha mala palabra, como a señora Sobral, pero nin unha boa acción.*

Voy a hacer una pregunta retórica: ¿cuántas Concejalías y cuántas Áreas tienen? Disponen de 24 áreas de trabajo a repartir en 9 concejales, siendo 10 los concejales, por cierto, porque tienen a un gran colega apartado de toda actividad municipal. Con la que está cayendo en Coruña ¿este gobierno de Instagram se permite el lujo de prescindir del trabajo de una concejala de su propio partido? ¿Cuál es la consecuencia? Tenemos un gobierno **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** que se caracteriza por ni una mala palabra, como la señora Sobral, pero ni una buena acción.

Todo isto obedece a unha falta de luces longas, de proxecto, e de non ter un

Todo esto obedece a una falta de luces largas, de proyecto, y de no tener un plan

plan de futuro. A planificación non aparece dentro do seu vocabulario. Iso si, o diálogo téñeno sempre na boca, pero os veciños e o tecido social non é parvo, e como poden observar, cánsase, cánsanse por aburrimento.

Non é tempo de reproches nin de botar a vista atrás, como algúns falan de moitos alcaldes, é tempo do seu goberno, do que están a facer agora ***(óense dous sinais acústicos indicativas da finalización do tempo de intervención)****. Teñen que mirar cara adiante, de xestionar con responsabilidade. É tempo de pedir un cambio de política municipal, que xa van dous anos, de ter un coñecemento territorial e de responsabilidade social tamén.*

Con esta moción, señora alcaldesa, o que solicitamos a este goberno é unha xestión máis eficaz e máis xusta. Máis reequilibrio territorial para que non existan diferenzas entre os nosos veciños coruñeses.

Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor García.

Señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

No Pleno do mes de xaneiro expoñía, en referencia á moción presentada polo Partido Popular sobre o barrio dos Mallos, que a pesar de que o corpo da moción non nos facía sentir cómodas, ante a proposta de que o Grupo Municipal e a alcaldesa se reunisen cos representantes de veciños e comerciantes do barrio, non podiamos facer outra cousa que votar a favor.

de futuro. La planificación no aparece dentro de su vocabulario. Eso sí, el diálogo lo tienen siempre en la boca, pero los vecinos y el tejido social no es tonto, y como pueden observar, se cansa, se cansan por aburrimiento.

No es tiempo de reproches ni de echar la vista atrás, como algunos hablan de muchos alcaldes, es tiempo de su gobierno, de lo que están haciendo ahora **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)**. Tienen que mirar hacia delante, de gestionar con responsabilidad. Es tiempo de pedir un cambio de política municipal, que ya van dos años, de tener un conocimiento territorial y de responsabilidad social también.

Con esta moción, señora alcaldesa, lo que solicitamos a este gobierno es una gestión más eficaz y más justa. Más reequilibrio territorial para que no existan diferencias entre nuestros vecinos coruñeses.

Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor García.

Señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

En el Pleno del mes de enero exponía, en referencia a la moción presentada por el Partido Popular sobre el barrio de Os Mallos, que a pesar de que el cuerpo de la moción no nos hacía sentir cómodas, ante la propuesta de que el Grupo Municipal y la alcaldesa se reunieran con los representantes de vecinos y comerciantes del barrio, no podíamos hacer otra cosa que votar a favor. Hoy

Hoxe agradeceriamos que ese houbese sido o acordo proposto, porque o noso voto sería a favor, sen ningunha duda, pero non é así. A realidade é que o PP volve a presentar sobre os barrios, non unha realidade en si misma coa que eu e o meu Partido podamos identificarnos, senón esa maneira de estigmatizar e criminalizar que carece de vontade real cara á cidadanía, unha línea de moción que esperamos non perdure moito no tempo.

agradeceríamos que ese hubiera sido el acuerdo propuesto, porque nuestro voto sería a favor, sin ninguna duda, pero no es así. La realidad es que el PP vuelve a presentar sobre los barrios, no una realidad en sí misma con la que yo y mi Partido podamos identificarnos, sino esa manera de estigmatizar y criminalizar que carece de voluntad real hacia la ciudadanía, una línea de moción que esperamos no perdure mucho en el tiempo.

Compartimos a preocupación en canto á petición de mellora, coidado e mantemento dos barrios, adecuada mobilidade peonil e rodada, limpeza, seguridade, iluminación, o dereito a un espazo libre de esparexemento. Son necesidades indiscutibles entre moitas outras, pero defendemos, desde unha postura que non nos conduza a un discurso baseado no alarmismo —xa o dixen en xaneiro— nin na demagoxia. Necesítanse políticas de coidados, e non so nos barrios, senón tamén na súas xentes: dereito á vivenda, inserción social, atención social, lecer saudable, comercio local, etcétera.

